

RAMÓN CABANILLAS, MANUEL ANTONIO  
E O MAR DA AROUSA

DÚAS SINGRADURAS NA CONSTRUCCIÓN  
DUN IDIOMA PARA UNHA PATRIA

REAL ACADEMIA GALEGA

O solemne acto académico no que foron lidos os dous discursos recolleitos  
no presente volume celebrouse no Salón de Actos do Instituto de Ensinanza Secundaria  
“Ramón Cabanillas” de Cambados.

RAMÓN CABANILLAS,  
MANUEL ANTONIO  
E O MAR DA AROUSA

DÚAS SINGRADURAS NA CONSTRUCCIÓN  
DUN IDIOMA PARA UNHA PATRIA

DISCURSO LIDO O DÍA 25 DE SETEMBRO  
DE 1999, NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN,  
POLO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

FRANCISCO FERNÁNDEZ REI

E RESPONDA DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON  
ANTÓN SANTAMARINA FERNÁNDEZ

I.S.B.N.: 84-87987-18-4

Depósito Legal: VG-708-1999

© REAL ACADEMIA GALEGA, 1999

Producción: Editorial Galaxia, S. A.

Impresión: Obradoiro Gráfico, S. L., Polígono Industrial do Rebullón, 52 D (Puxeiros) - MOS



A CORUÑA  
1999

DISCURSO  
DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR  
DON FRANCISCO FERNÁNDEZ REI

¿Qué ten  
o mar da Arousa  
meu ben?

Antre os Mesos e máis Rúa,  
con noite pecha ou con lúa,

en calquera das mareas,  
hai un runxir de cadeas.

Aló enriba na Curota  
hai sempre unha néboa morta.

Eiquí en baixo o pé da amura,  
xa non hai máis que tristura.

M. Lueiro Rey, *Escolma ferida*, 1977

Daquela foi cando o patrón da lancha xeiteira  
ordenoulle aos homes ciar todo de couso,  
pero isto é unha estoria de arroaces insomnes  
que inda non foi contada nas tabernas de Cangas

Entrementres  
tatexan as paipas co ademán políglota das bandeiras

\* \* \*

Visítame Arousa, paúlo,  
Deixa que che meta os dedos na boca, señora miña Arousa.  
Un peirao na Barbanza que se chama Pondal.  
E cabernas de arca, e cabernas de couso.

X. L. Méndez Ferrín, *Estirpe*, 1994

Excelentísimo Señor Presidente da Real Academia Galega, señoras e señores académicos:

O 15 de marzo de 1997 tiven a fortuna de que vostedes me elixisen membro numerario desta Real Academia fundada por ilustres galeguistas como o historiador Murguía, o poeta Pondal, o xornalista Lamas Carvajal e o poeta e lexicógrafo Eladio Rodríguez; e na que tiveron cadeira escritores e ensaístas tan relevantes como Montenegro Saavedra —que en 1909 leu o primeiro discurso en galego no acto de entrada nesta institución—, Cabanillas, Castelao, os irmáns Villar Ponte, Otero Pedrayo, Risco, Dieste, Paz Andrade, Carballo Calero, Iglesia Alvariño, Fole, Cunqueiro, Lorenzo Fernández e Piñeiro, entre outros, que desde ámbitos moi diferentes contribuíron á elaboración da lingua galega moderna e de xeito moi especial á dignificación de Galicia e de nosoutros os galegos.

Formar parte dunha corporación inspirada por Curros, un dos membros de honra máis ilustres da RAG, e por aqueles galeguistas de La Habana como Fontenla Leal, que desde Cuba promoveron que en Galicia se crease unha Academia Galega para redactar unha gramática e un diccionario do idioma, é unha grandísima honra, a maior que se lle pode outorgar a unha persoa coma min que leva moitos anos da súa vida dedicada á investigación do galego e contribuíndo asemade, na medida das súas modestas posibilidades, á dignificación do principal signo de identidade deste *Finisterrae* románico. Moitas grazas ós señores académicos que me propuxeron, por veren en min méritos para ocupar unha cadeira en tan digno lugar; e tamén, moitas grazas a tódolos que posteriormente me elixiron. A todos eles espero non defraudar nos traballos que esta digna institución no seu día me asigne.

Comezo a miña singradura nunha Academia que moita xente arela que sexa a máxima institución cultural de Galicia, independente de calquera poder político, dinamizadora da constante e interminable tarefa de codificación e de modernización da lingua galega. E esa mesma xente tamén

arela desta Academia un inequívoco compromiso coa dignificación e coa plena restauración social do idioma nacional de Galicia, seguindo a estela e o ronsel de todos aqueles que en tempos difíciles se mantiveron fieis na defensa da lingua e de Galicia.

### I. LAUDATIO DE DON XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

Cábeme a honra de ocupa-la cadeira do profesor don Xosé Filgueira Valverde, o ilustre polígrafo nado en Pontevedra en 1906 e finado en 1996 na mesma vila onde as augas do Lérez se misturan coas salgadas augas da ría que os mariñeiros arousáns chaman ría de Marín.

A primeira vez que vin o nome de Filgueira debeu ser ós dez anos, ó ter que estudar Lingua Española nun manual que el redactara, e do que logo tiña que me examinar como alumno libre no Instituto de Bacharelato “Sánchez Cantón” de Pontevedra, do que el era profesor, pois a comezos dos anos 60 moitos estudantes de Cambados tiñamos que desprazarnos uns días de xuño á capital da provincia por non termos aínda este Instituto “Ramón Cabanillas” onde agora nos atopamos. Pero realmente o meu primeiro coñecemento da valía científica deste ilustre pontevedrés veume da man do profesor Carballo Calero, cando nas clases de lingua galega na Universidade de Santiago de Compostela falaba do *Vocabulario galego do bacharel Olea*, que Filgueira Valverde descubrira en 1935 e que publicara en 1947, un breve texto do século XVI que adiantaba en dúas centurias o comezo da lexicografía galega, xa que antes dese achado considerábase que Sarmiento e Sobreira foran os pioneiros nese eido. E sobre todo souben da súa valía como investigador cando o mesmo Carballo nas clases de literatura medieval citaba con frecuencia a Filgueira, e de xeito especial o seu traballo sobre “Lírica medieval gallega y portuguesa” de 1949, publicado no primeiro volume da *Historia general de las literaturas hispánicas*, referencia obrigada durante moitos anos para o interesado na nosa poesía medieval.

Téño saudado moitas veces no Instituto da Lingua Galega cando el viña ás reunións do Patronato desta institución en representación do Instituto Padre Sarmiento, ou cando asistía, na sede tamén do ILG, ás reunións do plenario da Comisión de Toponimia. E precisamente por un tema relacionado coa toponimia galega, coido que foi a primeira vez que en realidade tiveron contacto con el, fóra do simple saúdo. Foi a comezos dos 80, cando eu acompañara a Antón Santamarina á sede do Instituto Xeográfico Nacional en Madrid, onde Antón quedara con Filgueira para estudiaren cos responsa-

bles dese Instituto Xeográfico a posible galeguización dos mapas 1/25.000 correspondentes a Galicia e ás comarcas estremeiras de lingua galega, obxectivo que está a punto de cumprirse totalmente nestes momentos.

Outra vez que lembro ter conversado co meu ilustre predecesor foi o 7 de xullo de 1990 cando el, en calidade de Presidente do Consello da Cultura Galega, viñera a Vilafranca do Bierzo á clausura do Simposio de Antropoloxía *Nos lindeiros da galegitude* organizado polo Consello. Eu fora falar da situación lingüística do galego na Terra Navia-Eo, no Bierzo e nas Portelas e asemade presentar unha proposta redactada por Xoán Babarro e por Antón Santamarina relativa á implantación do galego nesas comarcas por parte do MEC, proposta que uns meses despois asumiu o Plenario do Consello da Cultura. Na sobremesa do xantar de clausura do devandito Simposio, Filgueira abraíounos a todos cun discurso, sen papel ningún, falándonos da obra do padre Sarmiento, que tan ben coñecía; e a min persoalmente marbillárame a defensa que alí fixera da galegitude daquela parte da “Galicia irredenta”, tal como lle chamaban os vellos galeguistas. Fora tal o entusiasmo que puxera ó falarnos de Sarmiento, que eu mesmo esquecera completamente que o xantar consistira, fundamentalmente, nun cocido berciano a base de botelo, excelente sen dúbida, pero non para o mes de xullo, un día da abafante calor típica de verán dese foxo que é O Bierzo.

Non é nada doado facer unha semblanza e gabanza dun home que traballou durante tantos anos en moi variados eidos da cultura, na investigación filolóxica e na creación literaria (lémbrese a amable prosa poética dos contos de *Quintana viva* de 1971), na arqueoloxía e na historia, na música e nas belas artes, á vez que impulsou institucións e publicacións varias nas que a defensa de Galicia e da súa cultura sempre era o norte. Foi un dos fundadores en 1923 do Seminario de Estudos Galegos (e quen lle deu o nome a este Seminario) e tamén un dos fundadores e un dos primeiros secretarios do Partido Galeguista, e en 1931 converteuse no primeiro profesor de lingua e literatura galega na Universidade compostelá. Dirixiu entre 1942 e 1986 o modélico Museo de Pontevedra e dirixiu con Sánchez Cantón a primeira colección en galego da posguerra, a Biblioteca de Galicia da Editorial Bibliófilos Gallegos, que tivo nos *Camiños no tempo* (1949) de Cabanillas o seu agromar, e que logo editaría, entre outras obras, *A xente na barreira* (1951) de Carballo Calero e *Versos de alleas terras e de tempos idos* (1955), tamén de Cabanillas, e que reeditaría en 1953 as tres novelas históricas de López Ferreiro.

Como sinalou Camino Noia na conferencia (inédita) “Filgueira Valverde e os seus traballos literarios”, xa desde moi novo, na etapa de inicia-

ción investigadora no Seminario de Estudos Galegos, preocupouse de investigar a lírica galega medieval, á que lle dedicou unha especial atención durante toda a súa vida. O seu primeiro traballo ó respecto foi “A paisaxe no Cancioneiro da Vaticana”, que leu o 25 de outubro de 1925 no devandito Seminario. Cando comezou a colaborar na revista *Nós* fíxoo con artigos sobre a lírica medieval, un sobre as fontes e derivacións da cantiga CIII de Afonso X na lenda de “San Ero da Armenteira” (1925) e outro verbo “Dos primeiros monumentos do galego-portugués” (1927), que dalgún xeito son un anticipo da súa tese de doutoramento *La noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval*, lida en Madrid en 1935 e publicada un ano despois en Santiago. E cando o 27 de xullo de 1941 entrou nesta Real Academia fíxoo co discurso *Da épica na Galicia medieval*, no que disertou sobre a épica dos Cancioneiros e da presenza de Compostela nas lendas carolinxias, discurso ó que lle contestou Otero Pedrayo.

En 1963 empezou a ocuparse de temas de literatura moderna coa publicación dos “Escritos no coleccionados de Rosalía de Castro. *Unha boda n'aldea*”, poema narrativo editado o ano do centenario dos *Cantares gallegos*. Logo ocupárase de autores tan diferentes como Castelao e Pedrayo, Risco e Celso Emilio, Cunqueiro e Cabanillas; sobre este publicou os artigos “Dos poemas rosalianos de Ramón Cabanillas” (1967) e “Cabanillas, poeta simbolista” (1976). E mesmo analizou a escasa poesía en galego do autor da *Lucas de bohemia*, arousán el, no traballo “Las ‘jarchas’ gallegas de Valle Inclán” (1966).

No campo da filoloxía, na sección de lingua do Seminario de Estudos Galegos, elaborou un *Vocabulario popular galego-castelán* con Tobío, Magariños e Cordal Carús, que se publicou en 1926, o mesmo ano en que empeza a esculcar sobre o padre Sarmiento co artigo “O Padre Sarmiento e o ensino en galego”, tema no que nunca deixou de traballar. Dictou conferencias e publicou varios artigos sobre a situación social do galego no medioevo e na actualidade, entre os que cómpre salientar “La resurrección d'une langue: le galicien d'hier à aujourd'hui” (1988).

Ademais, ocupouse de temas relacionados coa historia de Pontevedra, que no século XVI era a vila máis poboada de Galicia. Disto é boa proba o seu libro *Archivo de mareantes* (1946), onde Filgueira pretende evocar como era o arrabalde da Moureira e o vello gremio pontevedrés dos mareantes “valéndose principalmente de documentación de arquivo e de tradicións e restos materiais, pero tamén fai un esforzo para amosar que a vinculación de Pontevedra ó mar non desapareceu de todo no presente século, malia a perda de capacidade portuaria por razóns naturais e culturais”, tal como sinalou Gon-

zález Reboredo (1998: 21) no Simposio de Antropoloxía Mariñeira *Galicia un reencontro co mar*, dedicado á memoria de Filgueira Valverde e celebrado en Pontevedra e mais na illa de Ons en xullo de 1997.

Sería prolixo seguir citando outros campos e publicacións do ilustre polígrafo. A persoa interesada pode consulta-los tomos dos *Cuadernos de Estudios Gallegos* e, sobre todo, os seus *Adrais* e o libro *Ó doutor Filgueira Valverde nos seus noventa anos (1906-1996) Bibliografía-Traballos-Eloxios*<sup>1</sup>. Cando en 1995 foi nomeado Galego Egrexio pola Fundación dos Premios da Crítica, o académico Ferro Ruibal, encargado da louvanza da súa figura, dixo que Filgueira fora “un ilustrado político máis ca un político ilustrado”, e que entre libros e folletos publicara “máis de trescentos títulos, máis de mil artigos en xornais e revistas e máis de 1.600 conferencias”, o que dá, segundo Ferro, un promedio de tres libros, trece artigos e vinteunha conferencias por ano.

Remato xa a miña gabanza indicando que unha das súas paixóns era a música, tanto a popular como a culta. En 1942 Filgueira publicou o *Cancioneiro musical de Galicia. Colección de la Sociedad Arqueológica reunida por don Casto Sampedro Folgar. Reconstitución, introducción y notas bibliográficas*, o primeiro gran cantigueiro musical galego, onde figura material recollido entre 1884 e 1914 polo musicólogo redondelán Casto Sampedro, que fora o primeiro director do Museo de Pontevedra. E sen a mediación de Filgueira posiblemente a Fundación Barrié non lle concedería á etnomusicóloga suíza Dorothe Schubarth a bolsa que lle permitiu percorrer Galicia e as comarcas estremeiras para recolle-lo material do monumental *Cancioneiro popular galego* (1984-95), que editou en colaboración con Antón Santamarina. Trátase dun cantigueiro sen parangón nos outros dominios lingüísticos ibéricos, dun valor documental inestimable tanto no musical coma no lingüístico.

## II. XUSTIFICACIÓN E LIMAR DO DISCURSO

1. A miña singradura como investigador comezou en 1973 cun traballo de campo para estudar a lingua e a cultura mariñeira dun porto do Cantábrico, o de Cariño (daquela parroquia do concello de Santa Marta de Ortigueira), presentado o ano seguinte como memoria de licenciatura na Uni-

1. A edición desde libro preparouna M<sup>a</sup> Jesús Fortes Alén e editouna a Caixa de Aforros de Pontevedra (Pontevedra, 1996). Nesta obra está catalogado todo canto escribiu Filgueira ata 1996.

versidade de Santiago de Compostela. Esta pescuda sobre a lingua da Galicia mariñeira, foi o comezo da miña colaboración ininterrompida ata a actualidade co Instituto da Lingua Galega, especialmente despois de que o daquela director do ILG Constantino García, que andaba esmoendo xunto con Antón Santamarina na confección dun atlas do dominio galego, me invitase a formar parte dun equipo que tiña que percorrer toda a Galicia administrativa e mailas comarcas limítrofes de fala e cultura galega co fin de facer inquéritos e gravacións para un atlas lingüístico.

A comezos dos 70 o galego era un idioma que non rezaba na ciencia romanística. Nos diferentes manuais universitarios practicamente a única referencia á nosa lingua era para situala entre os dialectos do portugués, seguindo o ronsel do que Meyer-Lübke dixera a finais do século XIX, e nalgún caso para situarnos como dialecto español, por motivos culturais e non lingüísticos. O descoñecemento da tipoloxía lingüística dese suposto dialecto era case total. Nun manual serio e documentado de 1960, redactado polo inglés Elcock, as referencias ó galego reducíanse practicamente ó feito de termos unha palabra de orixe sueva, a *laverca*, e a que o galego antigo dexenerara ó estatus de *patois*, que, segundo ese romanista, aínda tiña moitos falantes e cultivábano literariamente *local enthusiasts*. Nas clases de Filoloxía Románica de Constantino García puideron apreciar que o galego si existía, aínda que non estivese nos manuais; e sobre todo, aprendín deste profesor de orixe asturiana que co material da humilde e descoñecida lingua galega tamén se podía facer ciencia de modo tan digno como con calquera das outras linguas románicas. Por iso, cando o “carbación” don Constantino me ofreceu formar parte dun equipo dun atlas da lingua galega, a pesar da responsabilidade que supuña, aceptei gustoso.

Non eran os anos 1974, 1975 e 1976 bos momentos para percorrer aldeas e vilas facendo inquéritos sobre unha lingua totalmente desprestixiada para as mesmas persoas que nos ían servir de informantes, e máis aínda cando o franquismo estaba na súa fase final e o control que exercían as forzas de seguridade sobre calquera viandante era grande, e sobre todo se un mostraba publicamente interese polo proscrito idioma galego, aínda que só fose andar a recoller nomes de árbores e de peixes ou pescudar se nun sitio se falaba con gheada ou con seseo. Daquela en Portugal caera o fascismo o 25 de abril de 1974, polo que o franquismo parecía nervioso, temeroso de que o virus democrático da outra beira do Miño pasase ó estado español. Isto puidémolo observar, e mesmo sufrir, en diversos momentos os investigadores do *Atlas* —Rosario Álvarez, Manuel González e eu— no diario traballo de campo; e non só ó andarmos polas terras arraianas

con Portugal, senón tamén polo interior de Galicia. O ano 1975, e en especial o verán, foi dramático pola represión exercida sobre nacionalistas galegos e sobre moita xente galega progresista.

Percorrer toda a Galicia administrativa e maila terra irmá que vai da Serra do Rañadoiro ó Penedo dos Tres Reinos —unha terra “longa como unha cobra”, en palabras de Méndez Ferrín, “que se confonde con toda Galicia pola lingua e a cultura tradicional e, verticalmente, pola unidade dos *corazois* e de todas as verbas que con eles rimen”— permitíume saber de cousas das que nunca ninguén me falara, pola mesma boca da xente que as padecera ou as estaba a padecer, como os problemas dos pescadores do Baixo Miño da zona de Caldelas de Tui, os conflitos cos encoros ourensáns coma os de Castrelo do Miño e Campobecerros, os problemas coa salvaxe replantación forestal en zonas ourensás e nos montes do Baixo Miño, as repercusións dos cambios políticos nos asteleiros ferroláns na República e no franquismo, a dura vida dos cabaqueiros do Rosal por Castela adiante vivindo de faceren tellas e a vida escrava dos segadores de Lugo soportando camiñatas cun sol infernal pola chaira castelá.

Todo este percorrido permitíume empezar a coñecer unha Galicia da que ignoraba case todo, a Galicia onde o aire pode vir de riba ou de baixo e onde a xiada, a pedra ou a escaseza de auga pode arruinar unha colleita, fronte á Galicia costeira onde me eu criara, con ventos que veñen do norte ou do sur, con lestes duros que traen moita fame e onde o exceso de chuva aportada polos ríos pode estraga-la ceifa marisqueira do outono. Pero sobre todo permitíume coñecer como é o galego oral, pois como era a lingua literaria algo sabía —aínda que non moito— polas lecturas obrigatorias para a materia optativa de Literatura Galega que nas aulas compostelás impartía Carballo Calero. Entre esas lecturas estaba o *De catro a catro* do rianxeiro Manuel Antonio, que acababa de ser editado por García-Sabell, e que en moitos poemas falaba do mar, que para min era un mar raro de máis e bastante incomprendible. E algo ía sabendo por algunha lectura que ía facendo pola miña conta, como a da *Obra completa* do cambadés Ramón Cabanillas, editada en Bos Aires en 1959 ó coidado de Fernández del Riego, un libro a comezos dos 70 semiprohibido polo contido social e reivindicativo de moitos dos seus poemas que, en xeral, érame doado de entender, se cadra porque en moitos dos seus versos recoñecía léxico e lugares que me eran familiares desde a infancia ou porque en moitos dos versos había unha Galicia real ou mitificada da que ninguén me falara.



2. As miñas primeiras publicacións son do ano 1977, unha redactada cos outros membros do equipo do *Atlas Lingüístico Galego*, precisamente para dar a coñecer este proxecto cartográfico e a súa metodoloxía; e outra asinada só por min, consistente nunhas notas lingüísticas sobre a lingua de Fefiñáns, lugar de nacemento de Ramón Cabanillas, publicadas nun libro homenaxe da Universidade de Santiago ó escritor cambadés co gallo do centenario do nacemento do poeta. Esas notas eran a miña sinxela e modesta contribución á homenaxe ó labor literario e, sobre todo, ó labor patriótico “dun velliño medio enghruñado el, medio delgado, con sombreiro e fifí”, tal como o lembraba meu pai. Un velliño a quen eu non coñecera en vida, aínda que poida que algunha vez o vise pasar pola rúa das Rodas abaixo camiño da ribeira, percorrido que seica ten feito moitas veces para ir montar nun bote do seu amigo o médico republicano Sarmiento, atracado no vello peirao de Fefiñáns; pero si lembraba perfectamente o día do seu enterro, cando indo eu para sete anos e andando con outros nenos a xogar coas follas outonizas das árbores da Calzada que Cabanillas cantara, tiveramos que deixar de enredar unha chea de tempo porque pasaba, cara a Fefiñáns, un enterro cun mundo de xente. Nunca eu de neno tantas persoas xuntas vira.

Moitos meses despois dei outra vez con Cabanillas, cando un véspera do día de Defuntos vin que no cemiterio de Fefiñáns, pegadiño mesmo a carón da campa dun meu irmán, había un panteón onde me chamara a atención, non o nome da persoa alí enterrada, porque non sabía quen era, pero si un pequeno texto no que había unha palabra que me intrigaba. Eran as *aas*<sup>2</sup> do segundo terceto do soneto “Encomenda” que lle fai o poeta á súa muller, que figura nas páxinas iniciais de *Vento mareiro*:

*Quero na lousa que me dé sosego  
esta palabra que ten luz: Gallego  
e esta palabra que ten aas: Poeta.*

Non sei se daquela sabía qué era unha *lousa* ou qué era iso do *sosego* daquel panteón, pero creo poder asegurar que ese terceto foron as primeiras palabras en galego que lin na miña vida, polo menos as que eu lembro ter lido. E cada vez que por defuntos ía levarlle outro ramiño de flores a meu irmán, alí estaban aquelas *aas*. Uns anos despois souben que daquel

2. No epitafio do cemiterio de Fefiñáns lese *aas*. Na primeira edición de *Vento mareiro* (1915) Cabanillas escribe *ás*, que corríxe en *as* na edición de 1921 da mesma obra.

modesto panteón levaran para Santiago a Cabanillas, que seica estaba nun gran panteón con outros galegos ilustres nun convento que fora dos dominicos; e cando pouco antes de entrar na Universidade, cando con só dezaseis anos quixen coñecer ese panteón, que inxenuamente coidaba cheo de moitos galegos ilustres, a miña desilusión foi ben grande ó ver que só eran catro os que alí estaban: estaba Rosalía de Castro, que sabía dela desque lera algúns versos seus en libros de bacharelato de Filgueira Valverde; estaban Asorey e Cabanillas, que tiñan dedicada cadansúa praza, o escultor en Fefiñáns onde hoxe é a praza das Rodas, o poeta en Cambados, e precisamente nesas prazas estaban unha escola e unha academia onde eu estudiara; e o cuarto era un tal Alfredo Brañas, que non coñecía quen era, pero sabía do seu nome porque en Cambados tamén había unha praza chamada dese xeito, praza á que de neno acudía na mañá do Venres Santo para asistir á representación do *Santo Encontro* e posterior procesión ata a igrexa de San Bieito na praza do Mercado.

Magoárame ver nese momento que en Galicia houbera tan pouca xente ilustre; pero máis me magoara o feito de que ó pobre de Cabanillas o tivesen enterrado no chan, na friaxe dun edificio daquela escuro e coa pedra toda chea de humidade e de verdín, que é como se chama o verdello en Cambados. Non o volví visitar ata que veu Castelao para San Domingos, o mesmo Castelao que os mariñeiros de Rianxo xa en Lavacolla querían que fose para onde realmente debería ir, para a súa vila natal na ribeira do Mar da Arousa. Agora xa non había humidade nin verdello na igrexa do panteón, integrada no Museo do Pobo Galego; pero Cabanillas seguía —e alí segue— no chan, agardando se cadra algún día volver ó seu modesto panteón de Fefiñáns, de onde nunca se debeu deixar que o sacasen, porque alí está a lousa que lle daba sosego, coa súa *luz* de galego e coas súas *aas* de poeta, malia que as letras do seu epitafio sexan hoxe practicamente ilexibles.

E de seguir no seu cemiterio cambadés, podería na primavera e no verán sentir de novo, contra ó mediodía, o mainiño e garimoso vento mareiro que vén da boca da ría, o que asubía nas candeas dos piñeiros de Tragove; e asemade alí, cando desde o monte Castrove e desde a Armenteira zoa o duro vento terral, o vento do leste tan temido no litoral, quizais podería escoitar aínda os chíos daquel paxariño que seica tivo marabillado durante trescentos anos a Ero Armendáriz, o cabaleiro-monxe, o Santo Ero da Armenteira tan amado por Cabanillas, por Filgueira Valverde e por Valle-Inclán.

3. Neste meu discurso de entrada na Real Academia Galega, que leva por título *Ramón Cabanillas, Manuel Antonio e o Mar da Arousa. Dúas singraduras na construción dun idioma para unha patria*, vou tratar temas que

me preocupan desde hai anos, como o galego oral e os problemas da elaboración dunha lingua galega moderna, centrándome na obra de dous escritores unidos polo Mar da Arousa, un de Cambados e outro de Rianxo.

As dúas vilas natis destes poetas —unha pertencente á comarca do Salnés e a outra á comarca do Barbanza— pode dicirse que están na mesma beira da ría, con relacións desde sempre dos de Rianxo cos mariñeiros e con vilas desta zona do Salnés. Xa o dicía Rodríguez Castelao (1971: 30) na súa conferencia sobre o autor de *Divinas palabras*, ó afirmar que el e Valle eran da mesma beira, a que está fronte ó Barbanza:

Don Ramón, pues, es gallego, como yo; arosano, como yo; y, además, había nacido en la misma orilla en que yo nací, mirando el Barbanza.

Son vilas do costado de leste, para usar termos das xentes do mar, zona que era esencialmente de mariñeiros, que andaban ó mar con artes de enmalle ou que andaban ó rastro e que traballaban nas mesmas postas, fronte ós do costado de noroeste con moitos mariñeiros que andaban á pesca de cordel. O feito de que neste costado se traballase con artes de liña, practicamente descoñecidas no costado de leste da ría, é ben explicable pola diferente orografía mariña das dúas beiras da ría.

Os dous poetas constitúen dúas singraduras artísticas e vitais totalmente diferentes, como máis abaixo se verá, pero lingüisticamente presentan moitas similitudes, ó pertenceren a unha fase enxebriante da lingua literaria<sup>3</sup>. Trátase, sen dúbida ningunha, de dúas figuras fundamentais na modernización e na dignificación do idioma propio de Galicia, á parte do seu papel de renovadores da lírica no seu momento.

4. Para a redacción deste discurso, á parte de material bibliográfico moi diverso, esencialmente de lingüística e de antropoloxía e etnografía mariñeira, foime fundamental o manexo da Base de Datos Lexicográfica que no ILG desde hai anos dirixe Antón Santamarina, que en maio de 1999 contaba con preto de 1.000 obras concordadas e lematizadas e con preto de dez millóns de rexistros<sup>4</sup>. Son textos literarios, ensaísticos e científicos en lingua galega desde os séculos escuros ós nosos días —entre eles case toda a

3. Cf. Fernández Salgado / Monteagudo (1995: 133-40).

4. Quero manifestar o meu agradecemento ó amigo Antón pola súa xenerosidade e pola súa moita paciencia. E así mesmo, o meu agradecemento ós bolseiros que traballan nesa Base de Datos Lexicográfica pola axuda que me prestaron, e de xeito moi especial a Xosé Manuel Pérez Sardiña, pois foi el quen máis me axudou nos meus somorgullos nese inmenso océano de palabras galegas.

obra de Cabanillas, así como a poesía e a correspondencia de Manuel Antonio—, ademais de diversas escolmas de textos orais, a maior parte recollidos *in situ* por investigadores do ILG e moitos deles aínda inéditos.

Para a lingua de Manuel Antonio, e de xeito especial para o galego de Rianxo por el usado, resultoume esencial a axuda proporcionada pola profesora e amiga Carme García Rodríguez, veciña da rúa de Abaixo desa vila, porta con porta coa casa de Castelao e a só uns metros da de Dieste e da de Manuel Antonio, na mesma rúa rianxeira. Ela coñece perfectamente o galego oral dese concello no que leva tempo traballando; e ademais, a devandita profesora é autora dun dos primeiros traballos sobre a poesía mariñeira e a lingua do autor de *De catro a catro*, cun detallado vocabulario do léxico do mar empregado polo poeta rianxeiro (García Rodríguez 1973). Por outra parte, non me era descoñecida a lingua de Rianxo, entre outros motivos, por ter enquisado ese punto para o *ALGa*.

Para a análise da lingua de Cabanillas e para o aproveitamento que el fai do galego de Cambados, partín do meu coñecemento da fala do concello, e en especial da de Fefiñáns, porque me criei entre a xente do mar desa viliña feudal, mariñeira e asemade labrega, e entre eles e os seus fillos, nun ambiente totalmente monolingüe, aprendín a falar. Para saber como era o galego de Cambados dos anos 60 acudín á memoria de licenciatura *Cambados, palabras e coisas*, que en 1966 presentou na Facultade de Letras da Universidade de Lisboa a licenciada Marília Luz Muñoz Bacelar, dous anos antes de que na Universidade de Santiago de Compostela Antón Santamarina defendese a súa memoria sobre o galego oral de S. Martín de Suarna, que foi o modelo de moitos traballos sobre a lingua de parroquias e de concellos galegos, como anos despois o sería a súa tese de doutoramento, non só para o estudio da oralidade senón tamén para diversas investigacións gramaticais.

Muñoz Bacelar, filla de galegos, acudiu desde Lisboa á vila de Cabanillas porque despois de andar a pedir consello a estudiosos do galego, o escritor Álvaro Cunqueiro, que substituíra ó autor de *Vento mareiro* na RAG, lembroulle Cambados, “que lle parecía um lugar ideal para realizar o traballo que pretendia. Logo que me foi possível —di Muñoz Bacelar no limiar— visitei Cambados e a vila atraiu-me pelo seu aspecto senhorial e recatado. Falei com algumas pessoas dali, tentando ver se lingüisticamente servia, e, imediatamente vi que o galego de Cambados era, realmente, muito interessante. Já estava decidido!”

Para entender realmente o léxico rural de Cabanillas prestoume unha impagable axuda o meu amigo Xoán Piñeiro Chantada, que me solucionou moi-

tas cuestións puntuais, ás veces despois de el andar a preguntarlles a labregos de Fefiñáns e da veciña zona da parroquia cambadesa de Santo Adrián de Vilaríño, á que pertencía Fefiñáns cando nacera Cabanillas antes de ser anexionada á actual parroquia de Santa Mariña de Cambados. E para moito léxico común e, sobre todo, para entende-lo mundo do mar de Cabanillas, contei co maxisterio de meus pais, por seren os dous de Fefiñáns como Cabanillas.

Miña nai sabe do salitre do Mar da Arousa, de tanto escabechar e de lañar peixe na ribeira; de estibar, de facer moira e de salgar peixe cos métodos sinxelos e tradicionais que se empregaban nesta comarca *Salinense*, se cadra non moi diferentes do xeito de salgar dos devanceiros da *villa* do veciño Adro Vello, na zona de San Vicente do Mar que mira ás augas da Arousa, onde hai anos se atoparon píos de salga con escamas datados no século I da era actual (Calo Lourido 1996: 19). E como tanta xente do Salnés, na ceifa de outubro miña nai mariscou no Serrido (ou Sarrido), o inmenso areal da desembocadura do Umia, tan rico coma outros bancos marisqueiros de bivalvos do fondo das nosas rías (o lombo do Ulla, o banco de Noia...) formados polas areas e polos minerais que arrastran as augas doces dos ríos.

Á fartura marisqueira dese areal do Serrido e á ceifa do “birbiricho” á que acode todo o Salnés, fixo referencia a mediados do século pasado Pintos na súa *Gaita gallega* (1853), pasaxe no que se documenta por primeira vez na historia do galego escrito a forma *devalar* aplicada ás mareas:

*E' de ver alá en Cambados  
Enfrente à terra do Meco  
Cando devala a marèa  
Tanto chan que queda en seco,  
que si fora terra à millo  
Había pan par' o inferno  
Pois naquel longo areal  
Que vai por junto a Castrelo  
Vense as gentes formigando  
Cando o mar vai baixo e quedo  
Que parecen as formigas  
Que sahen de un formigueiro<sup>5</sup>.*

5. Os versos corresponden a “Os birbirichos e os birbiricheiros” de *A gaita gallega* de Pintos, que figuran nas pp. 155-9 da reimpresión feita por *La Voz de Galicia* en 1981 da edición de 1853. No manuscrito do vocabulario de Pintos (1865) hai a entrada *Sarrido* co equivalente castelán de “sitio arenoso”, e a continuación *Sarrío*, co equivalente “Sarro, arena”. Supoño que Pintos pensaba “naquel Sarrido” da desembocadura do Umia onde tanto “birbiricho” había, e aínda hai.

Meu pai ten na cabeza a carta mariña da Ría da Arousa —a maior de tódalas Rías Baixas—, pois sabe de canto baixo, cantil e beirada, e de canto rebastal, con, arrecife e pedra hai nesa ría. Nas augas arousás viviu salseiros, refachos e marusías, dos que fala Cabanillas. En dorna de escarba e en game-la moitas veces vogou ata Sálvora, a illa de onde procede a espada Escalibor, a “illa encantada / de rochedos de coral / esmeralda verdegaia / ô resprandor do luar” da saga artúrica *Na noite estrelecida*; a illa que, segundo Cabanillas, “vela o sono do rei Artur que repousa no sartego aberto pol-o ferro de Celt”; e moitas veces, cando ó volver de Sálvora tiña o vento de proa, tivo que “voltaghear”, poñendo poias e sacándolle “risos” á vela. Como coñece ben a terminoloxía e as manobras da navegación á vela, a súa axuda foime moi grande para mellor entende-la lingua literaria de Manuel Antonio, polo moito léxico da vela e da navegación que hai na obra do rianxeiro.

Nos anos 50, cando a xente fuxía polos longos camiños da emigración a Europa e ós seus portos, e na Arousa só quedaban “dornas podres, racús vellos, / xeiteiros sen aparellos”, tal como dicía Lueiro Rey na súa *Cantiga do Mar da Arousa*<sup>6</sup>, meu pai deixou de palmear redes e de andar ó caldeio da raba de día e ó bedrín de noite; deixou de “voghar de medio e de siar de couso” e de andar ás ostras, ás tarxas e ás gradicelas polo Vao e ás vieiras polas beiradas dos Ghodoiros, illotes ben coñecidos dos mariñeiros arousáns do costado de leste. O Ghodoiro ou Guidoiro Areoso estivo habitado uns catro mil anos, como proban as tumbas megalíticas que se acharon nel, así como un cuncheiro que constitúe a pegada máis antiga da actividade marisqueira no litoral galego (Vázquez Varela 1998: 18, 47).

Meu pai deixou, en fin, as augas acolledoras, os baixíos e os tesíos arousáns polas marusías, andisías e temporais do mar de Irlanda e do mar do Norte. E nas súas singraduras, desde as frías augas deste “Norsé” e desde as xeladas augas do Báltico ás cálidas de Matosinhos e de Lisboa, para el o mar adentro foi infinidade de veces a “illa d’auga rodeada de ceo por todas partes” á que se refire Manuel Antonio en nota do poema “Os cóbados n-o varandal”, escrito, igual cós restantes poemas de *De catro a catro*, no *Constantino Candeira*, un “veleiro de tres paus e 300 toneladas de desprazamento que armaba de pailebote (velas cangrexas e escandalosas nos tres mastros), que ía a Bilbao, Xixón, Cádiz, Alacant... con madeira e conservas galegas e que voltaba con sal das sañas de Torrevieja e cemento de Tolosa”<sup>7</sup>.

6. Cf. M. Lueiro Rey: *Escolma ferida*. Sada / A Coruña: Ed. do Castro, 1977, 49-50.

7. Pereira (1998: 4). Neste pailebote exercera Manuel Antonio de piloto agregado os anos 1926 e 1927.

### III. TRADICIÓN E MODERNIDADE EN CABANILLAS, VANGARDISMO EN MANUEL ANTONIO

#### 1. Cabanillas, o “poeta arelado”

Mortos Curros e Lamas e enmudecido o bardo Pondal, Cabanillas (1876-1959) era o “poeta arelado” polo movemento nacionalista, tal como manifestaba Antón Villar Ponte en 1917 desde as páxinas de *A Nosa Terra* no artigo “Ramón Cabanillas, Poeta da Raza”, malia que moitos anos despois nunha autocrítica da súa produción o escritor cambadés consideraría ridícula esa cruz de “Poeta da Raza” que lle cangaran<sup>8</sup>. Naquel momento, o autor de *Vento mareiro* era o “poeta necesario”, tal como sinalou Ramiro Fonte (1988).

Xosé Ramón Pena considérao un autor enxebre, “un poeta que leva nos seus versos a nosa alma e que explica nos poemas ese sentimento infábel capaz de determinar a orixinalidade do espírito galego no mundo” e un escritor que “perpetúa a tradición dos grandes mestres do Rexurdimento”; pero ademais, trátase de “un poeta culto, un escritor que supera o pasado asumíndoo e proxectándoo cara ao presente e ao futuro” e que soubo conxugar nunha única perspectiva a tradición e a modernidade (Pena 1986a: 30).

A importancia de Cabanillas é fundamental na posta ó día das letras galegas e “só a partir del podemos considerar totalmente superados os modelos literarios que impuxera o Rexurdimento”, como salientou recentemente Xosé M. Millán Otero (1996: 566). Este mesmo investigador nun traballo anterior (1988: 15) dixera que o escritor cambadés se vira convertido “desde moi cedo no estandarte literario dun movemento enormemente consciente do valor simbólico da lingua e da cultura no proceso de ideoloxización nacionalista”.

Segundo Pena (1996a: 46), Cabanillas representa entre 1915 e 1930 “a verdadeira estética ‘oficial’ do nacionalismo”, a súa obra determina a norma dominante. Neses anos publicara tres libros fundamentais e os tres impactantes na época: *Vento mareiro* (1915), un dos grandes poemarios do presente século no que hai lirismo, sentimentalismo, costumismo, modernismo, saudosismo e civismo, direccións presentes en toda a súa obra; *Da Terra asoballada* (1917), poemario de denuncia e de combate; e *Na noite*

8. En carta a Fernández del Riego de 14.8.48 dicíalle: “ten presente que nos comenzos da miña laboureira atopábame cáseque sóo na trincheira poética combatente, e como había que alporizar xente representativa bombeáronme sin ton nin son e cangáronme a cruz do ridículo ‘poeta da raza’” (Cabanillas 1981: 532). Sobre esta autocrítica cf. Rei Romeu (1988: 76-7).

*estrelcida* (1926), sagas sobre a busca do Grial “proxectado como un mito galego e universal, punto de encontro dos países célticos e expresión do sentimento común a Portugal, da saudade”, no que Cabanillas procura unha nova estética nacional co tema elixido pero “tamén a través dunha linguaxe chea de luxos sensoriais, dunha adxectivación requintada, de filiación modernista e saudosista, que pretende demostrar toda a riqueza e mais as enormes posibilidades creativas inherentes ao idioma galego” (Pena 1996b: 10-11).

Para Carballo Calero (1974: 117), Cabanillas é figura de importancia capital na poesía galega pola inigualable riqueza temática. Foi poeta total, “sin limitaciones de especialista. El último gran poeta total, hasta ahora, de la literatura gallega; pues aunque pudiesen citarse algunos poetas posteriores a Cabanillas que no se restringieron al cultivo de una especialidad poética, ninguno presenta un tan amplio espectro temático como el fecundo autor de *Vento mareiro*”. E para Xesús Alonso Montero, autor da polo de agora edición máis completa do escritor cambadés, trátase de “un dos grandes escritores galegos de tódolos tempos”, tal como salienta no limiar das *Obras completas* (Cabanillas 1979 I: 11).

Álvaro Cunqueiro (1976: 526), cando entrou nesta Real Academia para ocupa-lo escano que deixara Cabanillas, dixo del as seguintes verbas:

Foi un gran poeta. Cantou o país seu na lingua propia, perpetuamente fresca, como erba de vran. Cantou os santos, os héroes, os amadores, os mariñeiros, os labregos, os mendiños, as rosas, o viño, os piñeiros, o mar, e tamén a esperanza humá, e os soños. Era un poeta dunha calidade máis antiga da que agora se leva. Foi o derradeiro, entre os grandes poetas galegos, en empregar pra decir a poesía voces case sacramentais, xeitos solenes e vaticinios. Díxolle ao seu pobo fermosos cantos, unhas veces irados, outras entusiasmados, e tamén íntimas confesións de corazón a corazón, e sempre pasmando a todos coa beleza descuberta no ácio, na roseira, no vento, no silencio, como un soño de pombas do seu Cambados.

No autor de *Vento mareiro* o esteticismo sempre está ó servizo do galeguismo, en palabras de Carballo Calero (1981: 574), “o que supón unha referencia á vida, e eso dá á obra do noso poeta un raizame ultraliterario que a preserva de toda frivolidade artificiosa. É dicir, que a poesía de Cabanillas ten sempre unha base ética. A estética non é nel un fin en si mesmo”.

## 2. Manuel Antonio, provocador e rupturista

Se Cabanillas é a estética oficial e dominante desde 1915 e o poeta respectado por todo o galeguismo na década dos 20, Manuel Antonio representa a ruptura total coa estética literaria do que se levaba feito nas nosas letras ata o momento. Para o poeta de Rianxo “non hai contradición entre ser radicalmente novo e ser radicalmente enxebre, como non a hai, no plano político, entre o anarcosindicalismo e mais os sentimentos nacionalistas independentistas”, tal como salientou Pena (1996a: 182).

Carballo Calero (1981: 693) dixo del que “como poeta non quer saber nada dos seus antecesores galegos. Afliase á vangarda europea, e percura unha poesía baseada na imaxe, da que se esclúe todo sentimentalismo”. E a inequívoca proba do seu total rupturismo co pasado é o vangardista *De catro a catro* (1928), un dos grandes fitos literarios galegos<sup>9</sup>.

Cando Manuel Antonio no tan sonado manifesto *¡Máis Alá!* (1922), asinado tamén polo seu amigo o pintor Álvaro Cebreiro, non respecta nin sequer as tres grandes coroas poéticas do Rexurdimento literario galego, e cando desde o xornal *Galicia* en 1924 segue igual de provocador ó referirse ós poetas da terra “tan homildosos devotos da Santa, do Bardo e do Rebelde”, en principio, podería entenderse que un dos destinatarios principais —ou se callar o principal— desa feroz crítica era o “arelado” e “necesario” Cabanillas, o gabado “Poeta da Raza”, na medida en que na súa obra hai pegadas da santa Rosalía, do bardo Pondal e do rebelde Curras, o que é inevitable dado o maxisterio exercido polas tres coroas poéticas<sup>10</sup>.

De tódolos xeitos, que o poeta de Cambados non fose modelo para os rupturistas vangardistas dos anos 20, non quere dicir que estes poetas a comezos da década non respectasen a súa obra, e de xeito especial *Vento mareiro*, que en 1921 tivera unha segunda edición. Segundo Millán Otero (1996: 573), mostra se cadra da veneración “con que se lle lía a comezos da década, é o silencio que sobre el bota o manifesto ‘¡Máis alá!’: Manuel Antonio, dun brochazo, deixa en sombra toda a nosa tradición literaria... pero sobre Cabanillas nada se di”.

Na correspondencia de Manuel Antonio, nunha carta a Taibo de maio de 1921, o rianxeiro di verbo de Cabanillas: “atopabao moito por Vigo; é

9. Sobre a valoración crítica desta obra cando se publicou e cando morreu Manuel Antonio cf. Capelán (1996).

10. Sobre os tópicos sobre Cabanillas cf. Rei Romeu (1988: 78).

simpático e bó, coma poucos”. Logo, mentres están xestando o manifesto, en carta de xaneiro de 1922 Cebreiro dille ó seu amigo que ten que mercalo *Vento mareiro*<sup>11</sup>, que contén na portada un óleo de Castelao e no interior ilustracións do propio Cebreiro, “executadas en estilo moi modernista”, en palabras de Carballo Calero (Cabanillas 1959: 24); e pouco despois Manuel Antonio pedíralle ó propio Cebreiro un exemplar desa obra que tiña R. Villar Ponte<sup>12</sup>.

A outra gran figura vangardista, o pontevedrés Amado Carballo —poeta dun ‘impresionismo eglóxico’ (López Casanova 1990: 30)—, quedara impresionado pola beleza e pola forza expresiva, pola modernidade e pola ‘posta en marcha’ da lingua galega despois da lectura de *Vento mareiro*, tal como manifestou o seu amigo Xoán Vidal Martínez:

Le había impresionado mucho la lectura de *Vento mareiro*, no sólo por su belleza y fuerza expresiva, sino también por su modernidad y ‘puesta en marcha’ del idioma vernáculo. Luego conoció personalmente a Cabanillas, en Mondariz. El espíritu que informa la poesía de Amado Carballo emana directamente de la obra, enraizada en el rus, del poeta de Cambados. Aunque sea menos solemne, respondiendo a la jovialidad de Amado, tan felizmente emparejada con el folklore regional<sup>13</sup>.

Pena (1996a: 107) sinalou a existencia dalgunhas similitudes entre o citado poemario de Cabanillas e o libro *Proel* de Amado Carballo.

É moi claro que a estética de Manuel Antonio e a de Cabanillas son totalmente antagónicas; pero non é menos claro que unha vangarda rupturista como a que o rianxeiro representa non sería posible de non teren “alfombrado” o camiño escritores como Cabanillas, en certo modo ponte entre a tradición que procede do Rexurdimento dos anos 80 do pasado século e a ruptura que representan os vangardistas dos anos 20.

11. “Leiches, ou millor dito viches o ‘Vento mareiro’ e a ‘Doctrina Nacionalista’. Telos que mercar, se non os tes mercados ja” (Manoel-Antonio 1979: 149).

12. “De camiño que mandas o manifesto, manda un exemplar de ‘Vento Mareiro’ que ten Ramón Villar Ponte, e que me dixo en Monforte que m’había de mandar”. Carta de 5 de marzo de 1922 publicada en Manoel-Antonio (1979: 160). Logo, en carta a R. Villar Ponte de 17 de marzo de 1922, o poeta de Rianxo indícalle que recibiu o exemplar de *Vento Mareiro* (*Ibidem* 162).

13. A cita está tirada de Pena (1996a: 106-7).

### 3. Antietimoloxismo, anticastelanismo, enxebrismo

O modelo de lingua de Cabanillas e de Manuel Antonio ten moitos puntos en común, como máis abaixo se verá. Os dous parten do seu galego natal, o que é ben visible no emprego de solucións morfolóxicas comúns e de léxico propio da comarca. Os dous acoden ó galego medieval para recuperaren formas patrimoniais castelanizadas; os dous botan man do portugués, do que toman solucións morfolóxicas e, sobre todo, moito léxico co fin de modernizar e descastelaniza-la lingua literaria.

Así e todo, o recurso do portugués, ás veces para sacrificar formas ben galegas, non foi emparellado cunha consideración desta lingua irmá como modelo gráfico, especialmente no caso de Cabanillas, que non usa *ao* nin separa os pronomes enclíticos cun trazo. Manuel Antonio, malia que presenta algún rexistro de *ó*, xeralmente escribe *ao*; e no que respecta á representación da fricativa prepalatal xorda, polémica desde os comezos do Rexurdimento, e particularmente virulenta no ano 1888 tal como analizou Carne Hermida (1987), tanto Cabanillas como Manuel Antonio seguen a tradición fonoloxista de Rosalía e de Curros, de Saco, do *Tío Marcos da Portela* e de López Ferreiro, partidarios dunha escrita simplificada co grafema <*x*>, fronte á escrita etimoloxista cos grafemas <*g, j, x*> para un único son, que aparece en Pintos e en Pondal<sup>14</sup>, e que van defender Martínez Salazar, A. María de la Iglesia e Valladares, entre outros.

Na correspondencia do ano 1921 vese a curiosidade de Manuel Antonio pola ortografía etimolóxica que usaban galeguistas da época. Así, en carta a Vitoriano Taibo de 1 de maio dese ano escribe:

Outra cousa: vostede por qué emprega unha ortografía que polo visto é etimolóxica? Non me convencería unha razón histórico-gramatical porque a Filoloxía a Gramática y-outras cousas eísi merécenme moi pouco respecto. O que eu quero saber é si hai razóns d'algún outro orde (Manoel-Antonio 1979: 100).

A resposta de Taibo chégalle axiña, o 15 do mesmo mes:

14. Na moderna edición de *Queixumes dos pinos*, Manuel Ferreiro sinala que en Pondal hai un uso das grafías *x/gj* “absolutamente xeral e consciente a partir de 1886. En *Queixumes* mudou sistematicamente, salvo lagoas de formación ou lapsos e/ou erros de corrección, a favor de *g* ou *j* histórico-etimolóxicos a primitiva grafía *x* da primeira época nos poemas incorporados á súa obra mestra, mantendo posteriormente a grafía etimolóxica ata o final da súa vida” (Pondal 1995: XLVII-XLVIII).

Son partidario, en principio, da ortografía racional. Uso a ortografía clásica porque é a *nosa*. Eis a razón suprema. Hai que *ser*, incluso na ortografía. Ademais é artística, evocativa, rara: da carácter á fala. As cousas son-o todo cando teñen carácter: o nazionalismo é iso: carácter, tipiquismo-dinámico-espiritual (*Ibidem* 114).

Despois destas palabras, en carta inmediata de 20 de maio, Manuel Antonio pregúntalle a Taibo de quen é a ortografía do *x*:

A ortografía do *g* e do *j* é a *nosa*? De quen é logo a do *x*? (*Ibidem* 116).

E axiña lle vén a resposta de Taibo en carta de 2 de xuño:

A ortografía do *g* e do *j* é *nosa* nos sonidos *xa...*; e a de *ja...* *ge, gi* é *nosa* como a da *x*. Por iso eu uso as tres letras, e só sinto que non teñamos grafías distintas ás das demais falas, para que a *nosa* língoa tivese unha personalidade perfectamente definida deica na ortografía: eu quixera que todo o noso fose diferente ao dos demais. As simplificacións extremadas van moitas voltas contra da personalidade: hai que sere arredistas (*Ibidem* 117).

E no ano 1922 parece que segue “preocupado” pola escrita etimolóxica do mencionado fonema, como se aprecia nunha carta a Xaime Quintanilla, onde lle sinala contradicións nas grafías etimolóxicas da súa obra:

En primeiro termo imos co-a ortografía ¿Por que vostede escribe: *bujo* (d'o latín *buxum*), *pajaro* (d'o lat. *passer*), *dijemos, dijo, dijen* (d'o lat. *diso, is, ere, XI*), *troujera* (d'o lat. *traho, is, ere, XI*), *fujes* (d'o latín *fugio*), *tingense* (d'o lat. *Tingo, is, ere, XI*), *lujo* (d'o lat. *luxus*), *hirejes* (d'o lat. *hiresis*). A ortografía clásica, non se funda n-a etimoloxía? Rianxo ven de *rio-ancho*; non lle consinto por tanto a ofensa ao meu pobo que supón unha *j* que vostede lle pon (*Ibidem* 168).

A radical oposición de Manuel Antonio á escrita etimolóxica, un dos seus “meirandes odios”, explicítaa nunha carta ó seu amigo Cebreiro, partidario do etimoloxismo gráfico, pouco antes de que saíse o manifesto que ambos asinaron:

Si o libro de poemas en prosa non se publica decamiño, eu quixera conecer algún. Supoño que non empregarás n-él a ortografía portuguesa. Todo vai ben, menos o de trocar as nosas cousas pol-as alleas. Eu

astra che agradecería que non empregases a *g* e a *j* en vez de *x*. N-a *g*. e n-a *j*. teño posto un d'os meus meirandes odios (*Ibidem* 169).

Característico dos dous poetas arousáns —e dos escritores desta etapa fortemente enxebriante— é a hiperalienación, ou máis ben hiperidentificación (Santamarina 1995: 66), na que se priman formas diferentes das patrimoniais comúns ás castelás (hiperdiferencialismos como *rubir*, *bágoa*, *intre* verbo de *subir*, *lágrima*, *momento*) ou se hipergaleguizan constantemente cultismos (*zoa*, *outo* por *zona*, *alto* e tantísimas outras formas), e mesmo algunhas voces patrimoniais (*primaveira*, *montana* por *primaveira*, *montaña*).

As linguas modernas de cultura son tamén fonte de modernización léxica nos dous, de xeito especial en Manuel Antonio; pero tamén modernizan o seu galego introducindo léxico mariñeiro. É o caso de *luzada* de Cabanillas, que en principio designa as primeiriñas luces do día para os mariñeiros de Cambados e de Rianxo, e de *rifar* de Manuel Antonio, referida á rotura da vela por mor dos refachos de vento, que é forma común en Cambados. Sobre esas formas volverei máis adiante.

E o mesmo ocorre co termo *mallente*, que Cabanillas emprega no “Canto a Roma” en *Camiños no tempo* (“A Saudade esperta teu relembrado / na Terra miña, prácido mallente / onde morren as vagas cramorosas / do mar de Atlante”) e en *Versos de alleas terras e de tempos idos*, ó referirse ó nacemento de Venus na versión da oda LV de Anacreonte:

*e a Venus volutuosa,  
tida das deusas pol-a máis fermosa,  
surdida nas escumas do mallente  
bañada en luces de doirado abrete.*

E tamén aparece no comezo de “Á veira do mar”, balada escocesa anónima:

*O Amor,  
argalleiro,  
e a Esperanza,  
inocente,  
da praia no mallente  
séntanse a parolar.*

A forma segue viva na lingua mariñeira de Fefiñáns, pero con xénero feminino. En Rianxo emprégase a variante *a mallante*, que é “onde malla e bate o mar, e nótase na porquería que deixa na praia”. É voz que se oe tamén en Noia e mais en Muros. Manuel Antonio fala da *mallante* nun poema de *Viladomar*:

*Por eso o meu corazón  
coma un paxaro n-a man  
latexa o mesmo pulso  
baixo a pauta que o retrayo  
reitera n-a mallante.*

No vocabulario inédito de Pintos (1865) aparece a entrada *mallante*, que define como “La línea de broza que forma el mar en la ribera, que indica hasta donde llegó la creciente”. No *VOLGa* (1990) hai unha entrada *mallante* como forma masculina, e co mesmo xénero aparece no dicionario de Estravís (1995), onde se define como “Liña de pequenos resíduos que fica na praia ao baixar a maré e indica até onde chegou a água”. Outros dicionarios recentes (Xerais 1993, Obradoiro 1995, RAG 1997, Galaxia 1997) non existe unha entrada para *mallante*.

#### IV. A LINGUA DE CABANILLAS<sup>15</sup>

A lingua literaria das primeiras obras de Cabanillas (*No desterro* de 1913, *Vento mareiro* de 1915 e *Da Terra asoballada* de 1917) baséase en

15. Para a análise da lingua de Cabanillas e para as primeiras documentacións manexei as concordancias das obras da Base de Datos Lexicográfica do ILG a que me referín no punto 4 do capítulo II. A relación cronolóxica das obras do poeta de Cambados concordadas, precedida da abreviatura que empregarei ó longo do texto, é a seguinte:

*Desterro13* = *No desterro. Visiones gallegas*. Habana: Imprenta ‘La Universal’, 1913.  
*Terra17* = *Da terra asoballada*. Cidá de Arousa: Imprenta Galicia Nueva, 1917.  
*Vento21* = *Vento mareiro*. Madrid: Editorial Galatea, 1921<sup>2</sup>.  
*Desterro26* = *No desterro*. A Cruña: Biblioteca Lítica Lar, 1926<sup>2</sup>.  
*Mariscal* = *O Mariscal. Lenda traxica*. A Cruña: Editorial ‘Lar’, 1926. [Escrita en colaboración con Antón Villar Ponte].  
*Noite* = *Na noite estrelecida*. Mondariz-Balneario: Edición Lar, 1926.  
*Camiños* = *Camiños no tempo*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos, 1949.  
*Versos* = *Versos de alleas terras e de tempos idos. Paráfrasis galegas*. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos, 1955.  
*Samos* = *Samos*. Vigo: Galaxia, 1958.  
Ademais destas obras, para a redacción do discurso tiven en conta a primeira edición de *Vento mareiro*, de 1915, que contrastei verso a verso coa segunda edición, de 1921; os poemas da segunda

dous piares principais: 1º) o galego oral do Salnés, ben apreciable na morfoloxía e en solucións léxicas propias desa zona da Arousa; 2º) a tradición literaria existente, fundamentalmente a das tres coroas poéticas do Rexurdimiento (Rosalía, Pondal e Curros), a do xornalista Lamas e a do novelista e historiador López Ferreiro, que introduciu moitos arcaísmos no galego de entre séculos. Esta non moi longa tradición permitiulle rexenerar e enxebriza-lo seu galego nunha dirección diferencialista e noutra dirección hipergaleguista e popularista, o que lle non impediu o uso de castelanismos de luxo, algúns deles moi conscientemente.

Nas obras de 1926 —o seu “ano de gracia” en palabras de X. R. Pena—, ano das reedicións de *No desterro* e *Da Terra asoballada*, da edición da saga artúrica *Na noite estrelecida* e da obra teatral *O Mariscal*, hai un terceiro piar, que é a lingua portuguesa, da que se vale, especialmente, para a modernización léxica. A partir de agora emprega empréstimos lusos para rexeitar castelanismos das primeiras obras e asemade para reemprazar voces idénticas ás castelás, e mesmo ás veces para substituír formas galegas arcaicas e modernas diferentes das castelás correspondentes. Dalgún xeito isto empezara a facelo na edición de *Vento mareiro* de 1921, que pode considerarse a ponte entre estas dúas fases do rexistro literario de Cabanillas.

E na moi coidada lingua de obras dos anos cincuenta, como na prosa da *Antífona da cantiga* (1951) e nos poemarios *Versos de alleas terras e de tempos idos* (1955) e *Samos* (1958), introduce novos termos tomados do portugués, así como latinismos e cultismos, algúns destes posiblemente co portugués como intermediario, á vez que mostra un excelente coñecemento do caudal léxico doutras áreas lingüísticas afastadas do Salnés (e da tradición literaria), do que é boa proba a marabillosa prosa poética da *Antífona da cantiga*, o primeiro libro publicado pola Editorial Galaxia. Os *Camiños no tempo* (1949) son a ponte entre a moi coidada lingua das derradeiras obras e a coidada dos anos 20, aínda que ás veces hai solucións propias das obras primeiras, porque en *Camiños* aparecen algúns poemas das dúas edicións de *No desterro* e de *Vento mareiro*.

En 1955 Cabanillas manifestáballo a Fernández del Riego que quería “proparar un libro ben correxido coas poesías que xuzgo máis miñas, con

edición de *Da Terra asoballada*, de 1926, que non figuran na primeira edición, de 1917, tal como os editou Alonso Montero (Cabanillas 1979, I: 313-48); e a longa introdución en prosa poética da *Antífona da cantiga*, de 1951 (Vigo, Galaxia, pp. 9-77). Para estas obras non concordadas usarei as abreviaturas *Vento15*, *Terra26* e *Antífona*. Manexei ademais a edición da *Obra completa* preparada por Fernández del Riego (Cabanillas 1959) e a completa edición anotada de Alonso Montero (Cabanillas 1979 I, 1979 II, 1981).

pulimento de verbas”<sup>16</sup>. Ese puimento no que pensaba uns anos antes de morrer xa o realizou, en parte, na edición de *Vento mareiro* de 1921, pero sobre nas obras que editou en 1926 e nas da posguerra, especialmente valéndose de solucións portuguesas.

### 1. Galego oral de Cambados (e da Arousa)

#### 1.1. Morfoloxía nominal<sup>17</sup>

A morfoloxía dialectal de Cambados (e do galego occidental) é a que usa Cabanillas na xeral terminación *-án* para nomes e adxectivos masculinos e femininos (*irmán-24*, *mañán-51*, *levián-26*) e nos constantes plurais en *-ns* (*irmáns-43*, *cans-18*, *corazóns-12*). Así, nunha obra como *Na noite estrelecida* rexístranse os substantivos *chan-4*, *irmán-2* (“É Merlín o profeta, o celta armoricán / dos silvos e das lumias ollado por irmán”; “Baixo a dozura do ceo / da nobre Galicia irmán”); *man(s)-12*, *mañán-2*, *teceláns*<sup>18</sup> e *vran* e os adxectivos *cristián-2* (“na empresa da cristián irmandade”; “arredor dunha lousa cristián”), *levián-2* (“ventiño levián”, “vento maino e levián”), *leviáns* (“voces leviáns”), *san* (“san e salvo atopouse na ribeira do mar”) e *sans* (“unha raza de homes sans e valentes”)<sup>19</sup>. E na mesma obra rexístranse formas de plural en *-ns* como *afáns*, *blasóns*, *cans*, *craríns*, *oracións*, *rosotóns*, *uns* e *visións*.

Hai algunhas excepcións xa desde as primeiras obras, con solucións do galego central e do oriental en formas como *grau(s)* de *Vento21*, de *Versos-4* e de *Samos*, *graus* e *avelás* de *Antífona* e *cha* (“viñas na terra cha”) do poema “Vendima no Salnés” de 1955, xunto con solucións do galego central coma o plural *corazós* de *Terra17* e de *Vento21*. A maior parte das excepcións aparecen, sobre todo, en *Mariscal*, que presenta formas

16. Carta de 15.XI.55, reproducida en Cabanillas (1981: 550-1).

17. Cando se indique un número global de rexistros de formas de Cabanillas, ese número referirase exclusivamente ás obras concordadas indicadas na nota 15, incluídas as edicións de *No desterro* de 1913 e de 1926. Dado que algúns poemas do *Desterro13* aparecen en *Terra17* e en *Vento21* e que *Noite* se reeditou en *Camiños*, onde ademais hai poemas das primeiras obras, ás veces o número global de rexistros en realidade é lixeiramente inferior. Un número cardinal unido cun guión a un exemplo indica os rexistros dunha forma na totalidade da obra concordada (*azas-38*), ou ben nunha obra concreta concordada (*vés-2* en *Terra17*), aínda que neste caso xeralmente o número de rexistros se indicará cun guión unido á abreviatura da obra (*azas* en *Noite-3*). De non aparecer ese cardinal entenderase que só hai un rexistro da forma analizada no total das obras concordadas ou ben nunha determinada obra.

18. É forma masculina. Para o feminino emprega nesta obra *tecedeiras*.

19. Nesta obra rexístrase tamén (*celta*) *armoricán* coa propagación de *-án* a un cultismo.



como *cha*, *irmá-2*, *corazós-10*, *peós-4* e *razós* e outras semellantes, que podería considerarse que son debidas á man do viveirense Villar Ponte, de quen seguro que proceden nesta obra variantes como *faiga* e *unhos-3*, propias do galego de Viveiro, pero non do arousán, e que non se documentan no resto da obra de Cabanillas. En *Noite* emprega a solución arcaica *soes-2*, e non a forma do portugués e do galego moderno *sons*; e este plural arcaico (e do portugués moderno) aparece en *benzoes* de *Versos* e de *Samos* e en *tenzoes* de *Mariscal*, de *Camiños*, de *Antifona* e de *Samos*<sup>20</sup>.

Tamén é de Cambados, e de todo o galego occidental, o pronome suxeito *ti*, que se rexistra en *Desterro13*, en *Desterro26*, en *Mariscal-2* e en *Versos-2*. A tradición do uso deste pronome suxeito arrinca de Sarmiento e de Pintos, segue con Rosalía e con Pondal e con ourensáns como Lamas e Curros, que tamén empregan *ti* en maior medida cá forma lucu-auriense *tu*, igual que máis adiante farán os ourensáns Risco e Pedrayo, que así mesmo apostan polo *ti* occidental. A forma *ti* como suxeito é a do galego estándar gracias á tradición establecida por autores coma os citados, aínda que hai literatos que sempre se mantiveron fieis ó *tu* da lingua nativa, como Iglesia Alvariño nado nas terras chairegas de Abadín e excelente coñecedor da lingua de Cabanillas. O ourensán Méndez Ferrín empezou usando ese *ti* da tradición literaria, como se ve en obras como *Percival e outras historias* (1958), *Crónica de nós* (1980) e *Bretaña Esmeraldina* (1987); pero en *Arraianos* (1991) e en *Estirpe* (1994) empregou *tu*, mentres que *No ventre do silencio* (1999) usa *ti*.

## 1.2. Morfoloxía verbal

Da fala de Cambados (e de toda a Arousa) é o uso constante, e sen excepción, da variante de perfecto *-eu* dos verbos en *-ir*, solución dialectal usada por Rosalía e polo tamén arousán Castelao<sup>21</sup>. En *Noite* de Cabanillas

20. Rosalía de Castro en *Follas novas* (1880) usara maioritariamente o plural coa solución occidental (58 rexistros de formas do tipo *canciós*) e en menor medida a solución central (31 rexistros do tipo *canciós*); pero tamén emprega tres formas coa solución arcaica *-es* (*pasioes*, *treizoas*, *xeneracioes*), semellante á portuguesa moderna (Álvarez Ruiz de Ojeda 1986: 50-1).

21. No *Sempre en Galiza* (1944) de Castelao anotei formas como *xurdeu*, *pideu*, *ensumeu* (pero *caiu*), con vocal temática *e* (e non *i*) na P3 dos perfectos fracos en *-ir*. En Rosalía rexístrase de xeito xeral esa terminación (*abreu*, *añadeu*, *consisteu...* en *Cantares gallegos*; *afrixeu*, *cubeu*, *pideu* en *Follas novas*), coa excepción de *saliu* en *Follas novas*, tal como indica Álvarez Ruiz de Ojeda (1986: 110). Celso Emilio Ferreiro usa formas como *asistiu*, *asintiu*, *construiu* e *pediu*, reflectindo o seu galego ourensán (Hermida 1992: 307). En Cunqueiro é xeral a vocal temática *i* nos verbos en *-ir*, con algunha excepción como *veu* de “ver”, a carón de *viu*, ou *cubeu*; os *cubeu* e *descobreu* da prosa de Cunqueiro serían “normais” de termos en conta que este autor usa o infinitivo *cobrer* e *descobrer* (González González / Fernández Rei 1982: 215-6).

rexístranse formas como *caie-2* de “caír”<sup>22</sup>, *cingueu*, *conquie-23*, *sinteu* e *unxeu*; e noutras obras hai formas como *cubeu* en *Camiños-3* e en *Versos*; *oie-2* en *Desterro13*, en *Terra17*, en *Versos* e en *Samos*; *pideu* en *Vento21-8* e en *Mariscal-2*; *rubeu* en *Vento21*; *saie-2* en *Desterro13-2*, en *Vento21*, en *Mariscal*, en *Camiños-3* e en *Versos*; e *sigueu* en *Vento21* e en *Camiños*.

Formas de perfecto singular como *colleche* en *Desterro13* e en *Desterro26* ou *debeches* en *Mariscal*, o mesmo que *naceche* e *tremeche* da peza teatral *A man de Santiña* (1921) ou *teceche* do poema sen data “A tecedeira”, e plurais do tipo *erguéchedes*, *fóchedes* e *ouvíchedes* de *Mariscal* e *leixástedes* de *Camiños* reflecten, en certo modo, o actual galego oral de Cambados, pois no singular hoxe é máis común *colleches* ou *collestes*, rexistrables nun mesmo indiviuo, mentres que no plural tanto se usa *collés-24* como *colléchedes*<sup>24</sup>.

En cambio non usa o perfecto *cantín*, tan vivo aínda hoxe na Ría da Arousa e na comarca de Padrón, que Rosalía empregou en *Cantares gallegos* en formas como *falín*, *cantín* e tantas outras, pero non en *Follas novas*. En Cabanillas rexístrase a terminación *-ei* xa desde as primeiras obras, como se ve en *escomencei* e *topei* de *Desterro13* e de *Desterro26* ou en *topei* de *Vento21*; e o mesmo nunha das últimas obras como *Versos*, en formas como *falei-2* e *topei*. Non obstante, no perfecto de “dar” os rexistros son soamente da forma arousá *din* (*Vento21-2*, *Camiños-2* e *Versos*), sen ningún rexistro de *dei* nas obras concordadas.

Do galego oral do Cambados da súa época debe ser *ouír*, que emprega en *Desterro13-3* e en *Vento21-2*, en concorrencia nestas mesmas obras con diversos rexistros derivados de *oír*, e que seguirá usando nas últimas obras (*ouídos* en *Versos*, *ouíndo* en *Samos*), formas verbais que xa non se escoltan hoxe en Fefiñáns, pero si en diversos puntos da área fisterrá e en lugares próximos ó Salnés<sup>25</sup>. Tamén poderían explicarse por influxo de Cu-

22. En *Noite* non se rexistra *caer*, pero si *caíndo*, *caíra*, *caíron*. No conxunto da obra concordada hai 30 rexistros de *caír*, xunto con outras 20 formas deste verbo con vocal temática *i* fronte a só catro formas de “caer” (*caendo-3* e *caera*).

23. O infinitivo é sempre *conquerir*, con tres rexistros en *Noite*.

24. En Cabanillas hai algún exemplo da vocal temática *i* etimolóxica, propia das falas non occidentais, como *deprendiche* en *A man de Santiña* (1921), *naciche* en *Versos-2*, e *teciche* no mesmo poema sen datar “A tecedeira”, onde concorre con *teceche*. Muñoz Bacelar (1966: 90-8) indica que a terminación da P2 é *-stes* e da P5 *-stedes* nos verbos en *-ar* (*ti amastes*, *vós amástedes*) fronte á P2 *-ches* e P5 *-chedes* dos verbos en *-er* e *-ir* (*debeches*, *partiches*; *debéchedes*, *partíchedes*) e dos perfectos fortes (*deches*, *tuveches*; *déchedes*, *tuvéchedes*). Nunca oín tal distribución da terminación de perfecto no galego de Cambados.

25. Cf. *ALGa* (1990: mapa 308).

ros, que usa *ouír* en *Aires da miña terra* (1880), pero non no *Divino saínete* (1888); mais o feito de que na correspondencia de Cabanillas, tanto dos anos 30 como dos anos 50, apareza *ouír* faime pensar que esa ben puido ser forma aprendida por el en Cambados<sup>26</sup>.

O influxo do portugués explica a aparición de formas de *ouvir* en obras de 1926, en *Noite-3* e en *Mariscal-16*, mentres que nas últimas obras só hai a voz *ouvido* en *Samos*, ademais das formas de *Camiños* que son as mesmas de *Noite*. Do galego de Fefiñáns deben procederlos *ouso* e *ousa* de diversas obras, porque hai anos esas variantes aínda se rexistraban nalgunha xente maior da zona labrega desa viliña feudal, na extremidade da parroquia de Vilariño, sen descartar que as escollese por influxo do portugués. Así, rexístrase *ouso* en *Terra17*, en *Vento21* (substitúe un *oyo* de *Vento15*) e en *Mariscal-2*; *ousa* en *Mariscal* e en *Camiños*, *ousas* en *Mariscal* e *ousan* en *Versos*.

Outro verbo que emprega é *oucír* coa forma *ouce-2* de *Mariscal*, título dos anos 20, e coas solucións *ouzo*, *ouciron* e *oucír-2* de *Versos*, obra dos anos 50. Ese verbo tiña tradición literaria desde finais do séc. XIX, con moitos rexistros nas páxinas do xornal pontevedrés *O Galiciano*, que no 1886 publica textos onde conviven formas de *oír*, *ouír*, *ouvir* e *oucír*. Este mesmo polimorfismo para “oír” é o que se rexistra ó longo de toda a obra de Cabanillas.

Do galego cambadés é o uso xeral da forma *dou-37* do perfecto de “dar”<sup>27</sup>, que aparece en tódalas obras concordadas, xunto con *deu* en *Mariscal* e en *Camiños*, que é a forma da P<sup>3</sup> que figura no paradigma de perfecto recollido en Cambados por Muñoz Bacelar (1966: 97); e igualmente é arousán o uso constante de *veu-46* para os perfectos de “ver” e de “vir”<sup>28</sup>. O radical *tiv-* do tema de perfecto de “ter”, que presenta moitos rexistros ó longo de toda a súa obra, poida que fose a forma oída por Cabanillas na vila natal, aínda que eu sempre oín o radical castelanizado *tuv-*.

26. Nunha carta a Otero Pedrayo (22.4.1934), publicada por Alonso Montero (1998: 6) aparece *ouír*. E na correspondencia editada en Cabanillas (1981) rexístrase *ouido* en carta a Fernández del Riego (20.XI.1954) na p. 538; *ouír* en carta a Carballo Calero (18.XI.1954) na p. 530 e a Paz Andrade (6.IX.1957) na p. 558; e noutra carta, tamén a Paz Andrade, aparece *ouín* (14.X.1955) na p. 549. En *A rosa de cen follas* (1927) rexístrase *ouír* e *ouvir*.

27. Os rexistros están en *Desterro13-3*, en *Terra17*, en *Vento21-6*, en *Desterro26*, en *Mariscal-4*, en *Noite-3*, en *Camiños-10*, en *Versos-6* e en *Samos-3*.

28. Son 24 rexistros de “ver” (*Desterro13*, *Vento21-4*, *Desterro26-2*, *Mariscal*, *Noite*, *Camiños-12*, *Versos-2* e *Samos*) e 22 rexistros de “vir” (*Desterro13-3*, *Terra*, *Vento21-4*, *Desterro26-2*, *Mariscal-6*, *Noite*, *Camiños-2*, *Versos* e *Samos-2*).

Muñoz Bacelar (1966: 97-8) rexistrara os radicais *estuv-* e *tuv-* para o perfecto de “estar” e de “tar”<sup>29</sup>. Soamente en *Desterro13* se rexistra un insólito radical *touv-*<sup>30</sup> (*touvo*, *touvera-2*), por posible analoxía de *houb-*, en concorrencia con *tiv-* (*tiven-2*, *tivera*) nesa mesma obra.

No verbo “ser” a forma de subxuntivo *sexa* de *Mariscal-3*, de *Camiños* e de *Versos-2* debeu ser tomada do portugués; o xeral na súa obra é *seia*<sup>31</sup>, “enxebriación” a partir do *sea* cambadés, que tamén aparece en *Mariscal-3* e que nos anos 70 era a forma xeral do galego oral, con excepción do *seña* da área mindoniense e do *sía* e *seña* do galego de Asturias. No subxuntivo de “valer” Cabanillas emprega a solución occidental *vala*<sup>32</sup> en diversas obras (*Desterro13*, *Vento21*, *Mariscal-2*, *Noite*, *Camiños-3* e *Versos*), xunto cun único rexistro da mindoniense *valla* en *Mariscal*, variante propia da área lingüística de onde proviña Villar Ponte, coautor da peza dramática sobre Pardo de Cela.

### 1.3. Seseo

O seseo, que aínda hoxe é un fenómeno xeral no galego de Cambados e das falas mariñeiras arousás do Salnés, aparece especialmente nas primeiras obras de Cabanillas, tanto o explosivo (*cansil* en *Terra17*, *angasos* e *simiterio* en *Vento21*) coma o implosivo (*lus-9*, *calis* en *Desterro13*), concorrendo ás veces na mesma obra formas con e sen seseo (*prínsipe* e *príncipe*, *vós-9* e *voz* en *Desterro13*; *esgasa-2* e *esgazou*, *felís* e *feliz* en *Vento21*; *esgada* e *esgaza* en *Camiños*; *espiñaso* e *espiñazo* en *Versos*). Dáse tamén o caso de que unha forma seseante se rexistre en *Terra17* (*pas*, *vês-2*), pero non nunha obra anterior como *Desterro13* (*paz-2*, *vez-3*) nin nunha posterior como *Vento21* (*paz-6*, *vez-3*).

Cabanillas corrixe solucións seseantes nas segundas edicións (*rapás-4* en *Desterro13* e *rapaz-4* en *Desterro26*) ou evita a forma con seseo das pri-

29. Son 33 rexistros de formas con *tiv-*: *tiven* en *Desterro 13-2*, en *Vento21*, en *Desterro26*, en *Mariscal* e en *Versos*; *tiveche* en *Vento21-3*; *tivemos* en *Versos-2*; *tivo* en *Terra17*, en *Vento21-3*, en *Desterro26*, en *Noite*, en *Camiños-3*, en *Versos-3* e en *Samos*; *tiveron* en *Mariscal-3*; *tivera* en *Desterro13*, en *Terra17* e en *Mariscal-2*; e *tiveran* en *Noite*, en *Camiños* e en *Versos*.

30. Ese radical *touv-* rexistrouse no lugar de Torreboredo, na parroquia de Souto (A Estrada) e tamén no Valledor en Asturias. Cf. mapa 376 de *ALGa* (1990: 727, notas 11 e 17).

31. Cf. mapa 366 de *ALGa* (1990: 706). En Cabanillas hai 16 rexistros de *seia* (*Vento21*, *Mariscal-4*, *Noite*, *Camiños-3*, *Versos-5* e *Samos-2*), ademais de *seias* en *Vento21*, *seiamos* e *seidades* en *Mariscal* e *seian* en *Versos*. O paradigma recollido por Muñoz Bacelar (1966: 98) é *sea*, *seas*, etc.

32. En Cambados a forma que se rexistra actualmente é *valgha*, con gheada, igual que noutros puntos do Salnés. Como se pode apreciar no mapa 133 de *ALGa* (1990: 250) *vala* é a forma xeral de todo o galego occidental, e nalgún punto do Salnés concorren *vala* e *valga*.

meiras obras (*canisos-2* en *Terra17* e *canizos* en *Samos*; *esgasa* en *Terra17* e en *Vento21*, pero *esgaza* en *Mariscal*, en *Noite* e en *Camiños* e *esgazando* en *Samos*), á vez que procura evita-lo fenómeno en obras posteriores a 1926, o que fai que esta variante fonética na globalidade dos seus escritos sexa realmente escasa. A maior parte dos exemplos son de seseo implosivo, e aínda así é moi grande a desproporción verbo das formas non seseantes; así, hai un rexistro de *calis* e 20 rexistros de *cáliz*<sup>33</sup>, oito de *crus* e 57 de *cruz*<sup>34</sup>, 12 de *lus* e 123 de *luz*<sup>35</sup>, un de *pas* e 56 de *paz*<sup>36</sup>, catro de *rapás* e 11 de *rapaz*<sup>37</sup>, dous de *vês* e 19 de *vez*<sup>38</sup>, 13 de *vos* e 83 de *voz*<sup>39</sup>.

A pesar do puimento, hai formas que sempre aparecen con seseo como *asios* en *Terra17-2*, en *Vento21-2*, no texto en prosa “Vendima” (1947), en *Versos* e en *Samos*. Outras veces a forma corrixida reaparece con seseo en obras posteriores, como ocorre coas *fasulas* de *Desterro13* e de *Versos* fronte ás *fazulas* de *Vento21* e de *Camiños*, ou cos *risos* (da vela) de *Desterro13* e de *Desterro26*, que eran *rizos* —tamén da vela— en *Vento21*. E nas súas últimas obras segue habendo mostras de novas formas con seseo, como *sargasos* de *Camiños*; *relansos*, *sargasos* e *sinsel* de *Antifona*; *infelís*, *sancos* e *sarandeo* de *Versos*, e *sinseles* de *Samos*.

En *Samos*, a derradeira obra publicada, hai catro casos de ultracorreción de formas de *zoar* por *soar* aplicado a unha campá en dúas ocasións, a uns ramallos e a unhas arpas. Esta confusión xa se apreciaba en formas como *chouzas-2* no canto de *chousas* de *Desterro13*; en *zoa* de *Vento21-2*, tamén por *soa* (“¡Zoa, campaniña, zoa!”); e en *chouzal(es)* por *chousal(es)* en *Noite-2* e en *Camiños-3*. E igualmente no emprego da hipercorrección *receda* en *Desterro13* (“Vou ver si alcontro receda / nos mallóns do salgueiral”), que se repite en *Desterro26*, fronte a *reseda(s)* de *Noite* (“¡Que

33. O único rexistro de *calis* está en *Desterro13*; os de *cáliz* corresponden a *Vento21-1*, a *Desterro26*, a *Mariscal-5*, a *Noite-5*, a *Camiños-5*, a *Versos-2* e a *Samos*.

34. Os rexistros de *crus* corresponden a *Desterro13-5*, a *Terra17-2* e a *Vento21*; e os de *cruz* a *Vento21-4*, a *Desterro26*, a *Mariscal-2*, a *Noite-15*, a *Camiños-24*, a *Versos* e a *Samos-3*.

35. *Lus* rexístrase en *Desterro13-9*, en *Terra17-2* e en *Samos*; e *luz* en *Desterro13-3*, en *Terra17-4*, en *Vento21-19*, en *Desterro26-7*, en *Mariscal-14*, en *Noite-10*, en *Camiños-31*, en *Versos-15* e en *Samos-20*.

36. O único rexistro de *pas* corresponde a *Terra17*, e os de *paz* a *Desterro13-2*, a *Vento21-6*, a *Desterro26-2*, a *Mariscal-4*, a *Noite-4*, a *Camiños-11*, a *Versos-11* e a *Samos-15*.

37. *Rapás* rexístrase en *Desterro13-4* e *rapaz* en *Desterro26-4*, en *Mariscal-3*, en *Camiños-2* e en *Versos-2*.

38. *Vês* rexístrase en *Terra17* e *vez* en *Desterro13-3*, en *Vento21-3*, en *Desterro26*, en *Mariscal-2*, en *Camiños-4*, en *Versos-4* e en *Samos-2*.

39. *Vos* rexístrase en *Desterro13-9* e en *Terra17-4*, e *voz* en *Desterro13*, en *Vento21-13*, en *Desterro26-5*, en *Mariscal-15*, en *Noite-3*, en *Camiños-23*, en *Versos-10* e en *Samos-13*.

á veira dos teus ríos, nas doces arboredas fragantes / dos recendos de fiúncos e resedas / aniño o reiseñor”) e de *Camiños* (“os nosos viños sagros, recendentes / a erbaboa, a reseda e a tomiño”). En Cabanillas está a primeira —e de momento única— documentación de *reseda* na historia do galego escrito.

#### 1.4. Gheada e grupos *-ng-*, *-nc-*

Actualmente en Fefiñáns segue existindo gheada, realizada sempre como velar fricativa xorda e nunca como aspirada, tanto na xente nova coma na maior. Esa realización da gheada cun “som idéntico ao do castelhano” xa fora anotado por Muñoz Bacelar (1966: 52) na súa descrición do galego de Cambados. A ausencia do fenómeno dáse no grupo *-ng-* en formas como *angaso*, *domingo* ou *longo*, que nalgúns falantes pode rexistrarse con *-nc-*, do mesmo xeito que formas que en principio teñen *-nc-*, como *estancar* ou *tanque*, poden oírse con *-ng-* (Fernández Rei 1977: 295). Muñoz Bacelar (1966: 53, 86) indicara a existencia de “vários casos de ensurdecimento da oclusiva sonora na oclusiva surda” en formas como *incua*, *sancra*, *lencua*, *ancaso*, pero non o rexistrou en *ninguén* e *ningún*<sup>40</sup>.

Na obra de Cabanillas non hai ningún grafema para a representación da gheada, que se aínda hoxe é xeral en Cambados, con máis motivo o sería a comezos do século. O autor de *Vento mareiro*, seguindo a tradición literaria, tamén rexeitou marcar graficamente a gheada desde as súas primeiras páxinas; poida que a considerase castelanismo porque a realización que escoitaría sería un son semellante ó que representa o grafema <j> do español.

O autor de *Vento mareiro*, foi dos que fuxiu do galego e adoptou o respecto un criterio idiomático desgaleguizante, tal como afirmaba hai trinta anos Alonso Montero (1969: 41):

Os escritores —prácticamente todos— que rexeitan a ‘geada’ e o seseo no fondo aceptan un criterio idiomático desgaleguizante. Eles creen fuxir só da rudeza e resulta que tamén fuxen do galego (...). Todos nós temos rexeitado, casi sistemáticamente, o seseo e máila ‘geada’ por un criterio, coído eu, castelanizante, ó fin i ó cabo, un criterio antigaleguista, ou seña antipopulista (...). A ‘geada’ (‘jato’ por ‘gato’) ocupa unha vasta zona de Galicia na que adeprenderon a falar poetas tan decisivos prá constitución do galego literario como Rosalía, Curros, Pondal e Lamas Carvajal.

40. No índice de palabras desta monografía hai outros exemplos con ese mesmo enordecemento, como *cancalla* (p. 181), *dominco* (p. 175), *franculla* (p. 178) e *funqueiro* (p. 178).

Mais ningún deles a admitiu na súa obra escrita. O rasgo síntese como vulgar pero este sentimento recalco, está feito desde o castelán.

O grupo *-ng-* en Cabanillas mantense, como se ve en formas como *angasos-2*, *anguía-2*, *cangada-6* (e *cangar*, *cangalleiras...*), formas de *cinguir-41*, *domingo-7*, *frangullas-3*, *fungador-4* e *fungadora-3* (e formas de *fungar-20*), *fungueiro-3*, *léngua(s)-5*, *longo(s)-59* e *longa(s)-59* (e formas de *alongar-15*), *ninguén-25*, *ningún-3*, *ningunha-6*, *sangue-59* (e *sangre-29*) e *sanguíño-2*. Hai enxordecemento na forma *mancado* (“do día en que o fouciño / *mancado* no fungueiro”) do poema “Camiño adiante” con que comezan os libros *Desterro13* e *Terra17*. Por outra parte, non se rexistra sonorización no grupo *-nc-* en formas como *xuncos* pero si en *changueiro-2* por *chanqueiro* do soneto “A Procilo” de *Versos* (“Onte á noite, *-chanqueiro* tras *changueiro*, / máis de cincuenta cuncas tiña a bordo”).

Así e todo, coido que hai unha mostra indirecta de gheada na voz *buxina*, que aparece en Samos (“locido cortexo de tritóns de *buxina*”) e tamén no poema sen datar “As tardes na Pastora” no que lembra feitos da súa adolescencia:

[...] *compañeiros da escola do Convento*  
*co seu Fleury, os palotes e a cartilla*  
*compadres no mallarse na ribeira*  
*a coller caramuxos e buxinas,*  
*e de ir ós niños, esgazando a roupa*  
*nos estripas, nos valos e nas silvas*<sup>41</sup>.

Trátase da *bughina*, que Cabanillas tiña que coñecer, porque, á parte de usarse esa caracola con valor ornamental, era moi empregada pola xente do mar para avisar da brétema, para faceren sinais entre eles os xeiteiros e tamén para os mariñeiros xuntaren a xente cando ían vender peixe á terra<sup>42</sup>. Cabanillas cre que *bughina* é un castelanismo e adapta nunha forma *buxina* que soamente el usa na historia do galego escrito, e que non existe nas falas mariñeiras.

41. Cf. Cabanillas (1959: 588) e Cabanillas (1979 II: 419).

42. Sobre este molusco gasterópodo dicía Calo Lourido (1998a: 226): “E resulta que, a finais do século XX, os cornos de mar, antigamente empregados como buguinas para avisar da chegada dun barco con peixe ou para que outros se decataran da súa presenza no medio da néboa, son capturados con valor comercial [...]. Parece ser que en Andalucía este marisco ten moita aceptación, mentres que aquí só era coñecido polo seu pestilento cheiro cando apodrecía”.

Ríos Panisse (1974: 181) no seu estudio da fala mariñeira de Sada salienta que hai palabras que os mariñeiros non conciben sen gheada, como *bujina* (“*Buccinum undatum*”, “*Murex trunculus*”) e *aujamaré* (“*Rhizostoma pulmo*”), un tipo de medusa ou melfa. A estas formas coido que poderían engadirse outras como *maghas*, *maraghota* e *ghamela*, ou a forma “viguesa” e literaria *ghicho* do léxico non mariñeiro. E quen consulte a completa nomenclatura dos invertebrados e peixes de Ríos Panisse (1977: 94-5) verá que nos portos arousáns (e doutros rías) *bujina* é a forma común, fronte a *cornu* das Rías Altas e dalgún porto das Baixas. No Carril, ademais da *bujina*, rexistrouse *bosina*, termo que como a *busina* de Bueu e a *bosina* de Mogor-Marín posiblemente teña que ver máis coa forma *buso*, *busio* de Caminha —onde tamén se di *bosina*— que cunha hipotética despalatalización do son que representa o <x> de \**buxina*.

A primeira documentación da forma *buguina* figura no pontevedrés Pintos en *Galicia* (1861). No poema de 1885 “A rebeira de Cambados” Caamaño Silva emprega *bugina*, con gheada, de igual xeito que teñen gheada diversas formas desa composición onde se reproducen alcumes de regateiras e doutra xente da vila cambadesa (*Jañana*, *Burjans*, *Vijesa*, *Cajarabisas*, *Jordito*, *Ouregiño*, *Fogeteiro...*)<sup>43</sup>. Outras primeiras documentacións son *buguina* en Galo Salinas (*¡Lenda de horror!* 1894) e *bugina*, con gheada sen dúbida, no *Castelo de Pambre* (1895) de López Ferreiro. A forma do galego oral de Rianxo tamén ten gheada, malia que Manuel Antonio non a represente en *buguina* de poemas de *Sempre e máis dispois*, de *Foulas*, de *De Catro a catro* e de *Viladomar*, forma que tamén emprega Castelao nos *Dous de sempre* referíndose á *buguina* do automóbil.

Na lingua escrita da posguerra ata a actualidade hai moita documentación de *buguina*, pero no galego oral non teño constancia de que exista sen gheada, pois trátase dunha forma fundamentalmente da costa, e de puntos onde é normal a gheada. E nos portos da Mariña lucense onde non hai este fenómeno fonético dise *cornu*, como ocorre en Foz e en Cangas de Foz, en Rinlo e en Ribadeo.

### 1.5. Léxico

Por toda a obra de Cabanillas rexístranse formas que pertencían xa á tradición literaria do galego, pero que a el lle tiñan que resultar familiares, por seren formas aínda hoxe vivas en Fefiñáns. É o caso, entre outras, de

43. O poema aparece reproducido en Caamaño Bourmacell (1933: 8-9).

substantivos como *nai(s)*-74 (e *naiciña*-5), *meniño(s)*-20 (e *meniña(s)*-8), *agarimo(s)*-17, *cheiro(s)*-6 (“cheiro a rosas frescas” en *Desterro13*, “cheiro da roseira” en *Versos*), *estrume*-2 ou *fasulas / fasulas*-5, que usa xunto coa literaria *meixelas*-8; adxectivos como *maino(s)*-29 (e *mainiño*-3), que aplica especialmente ó vento, (*a*)*garimosa(s)*-25 ou *garimoso(s)*-5; e formas verbais de *agarimar*-4, de *cheirar*-8 (“Cheira a resina, fiuncho e marusía” en *Desterro13*, “Cheira / a fume ardido” en *Vento21*) ou o participio *comesto* das primeiras obras (“comesto pol-os corvos” de *Desterro-13* e de *Desterro26*; “Comestas pol-o tempo, xa afloxan as cadeas” de *Terra17*). Algunhas destas formas son do galego occidental, ou mellor dito, do galego meridional, caso de *cheirar* ou de *nai*; pero outras atópanse por todo o dominio, como *agarimo* e *agarimar*, que se oen en puntos tan afastados como a comarca de Compostela e Castrocaldelas, Rianxo e A Gudiña, Cambados e A Fonsagrada<sup>44</sup>.

Léxico de uso habitual en Cambados e noutros puntos do Salnés anda pola súa obra, como a forma *piorno(s)* para se referir ó hórreo<sup>45</sup>, que se rexistra en *Terra17-2*, en *Vento21-4*, no texto en prosa “Volkskunde” de 1935, en *Camiños* e en *Versos*, pero que logo en *Antífona* substituirá por *cabaceiros*; ou a voz cambadesa *candea(s)* que usa en *Vento21-2* e en *Camiños*, mentres que en *Vento15* aparecen *faíscas* ó referirse ás follas do piñeiral de Tragove e a *candea* en *Antífona* pasa a ser *frouma*, formas equivalentes ó *paúlo* que a un par de millas se di na veciña vila do Grove, á *charugha* e á *gharuma* de Rianxo e á bergantiñá e pondaliana *arume*. Esta última voz é moi usada por Cabanillas pero sempre no canto de “aroma”.

E do galego oral de Cambados son tamén nomes de froiteiras como *laranxeiro(s)* —e nunca *laranxeira(s)*— de *Vento21*, de *Desterro26*, de *Noite*, de *Camiños* e de *Versos*, forma recollida por Muñoz Bacelar (1966: 146), e *cereixeiros* das que fala en *Antífona*, que non só é voz común no canto de “cerdeiras”, senón que tamén existe como topónimo (“A Cereixeira” é lugar da parroquia cambadesa de San Vicenzo de Oubiña); nomes de animais como *toupeira*, para o animal, e non para o monte de terra que fai a toupá, que aparece na composición de 1920 “Denantes de que el fale”<sup>46</sup>, e

44. Cf. García (1985: s.v. *agarimar*, *agarimo*). Na Fonsagrada mesmo aparece en coplas populares: “A vella perdeu o vello / cando iban no leiriño / agora a vella chora / polo seu agarimiño”.

45. Valle-Inclán, que era de Vilanova da Arousa e que viviu algún tempo en Fefiñáns, no seu poema “Cantigas de vellas” usou esa forma *piorno*, no verso segundo do poema (“Revelaron os galos ao día / a ren do piorno nun craro luar”), reproducido en Filgueira Valverde (1966: 289).

46. A forma *toupeira* para o animal, que é característica de falas suroccidentais como Cambados, O Grove, Marín e Goián (García 1985: s.v. *toupo*) aparece tamén no poema “Mirando ó chau” de Cu-

que Curros usara no coñecido poema “Mirando ao chau”; e *donosiñas* da composición sen data “As tardes na Pastora”, e non “doniñas” nin “donicelas”<sup>47</sup>.

Outras voces propias desta vila do Salnés son *nontronte* para “antonte” de “Volkskunde” de 1935, ou *rever* de *Vento21* (“doente friaxe no aire reve”) como equivalente de “zumegar (humidade)”, fenómeno ben apreciable no interior das casas cando vén o vento húmido e quente do sur, pero que non se percibe cando zoa o frío e seco norte (ou o nordés). Castela introduciu *rever* con esta mesma significación, que é como se di en Rianxo, onde ademais é sinónimo de “suar” referido a persoas; en Cambados, por outra parte, pode dicirse que “sudan” as paredes. Esta acepción de *rever* escóitase no Grove e tamén en falas da Costa da Morte (Tobacee, A Manda e A Picota en Mazaricos...). Ben distinto é o *rever* da Terra Cha no sentido de “ir a menos” ou de “encoller” aplicado a unha persoa, a un froito calquera ou ós días, tal como recolleu o amigo Xosé L. Regueira, en diversos puntos desa chaira.

O cantor do piñeiral de Tragove introduciu no galego escrito a forma arousá *luzada*, que se rexistra por primeira vez en obras de 1926 (*Desterro26*, *Noite-2* e *Mariscal*) e logo en *Camiños-4*. Trátase dunha voz usada, en principio, no mar para referirse ás primeiriñas luces do día e que tivo gran fortuna no galego literario (cf. VI.2.2); pero Cabanillas vai substituí-la forma mariñeira *luzada* pola literaria *abrente* nas últimas obras (*Versos-3* e *Samos-3*), termo que presentaba un rexistro en *Camiños*.

Palabras vivas aínda hoxe en Fefiñáns e que Cabanillas usa por primeira vez na historia do galego escrito, consonte coa Base de Datos Lexicográfica do ILG, son, entre outras, *velaño*, *tremesiño* e *labarear*. A forma *velaño* é voz viva tamén en Rianxo, o que explica que estea ben documentada en obras dos rianxeiros Castela e Dieste. Cabanillas emprega *velaño(s)*-6 e *velaiña(s)*-6 no sentido de “lixeiro, delicado” tanto nos primeiros libros (“rosas velaíñas” en *Terra17* e en *Vento21*; “fungar velaíño”, “vento velaíño”, “alentar velaíño” e “velaíños encaixes” en *Vento21*) como nos últimos libros (“velaíñas follas dunha rosa” en *Camiños*; “rosa delicada e velaíña”, “a ofrenda máis cativa e velaíña” e “luz velaíña” en *Versos* e “emprego velaíño” en *Samos*). Actualmente utilízase en Cambados en expresións como “estar velaíño” ou “ter un sono velaíño” para se

ros Enríquez (“decote fozando / na coida terrestre / toupeiras humanas / que furan as seves, / o sangue das venas / perdendo a torrentes”). Non sei se é forma de Celanova, pero do veciño Ramirás si o é.

47. En Cambados a forma que sempre oín foi *denosiña*.

referir á persoa que non dá durmido por mor dunha preocupación ou dunha ansia, ou simplemente dise de quen ten un sono moi lixeiro. En Rianxo é sinónimo de “suave”.

O *tremesiño* de Cabanillas —que despois se documenta en Leandro Carre, en Risco e en Iglesia Alvariño— corresponde ó *estremesiño* co que se designa na zona labrega de Fefiñáns unha terra branda onde nace auga, que “treme” cando se pon alguén ou algo encima e que equivale ó *tremo* de Rianxo e a *tremedal*, *lagorza*, (*terra*) *tremesiña* e *bulleiro* doutras partes do noso dominio lingüístico. A forma rexístrase en *Terra17* (“¡Bermello, leva coidadado / c-o carriño / que pode caír / tumbado no goyo d-un tremesiño”), en *Terra26* (“por riba da silveira e o tremesiño / ten de trunfar nosa vontade rexa”) e en *Versos*, na tradución dun poema de Ovidio (“Punida pol-os deuses, a que un día / foi terra poboada e labrantía / é, nestora, fremente tremesiño”) e na versión dun poema de Tennyson (“non me chamedes dende o fondo escuro / dos brañales da terra, / dos tremesiños de sorvente furo”). Tamén se rexistra na prosa de *Antífona* nunha acepción figurada (“sacando pol-os pelos os afundidos nos tremesiños dos malos pasos”).

O verbo *labarear* de *Terra17*, de *Vento21* e de *Camiños*, igual cá variante *alabarear* de *Samos* e do texto en prosa “As romaxes de Nosa Señora de Franqueira” (1927), aplícase ó sol, mentres que en *Antífona* dise do lume (“labareado de ítimo fogo”). En Cambados, en principio, dise que *labarea* o sol, pero tamén o lume dunha fogueira; e así mesmo dise *labareado* do pan ou do peixe que parece cocido ou frito, cando en realidade o exceso de lume o que fixo foi torralo, queimalo por fóra, pero deixalo cru por dentro.

Unha forma como *palanquín* ten en Sarmiento (“palanquín de pesos”) a primeira documentación do galego escrito e nos *Arraianos* (1991) de Méndez Ferrín unha das últimas (“proseguiron a súa viaxe en palanquín a través do deserto das poulas”); pero o *palanquín* de Cabanillas ten o sentido de folgazán —de uso moi frecuente no galego de Cambados e no de Rianxo— tanto na obra teatral *A man de Santiña* (1921) como en *Terra26* e en *Versos*. Antes de Cabanillas xa usara esa forma con esa acepción o tamén cambadés Caamaño Silva (“¿Y’él que rayos foi teu pai? / ¡Un borracho, un palenquín”), no xa mencionado poema “A rebeira de Cambados” (1885). Nas terras de Maceda de Ourense *palanquín* úsase no sentido de “parviño”, segundo me informou o amigo Xoán Babarro.

Unhas veces Cabanillas emprega sempre a forma propia de Cambados, como no caso de *ponla(s)*-53 (e *ponliña(s)*-2), mentres noutros casos as formas arousás case non se rexistran ó preferir equivalentes doutras áreas

lingüísticas; é o caso de *baldeiro(s)* de *Terra17* e de *Desterro26-2* respecto dos 18 rexistros de *baleiro*<sup>48</sup> ou o do insólito *fechar* en relación cos moitos rexistros de *pechar*<sup>49</sup>, xa desde *Desterro13*. Outras veces as formas da Arousa (e doutras falas occidentais) aparecen, fundamentalmente, nas primeiras obras, e a partir dos anos vinte vainas substituíndo por solucións doutras áreas que debeu tomar da tradición literaria ou do portugués, como pasa con *esquencer* ou con *lóstrego*, substituídos por *esquecer*<sup>50</sup> e por *lampo*<sup>51</sup>.

E o mesmo caso é de *cón*, que ten como concorrentes *penedo* e o portugués *rochedo*. A forma *cón*, que en Cambados tanto se aplica ás grandes pedras do monte como as do mar, especialmente as que son visibles, aparece para se referir ás do mar en *Desterro13* e en *Vento21-3* e mais en obras de 1926 (*Desterro26*, *Terra26* e *Mariscal*); pero en *Noite*, obra deste mesmo ano, prefírese *penedo(s)*-3 a *cons*, pois “impoñente penedo / sin rubida ni asalto nin buraco segredo” era o que cerraba, ó longo da ribeira, o camiño á terra de arribada da barca milagreira na que viña Galahaz, quen despois “chegándose â pedra” fendeu o penedo. E a barca na que viña o corpo do rei Artur deu no remanso dunha praia tranquila “por altivos e fortes penedos coroada”. Ademais, en *Noite* emprega por primeira vez a forma *rochedo(s)*-8, que debeu tomar do portugués, nalgún caso referido a grandes pedras no mar, coma no caso de Sir Gawaine, que levaba “vinte anos / sobre un rochedo da praia, / batido pol-os salseiros”. Outros rexistros de *rochedo* están en *Camiños*-12 e en *Samos*-2, pero poucos teñen relación co mar.

48. Rexístrase *baleiro(s)* en *Desterro13-2*, en *Terra17*, en *Vento21-3*, en *Noite*-4, en *Camiños*-4 e en *Versos*-2; e *baleira(s)* en *Desterro26* e en *Versos*, onde ademais se rexistran formas de *baleirar*-2. Cabanillas usa *valeiro*, *valeira*... sempre con v-.

49. En toda a obra concordada hai 43 rexistros de *pechar*, de *pecho* e de *pechado* (e unha *pechadura*) e só dous *fechos* en “fiel de fechos” de *Desterro13* e un *fechar* (a porta) en *A man de Santiña* (1921). Puidera ser que no galego oral de Cambados daquela *pechar* concorrese con *fechar*, como de feito pasa hoxe na fala do concello de Rianxo, ou que Cabanillas considerase pouco literario o *fechar* cambadés.

50. Hai 21 rexistros de *esquencer* en *Desterro13* e en *Terra17*, xunto con algún en *Vento21* e en *Desterro26* en versos reeditados e non corrixidos. O normal é que nos poemas reeditados utilice *esquecer*, o mesmo que fai nas obras publicadas despois de 1921, ata un total de 66 formas.

51. *Lampo(s)* rexístrase en *Camiños* e en *Versos*; e *lóstrego(s)* en *Desterro13*, en *Desterro26*, en *Mariscal*-5, en *Noite* e en *Camiños*-2. A forma común en Fefiñáns é actualmente *lústrigo*, mentres que o xeral no galego oral é *lostrego* (e as variantes *lustro*, *relustro* e *alustro*). Nos datos do *Atlas Lingüístico Galego* rexístrase *relampo*, especialmente en puntos próximos á raía portuguesa. *Lampo* ten as primeiras documentacións no lugués A. Pereira (*Cousas da aldeia* 1891) e nos ourensáns Pérez Placer (*Contos, lendas e tradicións* 1891 e *Contos da terra* 1895), Álvarez Novoa (*Pé das Burgas* 1896) e S. Eiján (*Magoas* 1913). Relacionada con *lampo* está a forma *lampadas* de *Noite* e de *Camiños* (“a luz saíndo a feixes, en fíos e lampadas”).

Ás veces Cabanillas non usa palabras moi comúns en Cambados (e no galego pontevedrés) como *escorregar* ou *estrugas*. No primeiro caso preferiu o *esvarar* de Curros, que o berciano Fernández Morales introduciu no galego literario en 1861, e non o *escorregar* que inseriu o pontevedrés Pintos en 1858. No segundo caso preferiu as *ortigas* dos coruñeses Añón e Rosalía, autores que usaron esta forma por primeira vez na historia do galego escrito, e non as cambadesas (e pontevedresas) *estrugas* que se documentan por primeira vez en 1858 nunha obra de Pintos e despois na obra *Estrugas* (1894) do tamén pontevedrés Lois Estévez<sup>52</sup>. Na fermosa prosa de *Antífona* emprega a voz mindoniense *deligras* e non a cambadesa *ghó-chicas* nin a moi coñecida *cóxegas*, posiblemente porque as *deligras* lle parecían máis literarias e menos vulgares.

## 2. Tradición literaria e rexeneracionismo: os arcaísmos

Autores como Pintos, Curros ou Pondal acoden ó portugués para recuperar formas castelanizadas no galego oral. Son formas portuguesas que moitas veces coinciden coas do galego antigo, como se puido apreciar cando se coñeceron os cancioneros e moitos instrumentos medievais. Na lingua literaria do período de entre séculos entran arcaísmos gráficos, morfolóxicos e sobre todo léxicos, do que son boa mostra as pezas teatrais de Galo Salinas, os poemas históricos de Francisco Tettamancy e, moi especialmente, as novelas de Antonio López Ferreiro. Nestes autores con frecuencia o arcaísmo léxico convive nunha mesma obra co castelanismo correspondente, mentres que en autores posteriores a lídima forma arcaica irá desprazando a non galega (Fernández Rei 1998).

Esta tradición literaria tena en conta Cabanillas e a ela acode para rexenerar e descastelaniza-lo seu galego oral, como se ve no uso de formas coma *pobo(s)*-49, que usaran Rosalía, Curros e Pondal<sup>53</sup>; *cibdade(s)*-29 e o minoritario *cidade(s)*-8; *castelán(s)*-9 e *castelás*, xunto coa forma *Castella*-41 (e nunca *castellano* nin *castellana*). E o mesmo en léxico relacionado coa igrexa, como *mosteiro(s)*-42 (e nunca *monasterio*), que ten as primeiras documentacións en Sarmiento, en Pintos, en Curros e en Lamas;

52. Os rexistros desas formas na obra concordada son *esvarou* en *Mariscal* e *ortigas* en *Desterro13*. En *A saudade nos poetas galegos* (1920), o seu discurso de entrada na RAG, tamén usa *ortigas*.

53. Ás veces a forma é *povo(s)*, coa grafía portuguesa, como ocorre en *Noite*. Nas obras concordadas de Cabanillas non se rexistra nunca o castelanismo *pueblo*.

*igreja(s)*, que aparece especialmente nas primeiras obras (*Desterro13-3*, *Terra17-4*, *Vento21-6*, *Mariscal* e *Camiños-2*), a carón de *eirexa* despois de 1926 (*Mariscal-4*, *Camiños-3*, *Versos-2* e *Samos-9*) e de *eirexas* e *eirexiñas* en *Camiños*; e *freira* de *Vento21*, de *Mariscal-3* e de *Samos*, en concorrencia con *monxa* de *Desterro13*, de *Vento21*, de *Desterro26* e de *Camiños*, onde ademais usa a forma *monxiña(s)*-4.

Entre os arcaísmos léxicos que enriquecen a lingua de Cabanillas hai adxectivos como *antigo(s)*-25 e *antiga(s)*-15, xa desde *Terra17*, onde tamén aparece o único rexistro de *antiguos*; e en obras de 1926 e anos posteriores usa formas como *belido*-6 e *belida(s)*-24, *fermoso*-3 e *fermosa(s)*-13, *senlleiro*-4 e *senlleira*-7, que ten na forma *señeiro(s)* de Pintos (*A gaita gallega* 1853) a primeira documentación<sup>54</sup>. Outro arcaísmo é *sinxelo(s)*-13 e *sinxela(s)*-25 (e nunca o castelanismo *sencillo* ou *sencilla*), que aparece por toda a súa obra xa desde *Desterro13* e *Terra17* e que debeu aprender en Curros e en Pondal<sup>55</sup>.

Outros arcaísmos son *ardimento*-8 e *ardido*-11 nas obras dos anos vinte e da posguerra<sup>56</sup>; *benquisto(s)* en *Camiños* e en *Versos*<sup>57</sup>; *conquerir* en *Mariscal-4*, en *Noite-4*, en *Camiños-5*, en *Versos-4* e en *Samos*<sup>58</sup>; *door*-15, coa vocal dobrada propia da fase medieval, e *dor*-22, que aparecen xa nas primeiras obras, sempre en concorrencia con *dolor*, variante esta que presenta 15 dos 20 rexistros en *Camiños* e en *Samos*; *hoste(s)* en *Mariscal-5*, en *Noite*, en *Camiños-3* e en *Samos*, forma que ten as primeiras documentacións en Pintos (1861), no xornal *O Novo Galiciano* (1888), en Brañas (1889) e en Galo Salinas (1894); *moimento* en *Terra26* e en *Versos-2*; e *vegada(s)* en *Noite*, en *Camiños-2*, en *Antífona* e en *Versos*, forma minoritaria respecto dos 53 rexistros de *vez* (e *veces*).

54. As seguintes documentacións son as formas *señeira* de Cuveiro Piñol (*Pedro Madruga, drama hestórico nun auto e tres cadros en verso* 1897) e *silleira* de Leiras Pulpeiro (*Vocabulario gallego-castellano* 1912).

55. A primeira documentación de *sinxelo* está en Pintos (*Contos da aldea...* 1858), e é a forma usada por Curros (*Aires da miña terra* 1880) e por Pondal (*Queixumes dos pinos* 1886). Rosalía empregou o castelanismo *sencillo* e *sencilla*, con cadanseu rexistro, en *Cantares gallegos* (1863), mentres que en *Follas novas* (1880) hai tres rexistros de *inxel* e un de *inxele*, *inxela*, *inxeliño*, *inxeliña* e *sencilla*.

56. *Ardimento* rexístrase en *Vento21*, en *Mariscal-2*, en *Noite*, en *Camiños-3* e en *Versos*; *ardido(s)* en *Noite-2*, en *Camiños-2*, en *Versos-2* e en *Samos*; e *ardida* en *Camiños-2*, en *Versos* e en *Samos*.

57. Aparece a forma *benquerida* en *Noite* e en *Camiños-2*.

58. Ademais rexístrase *conqueridor* en *Antífona* e en *Samos* e *conqueridoras* en *Camiños*. Do verbo “conquistar” nas obras concordadas só se rexistra *conquistada* en *Mariscal*.

O arcaísmo *fiestra*, que Sarmiento e López Ferreiro introduciron no galego escrito<sup>59</sup>, aparece en obras dos anos cincuenta, como *Antífona*, con varios rexistros e en *Versos* e en *Samos* con cadanseu rexistro. En *Antífona* e mais en *Versos* utiliza tamén o lusismo *xanela(s)*, mentres que en *Vento21* usa a insólita *chanela* no canto do castelanismo *ventana* de *Vento15*, forma esta característica das primeiras obras. O latinismo *fenestra*, que é forma propia de Manuel Antonio, aparece en *Mariscal*-10 e en *Camiños*-2, onde tamén se rexistra *finestra*<sup>60</sup>.

Emprega arcaísmos gráficos en formas como *amañesce* e *amañescer* de *Desterro13*, pero non en *amañecer* de *Vento21* e de *Antífona*; en *aparece* de *Desterro13*, de *Desterro26* e de *Mariscal* e en *paresceu* de *Desterro13* e *parescer* de *Camiños*, pero maioritariamente usa *aparecer*; e o mesmo arcaísmo gráfico haino en *acaesceu* de *Noite* e de *Camiños*. En *renascente*, *renascer* e *renascerá* (pero *renacencia*) de *Noite* e de *Camiños* posiblemente o grupo *-sc-* apareza máis por influxo do portugués que por arcaísmo. Ademais, en toda a súa obra, desde *Desterro13* e *Terra17* a *Samos*, rexístranse os falsos arcaísmos *silenzo*-36 e *silenzoso*-30<sup>61</sup>.

### 3. Enxebriación e “descastelanización”

#### 3.1. Diferencialismos

Na procura dunha lingua rexenerada e regaleguizada Cabanillas usa formas literarias, coma *enxergar*<sup>62</sup> de Rosalía, de Añón, de Lamas e de

59. As primeiras documentacións son *fiestas* en Sarmiento (*Coloquio de 24 gallegos rústicos* 1746), *finiestra* en Ribalta (*Ferruxe* 1894), *fiestra* en López Ferreiro (*O castelo de Pambre* 1895 e *A tecedeira de Bonaval* 1895, e tamén en *O niño de pombas* 1905), *finestra* en Carré Aldao (*Brétemas* 1896), *fenestra* en Rodríguez López (*A cruz de salgueiro* 1899), *feestra* en Ribalta (*Libro de Konsagración* 1910), *fenestra* en Carré Alvarellos (*Para vivir ben de casados* 1917), *fenestras* en *A Nosa Terra* (1917) e en López Abente (*O deputado por Beiramar* 1919), *fenestra(s)* en Lugrís Freire (*Estadefiña* 1919) e *fenestra* en Carré Alvarellos (*Da raza* 1919).

60. Hai 18 rexistros de *ventana(s)* (*Desterro13*-7, *Terra17*, *Vento21*-6 e *Camiños*-4), xunto con 5 de *ventaniña(s)* (*Desterro13*-3, *Vento21* e *Camiños*) e 3 de *ventán* en *Camiños*. Os rexistros de *fenestra* son 12, deles 10 en *Mariscal* e 2 en *Camiños*; nesta obra hai un rexistro da variante *finestra*, que é a forma do italiano e do catalán.

61. Son 36 rexistros de *silenzo* en *Desterro13*, en *Terra17*, en *Vento21*-5, en *Mariscal*-9, en *Noite*-7, en *Mariscal*-2, en *Camiños*-9, en *Versos*-2 e en *Samos*-9 (e *silenzos* en *Terra17*) fronte a un só de *silencio* en *Camiños*. O adxectivo *silenzoso(s)* aparece en *Vento21*, en *Desterro26*-2, en *Mariscal*-3, en *Noite*, en *Camiños*-2 e en *Samos*, e *silenzosa(s)* en *Terra17*, en *Vento21*-6, en *Desterro26*, en *Mariscal*-4, en *Noite*-2, en *Camiños*-4 e en *Samos*-2, ademais de *silenzosamente* en *Mariscal*-4.

62. As primeiras documentacións de formas do verbo *enxergar* documéntanse en Rosalía (*Contos da miña terra* 1864), en Añón (*Poesías en galego* 1878), en Pérez Ballesteros (*Versos en dialecto ga-*

Curros, que se rexistran en *Mariscal*, en *Noite*, en *Camiños*-2, en *Versos*-2 e en *Samos*-6, ademais de *enxergamento* en *Versos*. Asemade prefire formas galegas non homófonas do castelán como *bágoa(s)*-84 e nunca *lágri-ma*; *derradeiro(s)*-36 e *derradeira(s)*-24 e nunca *último*<sup>63</sup>; *ledo(s)*-40 e *leda(s)*-41, que aparecen por toda a obra, xa desde *Desterro13* e *Vento15*, pero sen que se rexistre *alegre*; formas de *quedo*-22, que ten a primeira documentación en Feixoo de Araúxo no último tercio do séc. XVII<sup>64</sup>, e nunca *quieto*; *beizos*-65, cunha concorrencia do popular *labios* en *Samos* e outra do literario *labres* en *Vento21*<sup>65</sup>; *rubir*-90, mentres que *subir* só se rexistra en *Desterro13*-4 e en *Desterro26*; e *zarrar*-10, con máis rexistros que *cerrar*-6. Nas primeiras obras emprega *legría*-16, e mesmo *alegría*-10, pero será a partir de *Vento21* cando use a literaria *ledicia*-36 e o adxectivo *ledizoso*-16<sup>66</sup>.

Ás veces a forma de tradición literaria e a popular rexístranse ó longo de toda a obra, desde *Desterro13*. É o caso de formas verbais de *lembrar*-26 e o substantivo *lembanza(s)*-20 —voces literarias e diferenciais que empregaran Pintos, Rosalía, Curros e Pondal—, xunto con formas de *relembrar*-17 e de *relembanza(s)*-5 e *relembro(s)*-5, que están en concorrencia con formas de *recordar* e *recordo* do galego oral, cun total de 52 rexistros, ademais da palabra *recordazón* en *Vento21*-2. E o mesmo se pode dicir de *achar*-9 e (*a*)*topar*-81, xa desde as primeiras obras, aínda

*llego* 1878), en Lamas (*Poemas* 1885, 1886 e *Gallegada* 1887), no Periódico *O Galiciano* (Pontevedra 1886) e en Curros (*O divino sainete* 1888). En Valladares (*Maxina* 1880), en López Ferreiro (*A tecedeira de Bonaval* 1895 e *O castelo de Pambre* 1895) e en Tettamancy (*O castro de Cañás* 1903) rexístrase a variante *dexergar*.

63. Nalgún caso *derradeiro* non se refire a “último”, senón a vir cargado de atrás, como en “O carro ven derradeiro, chirra que te chirrarás”, do poema “Vendima en Salnés” (Cabanillas 1959: 559; 1979 II: 353), tal como se rexistra en Cambados e noutros lugares (Rianxo, Forcarei...). No barrio tamén cambadés de San Tomé do Mar, hai anos eu rexistrara *derradeiro* e *derrodeiro* —cruce coa voz *roda*— para designar ese carro cargado de atrás. Trátase, en principio, do derradeiro carro co que se está a transportar algo, de aí o refrán que se oía en puntos do Salnés: “o derradeiro [carro], ou vai cheo ou vai baldeiro”.

64. Hai 5 rexistros de *quedo*, 8 de *quediño*, 5 de *queda(s)*, 1 de *quedamente* e 3 de *quediñamente*. As primeiras documentacións están en Feixoo de Araúxo (*Entremés famoso sobre da pesca do río Miño* 1671), en Sarmiento (*Coloquio de 24 gallegos rústicos* 1746), no anónimo da *Tertulia de Picaños* (1836) e en Pintos (*A gaita gallega* 1853).

65. En *Desterro13* e en *Vento15* usa *beixos* “labios” no canto de *beizos*, erro que xa salientara Alonso Montero (Cabanillas 1979 I: 9).

66. *Legría(s)* figura en *Desterro13*-4, en *Terra17*, en *Vento21*, en *Desterro26*, en *Mariscal* e en *Camiños*; *alegría(s)* en *Terra17*, en *Vento21*-3, en *Desterro26*, en *Camiños*-4 e en *Versos*. Os rexistros de *ledicia(s)* están en *Vento21*, en *Noite*-4, en *Mariscal*-10, en *Camiños*-9, en *Versos*-6 e en *Samos*-6. Rexístrase *ledizoso* en *Noite*-2, en *Camiños*-5, en *Versos* e en *Samos*-2 e *ledizosa(s)* en *Noite*-2, en *Camiños*-2, en *Versos* e en *Samos*.



que neste caso a frecuencia de *achar*, que aparece en *Desterro13-2*, en *Terra17*, en *Vento21*, en *Mariscal*, en *Camiños-2* e en *Versos*, é moito menor cá de *(a)topar*<sup>67</sup>.

Usa formas feitas de materia galega con espírito castelán como *antergo(s)-9* e *anterga(s)-7*, que se documentan nos poemarios da posguerra<sup>68</sup>, e outras como *arela(s)-20* e *arelar-6* (e *arelante-6*), que empeza a usar en obras de 1926, como se ve nos diversos rexistros desas formas en *Noite* e en *Mariscal*<sup>69</sup>. Na nova edición de *No desterro* do mesmo ano, cambiou o poema 42 do texto de 1913 que dicía “Eu tiña un desexo” por “Eu tiña unha arela”, tal como sinalou Alonso Montero (Cabanillas 1979 I, II: 9), que considera que o galego literario aprendeu no poeta cambadés esa palabra. Poida que fose o gran difusor da *arela*, pero a primeira documentación desta forma, tan usada na literatura de onte e de hoxe, está no *Libro de Konsagrazi3n* de Ribalta de 1910, con 12 rexistros<sup>70</sup>. E Cabanillas creou formas como *inquedar* e *inquedade*<sup>71</sup>, de diferente fortuna no galego literario, para o que se valeu do adxectivo *inquedo*. Esta forma, introducida por Montenegro Saavedra en 1886, nos anos 20 rexístrase en Manuel Antonio, en Amado Carballo, en Cabanillas e en Dieste, entre outros autores.

No seu labor de regaleguización e na procura dun galego diferenciado do castelán Cabanillas tivo en Curros un bo modelo, diferencialismo que non se aprecia en Rosalía. O autor de *Aires da miña terra* evitou formas

67. Tamén hai formas de *encontrar* en *Mariscal*, en *Versos* e en *Samos-2*, e de *encontro(s)* en *Desterro13*, en *Vento21*, en *Mariscal*, en *Camiños-3* e en *Samos*.

68. *Antergo*, variante de *entergo*, *entrego* “adulto” (lat. INTEGRUM) usouse no galego culto para “antigo, antepasado”, por posuír, segundo Santamarina (1995: 84), “unha resonancia paronomásica con *antigo* pero ten unha aparencia máis galega ca esta; ademais axúdalle que a variante *antergo* é xa de escaso uso e de contorno semántico pouco definido”. En Cabanillas rexístrase *antergo(s)* en *Camiños-2*, en *Versos* e en *Samos-6*, e *anterga(s)* en *Camiños-3*, en *Versos-3* e en *Samos*.

69. *Arela(s)* “ánimos” (derivada de *ar*) no sentido de “anhelo(s)” e a forma *arelar* “anhelar”, creación do galego literario, usáronse por paronomasia coas castelás *anhelo*, *anhelar* (Santamarina 1995: 84). Os rexistros de *arela(s)* están en *Desterro26*, en *Mariscal-8*, en *Noite-3*, en *Camiños-7* e en *Samos*; os das formas de *arelar* aparecen en *Noite* e en *Camiños-5*; e os de *arelante(s)* en *Mariscal*, en *Noite-2* e en *Camiños-3*.

70. No 1916 e no 1917 documéntase nas páxinas de *A Nosa Terra*, no 1919 en Ricardo Carballal, en Castelao, en López Abente e en Lugrís; no 1920 úsana Risco e de novo López Abente. Polo que respecta ó verbo *arelar*, as primeiras documentacións están nas páxinas de *A Nosa Terra* dos anos 1916 e 1917, no 1919 en López Abente e en Risco e no 1922 en López Abente, en Manuel Antonio, en Montes, en Taibo e na revista *Rexurdimento* de Betanzos. No 1924 úsaa Pita Romero, no 1925 Filgueira e un ano despois Cabanillas e Dieste.

71. Rexístranse formas de *inquedar* en *Mariscal*, en *Noite*, en *Camiños-2* e en *Versos-2*, e de *inquedade(s)* en *Vento21*, en *Mariscal-4*, en *Camiños-2* e en *Versos-5*. Emprega *inquedo(s)* en *Mariscal*, en *Camiños*, en *Versos-2* e en *Samos*, *inqueda* en *Versos-2* e *inquedante* en *Noite*, en *Camiños-3* e en *Versos*.

idénticas ás castelás, substituíndoas por un sinónimo galego como *bágoa* ou *bagulla* (e nunca *lágrima*) e *beizos* (máis usado ca *labios*), á vez que usou hipergaleguismos de diversos tipos, como *primaveira*, *hourizonte*, *hixene*, *xeroulifos*, *brilar*, *entradas*, *montana*, *iñorar* ou *praneta*, tal como analizou Rúa Ferradás (1987: 71).

### 3.2. Hipergaleguismos e popularismos

A “hipergaleguización” de formas plenamente galegas, a maioría de orixe culta, é unha maneira máis radical de diferencialismo, porque con este procedemento preténdese substituír voces que pertencen ó diastema do galego, tal como sinalaron Fernández Salgado e Monteagudo Romero (1995: 124). E Cabanillas pertence plenamente á etapa do “galego enxebrista ou diferencialista” de que falan estes lingüistas (p. 133 ss.).

De igual xeito que Curros, o autor de *Vento mareiro* foxe das palabras comúns ó castelán co emprego de hipergaleguismos, que ás veces son as únicas formas rexistradas nas diferentes obras, como ocorre con *primaveira(s)-18* e *hourizonte(s)-10*, sen ningún rexistro de *primavera* nin de *horizonte*; e con *tranquío(s)-23* e *tranquiá(s)-12*, e cun só rexistro de *tranquilo*.

Outras veces o hipergaleguismo é propio das primeiras obras, como *montana(s)-13*, introducido por Añón, por Lamas e por Curros<sup>72</sup>, que logo Cabanillas substitúe por *montaña(s)-18*; ou ben a forma hipergaleguizada aparece nos anos 20, concorrendo ás veces nunha mesma obra coa forma normal, como ocorre co adxectivo *outo-60* no canto de *alto*<sup>73</sup>, que Cabanillas é o primeiro en usar no galego literario, e cos substantivos *outura(s)-14*<sup>74</sup>, con algún rexistros máis ca *altura(s)-11*, e *soma-31* menos documentado ca *sombra-47*<sup>75</sup>.

72. Hai 12 rexistros de *montana* (*Desterro13-2*, *Terra17-2*, *Vento21-5* e *Mariscal-3*) e un de *montanas* en *Desterro13* fronte a 18 de *montaña* (*Terra17-2*, *Desterro26*, *Noite-2*, *Mariscal*, *Camiños-8*, *Versos-3* e *Samos*). As primeiras documentacións de *montana* son de Añón, que nas *Poesías en galego* (das décadas de 1860 e 1870) ten un rexistro de *montana* e dous de *montaña*; de Lamas, que nas *Saudades gallegas* de 1880 ten un de *montana* e outro de *montaña*; e de Curros, con seis aparicións de *montana* e dúas de *montanas* en *Aires da miña terra*.

73. Cabanillas usa *alto* como nome, pero como adxectivo emprega *alto* e *outo*. Na obra concordada hai 29 rexistros de *alto(s)* e 18 de *alta(s)*, mentres que son 37 os de *outo(s)* (*Vento21-3*, *Noite-2*, *Mariscal-8*, *Camiños-8*, *Versos-6* e *Samos-10*) e 23 os de *outa(s)* (*Vento21*, *Desterro26-2*, *Mariscal-5*, *Noite*, *Camiños-4*, *Versos-3* e *Samos-7*).

74. Hai 14 rexistros de *outura(s)* que corresponden a *Mariscal-2*, a *Noite*, a *Camiños-4*, a *Versos* e a *Samos-5*. Os 11 rexistros de *altura(s)* corresponden a *Desterro13*, a *Mariscal-4*, a *Noite-3* e a *Camiños-3*.

75. *Sombra(s)* rexístrase en *Desterro13-7*, en *Terra17-3*, en *Vento21-21*, en *Desterro26-2*, en *Mariscal-6*, en *Noite* e en *Camiños-7*; e *soma(s)* en *Vento21*, en *Mariscal-4*, en *Camiños-2*, en *Versos-13* e en *Samos-11*.

Evita o autor a forma *aroma* en *Desterro13* ó crear unha forma *arume*, que utiliza en *Terra17-2*, en *Camiños-2*, en *Samos* e sobre todo en *Vento21-15*, á vez que emprega un verbo *arumar*. Foi dos primeiros en usar *infindo*<sup>76</sup>, en *Noite-4*, no canto do cultismo *infinito*, forma que antes usaron Risco e Manuel Antonio. Hai moitos outros hipergaleguismos e invencións en toda a súa obra, mesmo nunha obra cunha lingua coidada como a triloxía da saga artúrica *Na noite estrelecida* detéctanse en abundancia estas formas<sup>77</sup>.

En Cabanillas hai un uso frecuente de vulgarismos e de popularismos como *amostrar-38*, en concorrencia con *mostrar-18*; *fror(es)-91*, fronte a un só caso de *flor*; *arbre(s)-28*, xunto a *árbores* de *Vento21* e de *Desterro26*; *probe(s)-77* e *probiña-5*, fronte a un rexistro de *pobres* e de *pobriña*; *tromenta-16* e *leial(es)-25*, mentres que só hai un de *tormenta* e outro de *leais*. Por outra parte, no seu labor diferencialista usa variantes “ourensás” como *eiquí-18*, *faguer-43* e *trager*, que conviven con *aquí-34*, *facer-28* e *traer-4*, que son as formas cambadesas e maioritarias do galego oral, idénticas ás castelás no caso de *aquí* e de *traer*. Nos deícticos usa sempre o paradigma *este, esta, esto* propio da Arousa e non as formas hipercharacterizadas *iste, ista* e *isto* tan frecuentes en Manuel Antonio e en Otero Pedrayo.

Segundo F. Salgado e Monteagudo (1995: 123), foi o temor á disolución do galego ante a presión do castelán o que explica “a aparición dos chamados *hipergaleguismos* e *pseudogaleguismos* por unha parte e a abundantísima proliferación de *vulgarismos* e *popularismos* diferenciadores por outra (*frol, probe, arbre, dreito, pra*)”. De xeito especial estes dous últimos “foron identificados como máis galegos e como máis representativos —en tanto que distintivos— ata ben entrada a década dos 70 en que se dá unha reacción etimoloxista na lingua culta con respecto á lingua popular que era obxecto de dignificación”.

76. Hai un rexistro de *infindo* e tres de *infinda* en *Noite*, que son os mesmos de *Camiños*. A forma *infindo* aparece en *Camiños* e en *Samos*, con cadanseu rexistro. As primeiras documentacións de *infindo* están en *A Nosa Terra* (1917), en Risco (*Teoría do nacionalismo* 1920) e en Manuel Antonio (nun poema de 1920 e en *Con anacos d’o meu interior* 1922).

77. En *Noite*, á parte dos citados *primaveira, hourizonte-3* e *tranquío-3* (e *tranquiá(s)-2*) rexístranse moitos outros como *cencia, obediencia; cramor-2, crara, crarexar, craridade(s)-4, groria-9, grorioso-2* (e *groriosa*), *tempo-2; diviño(s)-7* (e *diviña-7* e un só rexistro de *divino*), *iñorada* (e *inorada*), *armoñoso* (e *armoñosas*); *sono(s)-3* por *soño* (e *ensono* por *ensoño*); *luminoso(s)-2* (e *luminosa(s)-4*), *sereo* (e *serea(s)-3*) e diversas formas de *brilar-5* (e o adxectivo *brilante-2*).

### 3.3. Castelanismos

A pesar da procura dunha lingua enxebre e rexenerada, que é unha constante en toda a súa obra, en Cabanillas hai bastantes castelanismos, malia que algúns de luxo teñen que ser moi conscientes, como *Dios, campana* ou *gallego*.

En Curros tamén hai castelanismos de luxo (*Dios, gallego, deuda, duda, capilla*), que ás veces adapta á fonética galega (*baraxa, xuez*), ou ben son castelanismos con aparencia de forma galega (*coseitea* “colleita” ou *aleixado* “afastado”), como analizou Rúa Ferradás (1987: 71). No seu labor de regaleguización e de descastelanización consciente, o escritor de Celanova usa formas como *door* e *saudado* na segunda edición do poema “O gueiteiro” de 1880, cando na primeira de 1877 empregaba os castelanismos populares *delor* e *saludado*, tal como sinalou Alonso Montero (1966: 322).

Na obra de Cabanillas son castelanismos de luxo formas como *Dios-150, dioses-11, diosa(s)-5, adioses* (e *adiós-27*), *reina-19, gallego(s)-24* e *gallega(s)-12*, en concorrencia con *Deus-13, deuses-14, deusa(s)-5, adeuses, raíña(s)-42, galego(s)-14* e *galega(s)-7*. E a mesma coexistencia dáse entre *lexos-23*, propio das primeiras obras, e *lonxe-34*, que se rexistra desde *Desterro13* a *Samos*; entre *canónego(s)* de *Vento21* e de *Mariscal-4* (e *canónigo(s)* tamén de *Mariscal-2*) e *coengos* de *Camiños*; e entre *campana(s)-49*, que se rexistra en toda a obra concordada, e *campás* de *Desterro13*, de *Desterro26* e de *Mariscal* e sobre todo *sino(s)-19*, que aparece en obras de 1926 e posteriores, e que ten en Feixoo de Araúxo e en Sarmiento as primeiras documentacións<sup>78</sup>.

Ás veces o castelanismo é a única forma documentada como no caso de *siñal(es)-17*, ou practicamente a única, como ocorre con *siñalar-14*. Noutros casos, do mesmo xeito que en Curros, trátase de adaptacións fonéticas como *alaxa(s)-4, mortaxa(s)-8* e *xaula(s)-7*. Tamén hai simples calcos do castelán como as formas verbais de *aloxar-26*, que Antonio de la Iglesia introduciu a finais do XIX no galego escrito e que logo usaron autores como López Ferreiro e Luguís<sup>79</sup>; *lonxana(s)-10* e *lonxano(s)-20*,

78. Os rexistros de *sinos* corresponden a *Desterro26*, a *Mariscal-2*, a *Noite-4*, a *Camiños-8* (un é de *sino*), a *Veros* e a *Samos-3*, ademais de achárense en *Antífona*. As primeiras documentacións de *sino(s)* aparecen en Feixoo de Araúxo (*Entremés famoso sobre da pesca no río Miño* 1671), en Sarmiento (*Coloquio de 24 gallegos rústicos* 1746), en Galo Salinas (*Filla* 1892) e en Carré Aldao (*Bretemas* 1896 e *Rayolas* 1898).

79. En Cabanillas hai 26 rexistros de formas verbais de *aloxar*. As primeiras documentacións son *aloxarían* e *aloxan* en A. María de la Iglesia (*Fonte do xuramento* 1882), *aloxan* no periódico *O*

que Rodríguez López introduciu na escrita a finais do século XIX e que ten en Armada Teixeira, en Castelao, en Cabanillas e en López Abente as seguintes documentacións<sup>80</sup>; e *lonxanía*-10, introducida por López Abente en 1919 e que Cabanillas usa a partir de 1926<sup>81</sup>. Nas primeiras obras Cabanillas rexístranse os castellanismos adaptados *alexar*-11, *lexana(s)*-8, *lexano(s)*-3 e *lexanía*-4, formas que aparecen en *Desterro13*, en *Terra17* e en *Vento21*.

No léxico do mar, e en especial en partes do barco, usa os mesmos castellanismos que aínda hoxe se escoitan a mariñeiros da Arousa e doutros portos galegos, como o caso da *caña* (do timón) e do *palo* (do barco) destes versos do poema “Mariñeira” de *Vento21*:

*O patrón unha man aferrollada  
na caña do timón, outra na escota,  
leva os ollos chantados  
nos cons ergueitos da lonxana costa.  
Ferve o mar. Brua o vento...  
¡Probe da dorna!  
Un refacho asubiante  
abate a verga e tronza o palo, as cordas  
estalan, e un istante ábrese a vela  
e cai a plan no mar...*

Tamén se rexistra *palo* (e non o *mastro* que Manuel Antonio tomou do portugués) en *Noite* e en *Camiños* ó referirse á “barca senlleira” na que atracaba Galahaz, que tiña “a cruz roxa no palo e na proa unha estrela”. Usa a forma *pau(s)*-23, pero nunca para se referir ó mastro dunha embarcación.

*Galiciano* (Pontevedra 1886), *alonxaba* en Vázquez Taboada (*As noites do fogar* 1888), *alonxe* en M. J. Lema (*A y-alma d'Elena* 1988), *alonxar*, *alonxes* e *alonxaba* no periódico *A Fuliada* (1888), *alónxans* en F. María de la Iglesia (*D'o mar e da terra* 1892), *alonxárese* en Ribalta (*Fermostiña* 1894), *alonxando* en López Ferreiro (*A tecedeira de Bonaval* 1895) e *alonxa* e *alonxala* en Lugo Freire (*Minia* 1904).

80. A forma *lonxana* ten as primeiras documentacións en Rodríguez López (*Cousas de mulleres* 1895), en Armada Teixeira (*Da terriña. Versos gallegos* 1918), en López Abente (*O deputado por Veiramar* 1919) e en Montes (*Contos inéditos* 1922), que tamén usa *lonxá*. As primeiras documentacións de *lonxano* están en Castelao (*Arte e galeguismo* 1919), en Cabanillas (*Vento Mareiro* 1921 e *No desterro* 1926), en López Abente (*O novo xuez* 1922) e en Montes (*Contos inéditos* 1922). En Manuel Antonio rexístrase *lonxán* e *lonxaos* (*Con anacos d'o meu interior* 1922).

81. As primeiras documentacións están en López Abente (*O deputado por Veiramar* 1919 e *O novo xuez* 1922), periódico *Rexurdimento* (1922), Pita Romero (*O anarquista* 1924), Fariña (*Seara. Poemas* 1924), Amado Carballo (*Os probes de Deus* 1925), Manuel Antonio (*Foulas* 1925), Cabanillas (*No desterro* 1926 e *Na noite estrelecida* 1926) e Dieste (*Antre a terra e o ceo* 1926).

Iglesia Alvariño (1959: 899-901), no estudio sobre “Lengua e estilo de Cabanillas”, considera que a presenza de castellanismos léxicos e sintácticos na obra do escritor arousán ten motivacións estéticas e literarias. O poeta non foxe dos castellanismos porque, segundo Iglesia Alvariño, daríase conta de que arrincalos de raíz “sería o mesmo que desangra-la propia lingua”. Verbo dun castellanismo como *campana*, que rexistra ó longo de toda a obra e que a partir de 1926, como xa se indicou, ten un conconcorrente na forma *sino* que probablemente tomou do portugués, di o autor de *Cómaros verdes*:

Outro caso un pouco distinto é o do castellanismo *campana*. Anque empeza á estenderse esta forma, predomina con moito a galega, que é *campá* ou *cámpa* e que figura nalgús ditos, como *campá de lá*, que vale tanto como ‘home de Dios’. Cabanillas non usa nunca da forma galega. Se algunha vez fuxe de *campana* é pra usar a forma portuguesa *sino*, unha *campá* aínda máis lírica, máis libre da imaxe trivial. É visto que pra Cabanillas se cruzan na palabra *campana* os fíos dunha maraña que vai dos seus recordos de Cambados e Santiago, onde se di *campana*, na lingua vilega, ó mundo literario das *Campanas de Schiller*, da *Campana de Anllóns*, e das *Campanas de Bastabales*. Unha maraña de longas e cruzadas resonancias afectivas, todas ensarilladas ó redor de *campana* precisamente, non de *campá*. Nesta palabra, tan inxel e galega, Cabanillas non escoita ningún son (*Ibidem* 901).

#### 4. Puimento nas obras posteriores a 1921: o influxo da lingua portuguesa

Como xa se indicou no comezo deste capítulo sobre a lingua de Cabanillas, o “pulimento de verbas” que realiza é ben apreciable en moitas escollas léxicas das obras que reeditou nos anos 20 e nas que imprimiu por primeira vez en 1926, o seu “ano de gracia”, ó evitar algúns arcaísmos e, sobre todo, rexeitar castellanismos —ou formas galegas idénticas ás castelás—, para substituílos por empréstitos portugueses. Pero tamén se aprecia nalgúns escollas morfolóxicas.

##### 4.1. Innovacións morfolóxicas

En *Desterro13*, a primeira obra de Cabanillas, no que respecta á formación dos plurais en *-l*, ademais da solución *-les* rexístrase a solución tradicional do galego occidental en formas como *ideás* e *crístás*, xunto con algunha mostra da solución *-es* do galego arcaico e do portugués literario da época como a forma *azúes*-2 da obra citada.

En *Vento21* aparecen *crístas* e *crístaes*; pero será a partir de 1926 cando máis se rexistre esa solución arcaica en *-es* apoiada no portugués gráfico da época, xunto cun único rexistro en *-is* na forma *leais* en *Mariscal*. Así, en *Noite* emprega as formas *azúes-3*, *celestiaes-2*, *criminaes*, *raciaes* e *síderaes*, aínda que a maior parte das voces desta saga teñen plural *-les*<sup>82</sup>. En *Samos*, a súa derradeira obra, é onde se acha o maior número de exemplos de plural *-es* das obras concordadas (*celestiaes-2*, *funeraes*, *lustraes*, *mundanaes*...). E así mesmo na prosa de *Antífona* está ben documentado esta solución en formas como *esceucionaes*, *esprituas*, *inmortaes*, *medeovaes* e *trunfaes*, pero *ronseles*.

E se nas primeiras obras o xeral é a preposición *astra* e a terminación *-emento*, a partir dos anos vinte o habitual vai se-la solución portuguesa *até*<sup>83</sup> (coa variante *atá* de *Samos* e *deica* de *Mariscal*, de *Noite-2*, de *Camiños-2*, de *Versos-5* e de *Samos*) e a terminación *-imento*. Sen embargo utilizará de modo case xeral o sufixo *-bre* en toda a súa obra, como ocorre en *inmobre* de *Vento21*, de *Mariscal*, de *Noite*, de *Camiños* e de *Samos-5* ou en *invencibre* de *Vento21*, de *Mariscal*, de *Noite*, de *Camiños* e de *Samos-2*. Non obstante, hai dúas formas terminadas en *-bel* (port. *-vel*) en *Versos* (*deleitábel* e *incontrastábel*) e unha en *-ble* en *Mariscal* (*venerable*).

#### 4.2. Empréstimos léxicos do portugués

O arcaico *aa(s)* das primeiras obras<sup>84</sup> (*Desterro13-9* e *Terra17-2*), que ten nos *Aires da miña terra* (1880) de Curros a primeira entrada, substitúeo por *aza(s)*, forma ben documentada nas obras de 1926 (*Desterro26-4*, *Mariscal* e *Noite-4*) e nos poemarios da posguerra (*Camiños-14*, *Versos-10* e *Samos-8*), ademais de usala na prosa de “Volkskunde” (1935) e na de *Antífona* (1951). Trátase da adaptación gráfica do portugués *asa*, que moito antes de Cabanillas fora usada en textos das Festas Minervais de 1697 e na obra de Pintos<sup>85</sup>. Vai deixando a voz *aire(s)*-20 das primeiras obras

82. É o caso de *badales*, *casales*, *cendales*, *chouzales*, *lanzales*, *leiales-3*, *pinales*, *praiales*, *siñales*, *tales*, *trunfales*, *vidrales*; *broqueles*, *cuarteles*, *ronseles* e *bariles*.

83. Hai 22 rexistros de *astra* en *Desterro13*, en *Terra17* e en *Vento21* fronte a 44 de *até* de *Vento21*, de *Desterro26-2*, de *Mariscal-18*, de *Noite*, de *Camiños-11*, de *Versos-9* e de *Samos-2*. Tamén se rexistra *até* en *Terra26* e en *Antífona*.

84. Ademais áchase *ás-4* e *añas-3* en *Vento21*; *aas* e *añas* en *Mariscal* e *aas* en *Versos*.

85. As primeiras documentacións de *aza* son as seguintes: *asas* en *Fiestas Minervais* (1697), *azas* en Pintos (*A gaita gallega* 1853), *aciñas* en Pintos (“Egloga de Dolores e Alexandre” 1882) e *azas* en Cabanillas (*No desterro* 1926, *Na noite estrelecida* 1926 e *Mariscal* 1926). As seguintes aparicións de *azas* corresponden a Amado Carballo (*Proel* 1927), a Dieste (*Antre a terra e o ceo* 1927), a Otero Pedrayo (*O estudante* 1928 e *Os señores da terra* 1928, obras da trilogía *Os camiños da vida*) e a Risco (*O porco de pé* 1928).

(*Desterro13-3*, *Terra17-2* e *Vento21-8*), que era a forma de Rosalía, de Curros e de Pondal, para ir introducindo *ar(es)*-14 a partir de 1926 (*Desterro26*, *Noite-2*, *Camiños-3*, *Versos-6* e *Samos-2*), que convivirá coa popular *aire* en obras como *Desterro26-2*, *Camiños-3* e *Samos-2*.

En *Desterro13* e en *Terra17* hai cadanseu rexistro do cultismo *descender*, os únicos da obra concordada. A partir de 1926 a forma achada é *descer*, que aparece en *Noite-3*, en *Camiños-6*, en *Versos-12* e en *Samos-13*, xunto con *desceso* por “descenso” en *Antífona* e en *Samos*, que corresponde ó portugués *descida* e *descenso*. Formas de *descer* figuran en Curros e en Lamas, fronte ás do popular *decer* que empregaran Sarmiento e Pintos<sup>86</sup>. En toda a obra de Cabanillas rexístranse formas de *benedicir* (e *bendición*), pero en 1926 hai rexistros de *benzoar*<sup>87</sup> (port. “abençoar”) en *Noite-2* e en *Terra26*, posteriormente en *Camiños-5*, en *Versos* e en *Samos* e tamén en *Antífona*; e nas últimas obras usa os substantivos *benzón* (*Samos-2*) e *benzoas* (*Versos* e *Samos*).

Hai empréstimos do portugués que se documentan por primeira vez en Cabanillas na historia do galego escrito, como ocorre con *forneceda(s)*<sup>88</sup> de *Mariscal-2*, que despois se documenta en Risco e en Castelao, e en moitos outros autores; *esitante*, que só usa en *Noite* (e na reedición desta saga artúrica en *Camiños*) e que despois se rexistra en 1958 na forma *hesitar* de Cunqueiro na obra *O incerto señor don Hamlet*<sup>89</sup>; e *lampexante(s)* en *Noite*, en *Camiños-2*, en *Versos* e en *Samos*, con escasas aparicións en autores posteriores<sup>90</sup>. Cabani-

86. As primeiras documentacións de *decer* e *descer* son as seguintes: *decendo* e *deceu* en Sarmiento (*Coloquio de 24 gallegos rústicos* 1746), *decer* e *decendo* en Pintos (*A gaita gallega* 1853), *descendo* en Curros (*Aires da miña terra* 1880) e en Lamas (*Saudades gallegas* 1880 e *Poemas* 1889), *descer* en Vaamonde Lores (*Odas a Anacreonte* 1897) e *deces* e *desceron* tamén en Vaamonde Lores (*Mágoas* 1901). No galego do séc. XX desde Manuel Antonio (*Foulaes* 1925) e Cabanillas (*Na noite estrelecida* 1926) á actualidade está amplamente documentado o lusismo *descer*.

87. As primeiras documentacións de formas deste verbo son *benzoar* de Montes (*Contos inéditos* 1922), *benzoado* e *benzoa* de Cabanillas (*Na noite estrelecida* 1926), *benzoache* e *benzoa* de Amado Carballo (*Proel* 1927). As primeiras aparicións de formas de *abençoar* son *abençoou* en Álvaro de las Casas (*A morte de Lord Stäuler* 1929), *abençoado* en Castelao (*Libro de Cousas* 1929, *Os dous de sempre* 1934 e *Sempre en Galiza* 1944), *abençoar* en Carro, Camp e Fernández Oxea (*Arqueoloxía Religiosa de Melide* 1933, xunto con *beizoando* e *beizoaa*), *abençoaba* en Otero Pedrayo (*Fra Vernerio* 1934) e *abençoan* en Otero Pedrayo (*Devalar* 1935).

88. Despois de Cabanillas as primeiras documentacións corresponden a Risco (*Estudio etnográfico de Terra de Melide* 1933 e *Mitteleuropa* 1934), a Castelao (*Dous de sempre* 1934), a Fernández-Oxea (*Andrómenas* 1953) e a García Sabell (*Limiar de “Terra Brava”* 1963). Formas como *fornecedo* e *fornecedor* teñen a primeira documentación en *Xente ao lonxe* (1972) de Blanco Amor.

89. Outras documentacións son *hesitaba* en Silvio Santiago (*Villardevós* 1961), *hesitar* en Fernández de la Vega (*O segredo do humor* 1963) e *hesitan* en Gómez Ledo (*Virxilio. As Xeórxicas verquidas á lingua galega* 1964).

90. Despois de Cabanillas aparece *lampexante* en Casado Nieto (*Trancos da vida de Braisinho* 1970), en Gómez Ledo (*Escolma de poetas líricos gregos e latinos voltos en linguaxe galego* 1973) e en Rey Romero (*Poemas en galego* 1979).

llas emprega *lampexa* de “lampexar”, con un rexistro en *Noite* e outro en *Camiños*, forma que antes fora introducida por Florencio Vaamonde en *Follas ao vento* (1919) e que nos anos 60 usarán Dieste e Pedrayo<sup>91</sup>.

Voces que debeu incorporar fundamentalmente a través do portugués e que se rexistran nas obras dos anos 20 e nas de posguerra son formas de *axoellar*<sup>92</sup>, que en *Desterro26* aparece para puimento dunha forma de *arrodillar* dun poema de *Desterro13*, e que ten rexistros en *Noite-2*, en *Camiños-8*, en *Versos* e en *Samos*. E o mesmo ocorre con *xoellos*<sup>93</sup> de *Mariscal*, de *Noite-2*, de *Camiños-2* e de *Samos*; e *treva(s)* de *Vento21*, de *Mariscal-2* e de *Noite* con grafía portuguesa, que corresponde a *trebas* de *Versos-3* e a *treba(s)* e *treva(s)* de *Camiños-6* e de *Samos-8*. Non usa nunca a variante galega *tebra*.

Outras formas tomadas do portugués son *estudo* e *estudoso* de *Mariscal* e *estudoso* de *Samos*<sup>94</sup>; *louvor(es)*-6 e *louvanza*-3, a partir de 1926 e *louvar*-11, que xa se documenta en *Terra17*<sup>95</sup>; *doirar* e *doirado*, tamén despois dese “ano de gracia”, no canto de *dourar* e *dourado* das primeiras obras<sup>96</sup>; *escandescido(s)* de *Noite*, de *Camiños-2* e de *Samos*, semellante á portuguesa *escandescido(s)*, e *escandecida* de *Samos-3*; *rochedos(s)* de *Noite-8*, de *Camiños-12* e de *Samos-2* (e *rocha* tamén de *Samos*) no canto de *cón* ou de *penedo*, como se viu máis arriba. En *Desterro13*, a súa primeira obra, hai un rexistro de *soamente* mentres que na derradeira obra, *Samos*, o rexistro é da solución portuguesa *samente*. A forma xeral en Cabanillas é *somentes* de *Vento21*, de *Desterro26-2*, de *Mariscal-17*, de *Noite-2*, de *Camiños-4*, de *Versos-12* e de *Samos*. Outro lusismo é *alén* de *Noite-6*, de *Camiños-9* e de *Samos-3*<sup>97</sup>.

91. O verbo *lampexar*, despois de Vaamonde e de Cabanillas, documéntase en Dieste (*Dos arquivos do trasno* 1962), en Otero Pedrayo (“Xeografía” da *Historia de Galiza* 1962), en Gómez Ledo (*Escolma de poetas líricos gregos e latinos voltos en linguaxe galego* 1973) e en Rey Romero (*Poemas en galego* 1979).

92. Rexístranse as variantes *axoellada* en *Terra26* e en *Mariscal* e *xoellado* en *Samos*.

93. Hai as variantes *xionllo(s)* en *Vento21* e en *Mariscal-2*, e *xoellos* en *Mariscal-2*, en *Terra26*, en *Camiños* e en *Antífona*.

94. Antes empregara *estúdeos* en *Terra17*, *estúdeo* en *Vento2* e en *Camiños*. En *Desterro26* utilizou a forma *estudiante*.

95. Os rexistros de *louvor* están en *Mariscal*, en *Noite*, en *Camiños*, en *Versos-2* e en *Samos*, e os de *louvanza* en *Noite*, en *Camiños* e en *Versos*. Os rexistros de formas de *louvar* corresponden a *Terra17*, a *Mariscal-2*, a *Noite*, a *Camiños-2* e a *Versos-4*. Ademais, emprega *alabado* en *Mariscal* e *alabade* en *Samos-2*.

96. Os 40 rexistros das formas verbais de *doirar* e do adxectivo *doirado* corresponden a *Mariscal-5*, a *Noite-8*, a *Camiños-14*, a *Versos-5* e a *Samos-8*. Os 33 rexistros das formas galegas *dourar* e *dourado* están en *Desterro13-3*, en *Terra17-3*, en *Vento21-12*, en *Desterro26-2*, en *Mariscal-4*, en *Noite*, en *Camiños-5* e en *Versos*.

97. En *Vento21* emprega a forma *Alemvida* (“É a terra saudosa, da Lembranza e do Alemvida”, p. 206) nunhas liñas en prosa que non figuraban en *Vento15*.

En *Desterro26* aparece *abó* para puimento da forma *aboa* de *Desterro13*, e tamén usa *abó* (referido á Madre Priora) en *Camiños*: poida que se trate da forma portuguesa introducida nos anos 20 e que a *aboa* do seu primeiro libro fose literaria; ou se cadra a forma tradicional en Cambados era *avó*, e non *avoá*, antes de ser substituído polo castelanismo *abuela*, porque está nunha área onde se rexistra a crase desas dúas vocais, do que é proba a actual forma cambadesa *mó* para a peza do muíño (pero o castelanismo *muela* para a peza bucal) e tamén para o topónimo mariño *As Mós*. No soneto a Brañas de *Terra17* Cabanillas fala das “mareiras ‘Mos de fóra’”, para se referir a uns cons en forma de moa que están na entrada do porto de Cambados; e próximas están as “Mós de terra”, que vistas desde o peirao de Fefiñáns quedan entre o rebastal da Emperghadoira e o porto. De tódolos xeitos, xunto á solución *mó* está a forma *filloa* e non *\*fílló*, polo que ben puido existir unha forma como *avoá*.

Nas últimas obras, e de xeito especial en *Versos* e en *Samos*, emprega outros empréstimos portugueses que xa tiñan unha certa tradición literaria, como ocorre con *anceios*, adaptación gráfica do *anseios* portugués, con cadanseu rexistro en *Versos* e en *Samos*; *após* de *Versos-2*; *degraus* do poema sen data “Ofrenda froreal a Rosalía” e de *Versos*; *encosta* de *Antífona*, do poema “Muiñeira da Rebolta” (1954) con dous rexistros e de *Versos* (“E cos seus falconeiros, do mato pol-a encosta / desce rindo apracido da sua infame proposta”)<sup>98</sup>; *formosa* de *Camiños*; *inmorredoiro*, introducido por Filgueira Valverde, que Cabanillas usa en *Versos*, xunto con *inmorredoira* en *Camiños*, en *Versos* e en *Samos-4*<sup>99</sup>; *roscido* e outras formas de *roscir*, que o poeta cambadés introduce no galego literario<sup>100</sup>; *sorridente* de *Camiños* e de *Versos-3*; *testemuñas* de *Camiños* e *testemuña* de *Versos*; e *xembundo* de *Versos* e de *Samos*.

Emprega formas de *semear* en *Antífona* (con alomenos catro rexistros), en *Versos-3* e en *Samos-2*, e *semeadores* en *Samos*, mentres que nas obras

98. As primeiras documentacións de *encosta(s)* están en Dieste (*Antre a terra e o ceo* 1927), en Otero Pedrayo (*Os señores da terra* 1928), que tamén a emprega noutras obras, especialmente na “Xeografía” da *Historia de Galiza* (1962); en Carro, Camp e Fernández Oxea (*Arqueoloxía relixiosa de Melide* 1933), en Fuco Gómez (*O idioma dos animás* 1937) e en Carballo Calero (*A xente da Barreira* 1951).

99. As primeiras entradas de *inmorredoiro* están en Filgueira Valverde (*O vigairo* 1927), en Manuel Antonio (*De catro a catro* 1928), en Dieste (*Antre a terra e o ceo* 1928) e en Otero Pedrayo (*A Maorazga* 1928 e *O estudante* 1928).

100. Rexístranse as formas *roscidos* en *Camiños*, *rosceu* en *Versos*, *roscindo* e *roscidas-3* en *Samos*. A forma portuguesa do adxectivo é *róscido*. Despois de Cabanillas documéntase en Delgado Guirriarán (*Galicia infinda* 1963) e en Gómez Ledo (*Escolma de poetas líricos gregos e latinos voltos en linguaxe galego* 1973).

anteriores usaba *sementar*-5 e *sementador*-6<sup>101</sup>. O verbo *semea*r, que tamén figura nun poema sen datar de Manuel Antonio, debeu ser forma popular no século XIX a vulgar pola moita documentación existente, sempre en concorrencia con *sementar*; nos anos 30 esta é a forma normal do galego literario e non *semea*r, que reaparece especialmente desde a recente década dos 80, o que en certo modo pode explicarse polo influxo do portugués, de atendermos á procedencia xeográfica dos autores que a usan; e coído que o mesmo pode dicirse de Cabanillas, para quen o popular tiña que ser *sementar*, ou mais ben *botar* (patacas, millo...)<sup>102</sup>.

Ó longo da súa vida literaria usou a portuguesa —e actualmente plenamente galega— *saudade*-33, forma que ten en Sarmiento, en Pintos e en Rosalía as primeiras documentacións na historia do galego escrito, á vez que empregou o adxectivo *saudoso*-36, desde *Desterro13* a *Samos*. Hai varios rexistros de *morriña* nas primeiras obras (*Desterro13-2*, *Terra17* e *Vento21*), que é a propia do galego cambadés xunto con dous rexistros da rosaliana *soidades* no poema dedicado a Rosalía, incluído na edición de *Vento21*. Cabanillas sabía moito das *saudades*, das *soidades* e das *suidades* da nosa tradición literaria, como ben se ve no discurso de entrada nesta Academia *A saudade nos poetas gallegos*, lido o 31 de agosto de 1931 en sesión da RAG no balneario de Mondariz e contestado por Eladio Rodríguez, daquela secretario da institución. Para el a *saudade* era algo ben diferente da *soedade(s)*-22 e da *soedá*-9, malia que todas estas voces teñan unha mesma orixe.

Así e todo, é difícil ás veces saber se un autor, neste caso Cabanillas, usa unha forma tomada do portugués ou se se trata dun arcaísmo. No caso do poeta cambadés moitas das solucións que neste apartado considerei empréstimos do portugués deberon chegar a el a través dun autor como Guerra Junqueiro, do que se publicaban poemas en revistas galegas, e sobre todo mercé a Teixeira de Pascoaes, o gran poeta saudosista, autor de

101. Hai formas de *sementar* en *Desterro13-2*, en *Terra17*, en *Desterro26* e en *Mariscal*, e de *sementador* en *Desterro13-3* e en *Terra-17*. A forma *semente* rexístrase en *Desterro13*, en *Mariscal-2*, en *Versos* e en *Samos* e *sementeira(s)* en *Camiños-2* e en *Versos*.

102. No *Atlas Lingüístico Galego* rexístrouse como forma xeral *sementar*, coas variantes *semar* en puntos do galego de Asturias, *semiar* no concello de Tomiño e *semea*r no da Guarda, os dous no tramo final do Miño. As primeiras documentacións de formas de *semea*r están nos pontevedreses Pintos (*A gaita gallega* 1853) e Domínguez d'Esquerdo (*Coroas e cadeas do fidalgo povo galicián* 1859), no ourensán Lamas (*Espiñas, follas e frores* 1876), no pontevedrés Losada (*Poesías* 1878), nos ourensáns Saco Arce (*Literatura Popular de Galicia* 1881) e Curros (*O Divino Sainete* 1888), nos periódicos *O Novo Galiciano* (Pontevedra 1888) e *A Fuliada* (A Coruña 1888), no coruñés F. M<sup>o</sup> de la Iglesia (*D'o mar e d'a terra* 1892), no pontevedrés Lois Estévez (*Estrugas* 1894) e no ourensán Álvarez Novoa (*Pé das Burgas* 1896).

*Marânus* (1911), que dedica a “Galiza, terra irmã de Portugal [...] Altar de Rosalia e da Ternura”, obra que seguramente Cabanillas coñecía ben. En *Marânus* hai formas como *doirava*, *treva*, *descia*, *asas*, *rocha*, *rochedo*, *hesitantes*, *encostas*, *joelhos*, *Saudade*, *saudosa* e outras moitas que se rexistran en obras de 1926 como *Mariscal* ou *Noite*, en *Camiños* de 1949 e nas dos cincuenta como *Versos* e *Samos*, tal como se acaba de ver.

#### 4.3. Cultismos, galicismos e outros empréstimos

Na obra de Cabanillas hai latinismos como *a tergo* de *Antifona*, *alau(s)* de *Versos-2* e de *Samos-3* (e *alaudan* de *Versos*) e *cauda*, con cadanseu rexistro en *Versos* e en *Samos*. Hai diferentes cultismos de base latina en obras de 1926 e nas da posguerra, como *fulxente(s)* en *Camiños*, en *Versos-3* e en *Samos-3*; *fúlxico(s)*, *-a(s)* en *Noite-5*, en *Camiños-6*, en *Versos-2* e en *Samos-3*; *ridente(s)* en *Noite-2*, en *Camiños-7*, en *Versos-5* e en *Samos-2*; *punxente(s)* en *Mariscal-2*, en *Noite*, en *Camiños*, en *Versos* e en *Samos-2*; *lábaro* en *Noite-2* e en *Camiños-2*, e *silúricas*, con cadanseu rexistro nestas mesmas obras; *escintilar* en *Mariscal* e en *Samos*, e *escintilante* en *Noite-3*, en *Mariscal* e en *Camiños-5*, que corresponden ás portuguesas *cintilar* e *cintilante*. Se cadra o portugués é o intermediario de moitas destas formas, sen descartar que o fose o castelán; por ex., unha forma que en principio pode ser un latinismo como *alaudar* existe na literatura popular en castelán (“no te alaudes en tu tierra / ni tampoco en tierra ajena”).

No caso do cultismo *sepelido* de *Versos*, que antes usara Cotarelo Valledor, podería tratarse dun italianismo máis ca dun latinismo<sup>103</sup>. Entre os helenismos emprega *clepsidra* en *Versos* e en *Samos* para referirse ó antigo reloxo de auga, forma que ten as primeiras documentacións nos *Contos inéditos* (1922) de Montes e nas *Foulas* (1925) de Manuel Antonio, e que presenta algunhas das últimas documentacións en *As torres no ar* (1989) de Avilés de Taramancos e en *Anos de viaxe* (1995) de Rodríguez Baixeras. Posiblemente o castelán foi o intermediario dese helenismo de Cabanillas.

Emprega o galicismo *táboa* por *mesa* no sintagma *Táboa Redonda*, que se rexistra en *Noite-4* ó referirse ó Rei Artur e ós seus cabaleiros (e as mesmas formas en *Camiños*), pero tamén en *Samos* hai dous rexistros de *táboa* no canto de *mesa*. Outros galicismos son *paxe-25*, con rexistros en tódalas obras concordadas; *landeaux* de *Desterro26* e voces como *ardi-*

103. Só hai dúas documentacións desta forma na historia do galego escrito. A primeira en Cotarelo Valledor (“Lembranza biográfica de don Mateo Segade Baqueiro” en *Terra de Melide* 1933) e a segunda en Cabanillas, en *Versos* (1955).

mento e ardidado, con rexistros especialmente nas obras de 1926, en *Versos* e en *Camiños*, como xa se sinalou ó falar dos arcaísmos, por seren formas que xa se rexistran no medioevo. En *Desterro*<sup>26</sup> aparece o termo *razziando*, que constitúe a primeira documentación do verbo *razziar* no galego escrito, consonte cos datos da base lexicográfica do ILG, e que ten as seguintes aparicións en *A Nosa Terra* (1928) e en Cuevillas (*Prosas galegas* 1962). Trátase dunha palabra creada sobre *razzia*, forma francesa tomada do árabe alxeriano, que ten as primeiras documentacións nos *Queixumes dos pinos* (1886) de Pondal e nos *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975) de Casares. Hai ademais algún anglicismo como *dancings* de *Desterro*<sup>26</sup>, rexistrado por primeira vez no galego escrito; e formas como *flirt* e expresións como *five o'clock tea* no poema “A gran muralla” de *Terra*<sup>26</sup>.

E en *Noite* Cabanillas usa algún catalanismo náutico como *avante* (“E a barquiña envolveita nun craror de luar, / vai avante, en silencio, de vagar... de vagar...”), voz común da fala mariñeira de Cambados e doutros portos, e que se documenta en textos mariñeiros ou con metáforas do mar en Gómez Ledo (*Borreas* 1928), en Cotarelo (*Mourenza* 1928), en Bouza Brey (*Nao senlleira* 1933 e *Seitura* 1955), en García-Sabell (*Limiar de “Terra brava”* 1955), entre outros.

## V. A LINGUA DE MANUEL ANTONIO<sup>104</sup>

### 1. Galego oral de Rianxo (e da Arousa)

Na lingua literaria deste poeta rianxeiro áchanse fenómenos de morfoloxía nominal idénticos ós sinalados en Cabanillas, como plurais do tipo

104. Para a análise da lingua de Manuel Antonio manexei as concordancias das obras do poeta de Rianxo que figuran actualmente na citada Base de Datos Lexicográfica do ILG. A relación das obras concordadas, precedida da abreviatura que empregarei ó longo do texto, é a seguinte:

- ¡*Máis alá!* = ¡*Máis alá!*, 1922. Escrito en colaboración con Álvaro Cebreiro.  
- *Catro* = *De catro a catro. Follas sin data d'un diario d'abordo*, A Cruña, Nós, 1928.  
- Poemarios inéditos de Manoel Antonio: *I Poemías*. Edición, limiar e notas de Domingo García-Sabell. Vigo: Galaxia, 1972:

*Anacos* = *Con anacos d'o meu interior*, 1922.  
*Sempre* = *Sempre e máis dispóis*, 1923 (?).

*Foulas* = *Foulas*, 1925.  
*Viladomar* = *Viladomar*, 1928.

Poemas soltos, uns datados (1918-1928) e outros sen datar.

- Cartas que figuran en Manoel-Antonio: III *Correspondencia* (1917-1929). Edición, limiar e notas de Domingo García-Sabell. Vigo: Galaxia, 1979.

*cans*-8, *corazóns*-4 e terminacións arosúas de formas como *man*-26 (e *mans*-20, *mañán*-28 e *mañáns*-2), con algunhas excepcións, especialmente na correspondencia. E o mesmo ocorre na morfoloxía pronominal, coma o emprego do suxeito *ti*-2, e na morfoloxía verbal, como se ve nas formas de perfecto singular *floreceches* de *Catro*, *foches* e *pensaches*-2 da correspondencia e o plural *pensáchedes* dun poema de 1924, aínda que hoxe en Rianxo as formas son *florecestes*, *fostes*, *pensastes* para singular e *pensástedes* para plural. Arosúas son tamén *asumeu* de *Catro* e de *Viladomar* e *fluxeu* de *Sempre*.

Manuel Antonio evita representa-lo seseo e a gheada dos mariñeiros de Rianxo (García Rodríguez 1974). Con todo hai casos de seseo prenuclear, como *simbla*<sup>105</sup> de *Foulas*, *simblador* de *Catro* e *sombriza* de *Sempre* e dun poema de 1924, mentres que noutro poema de 1921 empregaba a forma non seseante *sombriza(s)*; e tamén hai mostras de seseo posnuclear, como *lus* dun poema de 1923 e *xusguei* nunha carta de 1923. Ademais ten algún caso de ultracorrección, como a palabra *nordecía*-2 de *Foulas*, inexistente en Rianxo e que debeu crear por imitación de *travesía*, un dos ventos máis coñecidos dos mariñeiros arosúas. E aínda que non ten gheada si se rexistra nel a forma *maregadas*, igualmente en *Foulas*, cunha adaptación do castelanismo *marejada* usado na lingua mariñeira.

No léxico emprega formas rianxeiras e doutros falares mesmo non occidentais, que xa se víron en Cabanillas. Entre outras están *nais* en *Foulas* e *nai*-4 na correspondencia; *agarimo* en *Anacos*-2 e en *Foulas*-2 e formas de *agarimar* en *Anacos*, en *Sempre*, nun poema de 1920 e noutro de 1924; *maino* nun poema de 1919 (“maino recío”), en *Anacos* (“loito maino”) e en *Sempre* (“maina resurreición d'estrelas”); *ponlas* nun poema de 1923 e noutro sen datar, en *Sempre*-2, en *Catro* e nunha carta; formas de *escorregar* en *Anacos*-2 e en *Foulas* e de *bagullar*, tamén en *Foulas*; *baldeiro(s)*-4, *baldeira(s)*-4 e *baldeirar* en diversas obras; formas de *fechar*-9 e de *desfechar*-4, e na correspondencia unha forma de *pechar*, que tamén se re-

Manexei igualmente a obra de Manuel Antonio: *Poesía galega completa*. Edición de Xosé Luís Axeitos. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1992.

Sobre a data de *Sempre e máis dispóis*, García-Sabell (Manoel-Antonio 1972:181) considera que “Iste libro, que está sin datar, é posterior ao *De catro a catro*, asegún se deduce da correspondencia co poeta”, mentres que Axeitos considera que se trata dun libro de 1923 (Manuel Antonio: XL-XLI e 101). Nas discrepancias de lectura e de datación dos *Poemas soltos* entre García-Sabell e Axeitos, seguirei sempre a edición deste último.

105. Posiblemente se trate dunha adaptación do castelán *cimbra*, que no dicionario da RAE (1994) ten unha acepción (3) referida ó mar: “Vuelta o curvatura que se obriga a tomar a una tabla, para colocarla y clavarla en su lugar en el forro de un casco”. E en castelán existe *cimbrar* e *cimbrador*.

xistra no concello de Rianxo actualmente; e formas de *esquencer*-25 e os derivados *esquencidizo(s)*-2 e *esquencimento*<sup>106</sup>.

E presenta voces moi características de Rianxo como *alfiestra*<sup>107</sup> para o buraco da agulla no poemario *Sempre* (“Outras estrelas / xogando / non deixan que a lus / lles enfie as alfiestras”); *esmoer* para remoer, cismar (ou no sentido rianxeiro de gastar e desgastar), como en *Catro* (“os engranares da grúa / esmoen a mañán morna”); *bandexar* para limpar ou lavar en *Viladomar* (“As mozas d’a riveira bandexaron / c’os peixes esa voz / que aboya agora ingrávada n-o ar”); *torgo* que en principio designa a forza con que unha persoa emite a voz e que Manuel Antonio aplica á buguina en *Viladomar* (“O torgo d’a buguina [...] vai chamando á presenza”) e a un barco no poema “Miragre”<sup>108</sup> (“Xa chego a non ouvir / o socabado torgo d’un barco”); ou *atiaxados* no sentido de “aparvado” ou de “non normal”, que usa no poema “As horas d’o outono” en *Foulas* (“Os atiaxados relanzos d’o día / cegos e xordos [...] / c’os atiaxados relanzos d’a noite / cegos e xordos”)<sup>109</sup>, poema publicado por Axeitos, que non figura na edición de García-Sabell.

Outras formas son *arrandear* nun poema de 1921 e *randeeira*<sup>110</sup>, voces que para moitos falantes se cadra son do galego literario, pero en Rianxo son formas comúns. A *randeeira* aparece nunha preciosa metáfora dos versos iniciais do poemario *Catro*:

*Encheremol-as velas  
c’a luz náufraga d’a madrugada  
Pendurando en dous puntos cardinaes  
a randeeira esquía  
d’o pailebote branco  
C’as suas mans loiras  
acenan mil adeuses as estrelas*

106. Na correspondencia, ademais de formas de *esquencer*, rexístrase *esquecer*, *esquecese* e *esquencimento*.

107. No vocabulario inédito de Pintos (1865) figura a entrada *fiestra*: “Ventana, ojo de la aguja”.

108. García-Sabell inclúe “Miragre” entre os poemas sen datar (Manoel-Antonio 1972: 275), mentres que para Axeitos o poema pode datarse en 1926-27 (Manuel Antonio 1992: 191).

109. Carme García Rodríguez informoume de que *atiaxado* existe nas diversas parroquias de Rianxo na acepción de “apampanado, aparvado” e na de “persoa que non é normal, que non é ben dado: *ten un fillo algo atiaxado*”; e que no concello existe a forma *abraiado* no sentido de “admirado, marabillado, asombrado”. Segundo Axeitos *atiaxado* “con significado de ‘abraiado’, ‘pasmado’, segue viva en Asados (Rianxo), pero non figura nos dicionarios galegos” (Manuel Antonio 1992: 80, nota 37).

## 2. Tradición literaria e enxebriño

Emprega arcaísmos léxicos como *aa* en *¡Máis alá!* e o plural *aas* nun poema de 1922, en *Foulas*-3 e en *Catro*, pero nunca o empréstimo portugués *azas* de Cabanillas; *cibdá* nun poema de 1918 e *cidade(s)*-25 nos diversos poemarios e mais na correspondencia; *conquerida* nun poema sen data e *conquerimento* na correspondencia; *vegadas* en *Foulas* e nunha composición sen data, fronte ó xeral *vez*-26 e *veces*-9; e *door* nun poema de 1920, a carón de *dor*-10. Non usa o arcaísmo *fiestra* senón o latinismo *fenestra(s)*, con 19 rexistros nas poesías e dous na correspondencia<sup>111</sup>.

Utiliza arcaísmos gráficos como *nasceu* en *Anacos*-2, pero formas de *nacer*-4 nas cartas; *agradecer* e *aparece*-2 na correspondencia, pero o xeral son formas de *agradecer* e *aparecer*. Tamén usa os falsos arcaísmos *silenzo(s)*, con 23 rexistros na poesía e dous de *silenzo* na correspondencia, e *distanza(s)*-3 e *ausenza(s)*-4 en *Catro* e na correspondencia. Non puido acudir ó portugués nestes casos, porque nesa lingua irmá se di *silêncio*, *distância* e *ausência*.

Na procura do galego enxebre, de igual xeito que Cabanillas, Manuel Antonio prefire léxico galego non homófono do castelán como *ledas* nun poema de 1918 e en *Foulas*<sup>112</sup>; *beizos* en *Anacos*, en *Foulas*-2, en *Catro*-2, en *Viladomar* e nun poema de 1928; *rubir* en poemas de 1921 e de 1925; *leito* en *Sempre*-2, en *Foulas* e nun poema de 1925; e por toda a súa obra hai *derradeiro(s)*-19, *derradeiras*-5 e *ficar*-35. Formas como *alegre*, *alegría*, *labio* non aparecen nunca, e os rexistros de *último*, *subir*, *cama*-3 e *quedar*-13 documéntanse na correspondencia, pero non na poesía.

Tanto no verso como na prosa epistolar emprega *arela(s)*-14, que como *arelar* de *Anacos*, son formas vistas en Cabanillas. E utiliza *arume* para ‘aroma’, voz creada polo autor de *Vento mareiro*, que aparece unha vez na correspondencia (“que a estas terras de castelanismo chegue un arume de falaxe galega”).

Nesa procura de enxebreza recorre a solucións morfolóxicas propias do galego central. É o caso de *eiquí*-2 en *Catro*<sup>113</sup>, de *trager* en *¡Máis alá!* e en

110. Pintos (1865) ten no seu vocabulario inédito as entradas *randear*: “Columpiarse”, e *randeiera*: “Columpio”.

111. Hai que engadir unha *fenestras* do poema “As horas d’o outono” de *Foulas* da edición de Axeitos (Manuel Antonio 1992: 69), que como se indicou non aparece na de García-Sabell.

112. Na correspondencia rexístrase o adxectivo *ledo*, o substantivo *ledicia*-5, a forma *ledicia* dun verbo “lediciar” e *alédome*, así como *legria* e *alégro(me)*-2.

113. Na correspondencia áchase *eiquí*-40 e *aquí*-12.



*Foulas*-2 (e *atraguente* en *Anacos* e *atraguel-os* na correspondencia) e de *fa-guendo* en *Sempre* e nas cartas, onde tamén se rexistra *faguer*-12, malia que o xeral é *facen*, pois só da forma do infinitivo hai 90 rexistros en toda a obra. Bardante o poemario *Catro*, na poesía de Manuel Antonio e na súa correspondencia hai moitísimos rexistros de formas como *iste*, *ista*, *isto*, paradigma que non corresponde co galego de ningures, e que tamén se atopará na lingua hiperenxebizada de Otero Pedrayo. Esas formas están en concorrencia coas non hipercharacterizadas morficamente *este*, *esta*, *esto*.

Foxe das voces comúns ó castelán hipergaleguizando o léxico con palabras que tamén usa Cabanillas, como *hourizonte(s)* en poemas de 1918 e de 1921, en *Anacos*-4, en *Foulas*, nun poema sen data e nunha carta, mentres que en *Catro*-9 e en *Viladomar*-2 usa *horizonte(s)*; emprega *montana* en *Sempre* e nun poema de 1918 e noutro de 1928, con dous rexistros<sup>114</sup>; *outo(s)*-3 e *outa*-3 na poesía e nas cartas (e *outura* na correspondencia), pero non en *Catro* onde usa *alta*; *soma*-2 nun poema de 1920, pero xeralmente utiliza *sombra(s)*-20; *estrano(s)*-2, *estrana* e formas de *estranar*-3, todas en *Anacos* e nas cartas; *abandoadada* nun poema de 1919 e *abandoa* en *Sempre*.

Por outra parte, usa hipergaleguismos que non se rexistran no poeta de Cambados, como *ambiente*-5 na prosa de *¡Máis alá!* e da correspondencia; *estrangado* en *Catro* e nunha carta e *estrangoadada*-2 nun poema de 1921; *oucéano(s)*-4 en *Catro* e *aluciñante* en *Anacos*. Esta última forma documéntase en Manuel Antonio por primeira vez na historia do galego escrito<sup>115</sup>. E tamén son frecuentes na súa obra vulgarismos e popularismos, como *arbores*, *frores*-4 e *frorecer*-3 (e *florece*-2), *probe(s)*-5 e *probiños*, así como a preposición *pra*-215 maioritaria verbo de *para*-10, formas diferenciadoras que aparecían na obra de Cabanillas.

### 3. Influencia da lingua portuguesa

Por mor da influencia do portugués Manuel Antonio usa de modo xeral a forma *ao* e maioritariamente separa os pronomes enclíticos cun trazo, aínda que na representación da prepalatal fricativa xorda segue o criterio fonoloxista e non o etimoloxista, pois emprega sempre o grafema <x>, tal

114. Nunha carta de 1919 a Xosé Romero Lema fai referencia a unha *montana* que o rianxeiro puxera orixinariamente nun poema ("o premeiro verso trabucaron-o en vez de *montana* puxeron *montaña*", Manoel-Antonio 1979: 44).

115. Posteriormente en Álvaro de las Casas (*Xornadas de Bastián Albor* 1931 e *Rechouchío* 1936) e en Cuña Novás (*Fabulario novo* 1991).

como xa se sinalou (cf. punto 3 do capítulo III).

Na morfoloxía hai algunhas solucións tomadas do portugués, que xa se viron en Cabanillas e que aparecen noutros autores do primeiro tercio do século XX. É o caso da formación dos plurais en *-es*, xeral na poesía, en formas como *cardinaes*-4 en *Catro* e *faroas* en *Anacos*; *sentimentaes* en *Sempre*, en *Foulas*, nun poema de 1925 e en *Catro*, e *soportaes* nun poema de 1923, mentres que na correspondencia hai polimorfismo (*españoes*-2, *sentimentaes*, *fáciles*, *difrenciás*...). E así mesmo, o emprego da forma portuguesa *até* nos primeiros textos (nun poema de 1921, en *Anacos* e en *¡Máis alá!*-3, xunto con tres rexistros nas cartas); pero máis usual é a forma galega *deica*-23 en *Anacos* ("Deica que volvan as brétemas"), en *Foulas*-2 ("Deica mañán"), en *Catro* ("deica ver a hora que dá o reloxo"), en *Sempre*, nun poema de 1924 e os restantes rexistros na correspondencia. O castelanismo *asta*-3 e a variante *astra*-11 só se rexistra nas cartas, á parte dunha aparición de *astra* nun poema primeirizo de 1918.

Nas cartas alternan formas en *-emento* (*agradecemento* e *movemento*-4) e en *-imento* (*esquecemento*, *ofrecemento* e *pervertemento*), con máis rexistros desta solución común ó portugués, mentres que no manifesto *¡Máis alá!* aparecen voces como *movemento(s)*-3 e mesmo *sentemento*, no canto do agardado *sentimento*. Na correspondencia hai algúns exemplos das terminacións *-ble* e *-bre* (*acceptables*, *inmellorables*), pero tanto na prosa como na poesía Manuel Antonio usa constantemente a solución *-bel* co plural *-bes*, en formas como *innegábel*, *inmellorábel*, *inmellorables* no manifesto *¡Máis alá!* e *inmellorábel*, *innumerables* na correspondencia; *irremediábel* nun poema de *Foulas* e *innumerábel*, *irremediabes* no poemario *Catro*. Incluso propaga esa solución ás formas en *-bil*: *inmóbel*, *automóbel* e *automobes* en poemas de *Foulas*.

Manuel Antonio emprega moito léxico portugués xa visto en Cabanillas, nalgún caso con certa tradición literaria. É o caso de formas como *saudade(s)*-8 e *saudoso*-3 na poesía, e mesmo crea a forma *saudosía* nun poema de 1920, que ata o momento é a única documentación na historia do galego escrito, á vez que emprega a voz galega *soedade(s)*-11 (e o adxectivo *soedosa*-2), tamén na poesía. Outros préstamos do portugués son *louvanza* en *¡Máis alá!*; *inmorredoiro* en *Catro* e nun poema sen data (pero *inmorrente* en *Foulas*); *alén*-12, *trebas*-5 e formas de *descer*-4 en diversos poemas; *testimño(s)*-2 e formas de *estudar*-17 na correspondencia, así como *estuda* en *Foulas*<sup>116</sup>.

116. E na correspondencia, ademais, usa *estudo(s)*-5, *estudante*, *estudoso* e formas de *estudiar*-6.

Na obra de Manuel Antonio rexístranse por primeira vez no galego escrito lusismos como *surdo* nun poema de 1919 e noutro de 1920, aínda que noutro de 1919 tamén aparece a forma común galega *xordo*, que é a de Pintos, Rosalía, Curros e López Ferreiro, entre outros. Usa a forma *isola* (de *isolar*) en *Foulas*, que é a primeira vez que se documenta, para logo rexistrarse nas obras da *Triloxía da vida* (1928) de Otero Pedrayo, nas *Firgoas* (1933) de Acuña e no *Mitteleuropa* (1934) de Risco. E utiliza outras formas portuguesas como *lonxincua* e *rostos* en poemas de *Catro*; *cárrega* en *Anacos-2* e en *Sempre* e *cárrego* e *carregado* na correspondencia; *xaruto* nun poema de 1923 (portugués *charuto*); *cachimbo* en *Foulas* e *cachimba* en *Sempre-2* e nun poema de 1927; *limiar* en *Sempre* e en *Foulas* (e non o *lumial* e *lumiara* do galego tradicional<sup>117</sup>) e *meio* e *meia*<sup>118</sup>.

#### 4. Marea léxica modernizadora

Na poesía Manuel Antonio moderniza o seu léxico introducindo por primeira vez na historia do galego escrito diversas palabras das linguas europeas de cultura (inglés, alemán, francés e italiano) e das clásicas (latín e grego), que non se documentaban antes del, ben por considerárense extrapoéticas, ben porque a temática costumista e ruralista de moitos autores precedentes non o requiría; e asemade introduce léxico dos mariñeiros de Rianxo. Segundo Pena (1996a: 164), na linguaxe deste poeta procúrase “mesturar un léxico de carácter técnico, ‘moderno’, ‘urbano’ ou cosmopolita con esoutras palabras a penas coñecidas no mar da Arousa e que soan nos beizos ‘incontaminadas’ —e polo tanto ‘limpas’, ‘novas’, utilizábeis desde unha actitude aberta, de vangarda— dos mariñeiros a carón das travesías”.

Entre o léxico que introduce no galego literario o poeta rianxeiro están anglicismos como *cock-tail* do poemario *Catro*<sup>119</sup>, *esnobismo* do manifes-

117. O tradicional debeu ser *lumial* e *lumiara*, desprazadas por *limiar* con axuda do portugués. As primeiras documentacións son *lumiales* e *lumiara* en Curros (*Aires da miña terra* 1880), *limiar* en Pérez Placer (*Contos, lendas e tradicións* 1891), *lumiara* e *limiar* (4 rexistros) en Pérez Placer (*Contos da terraña* 1895), *lumiara* en Vaamonde Lores (*Follas ao vento* 1919) e en López Abente (*Alento de raza* 1920), *lumiares* en E. Charlón e M. Hermida (*Trato a cegas* 1921) e *lumiara* en Cotarelo (*Trebón* 1923).

118. Na correspondencia rexístrase *medio-6* e *meio-4*. Na poesía emprega *mediodía* nun poema de 1925 e *meiodía* en *Foulas*, *meia noite* en *Foulas* e en *Catro*, *meianoite* en *Viladomar*, *medio* nun poema de 1923 e *medios* en *Foulas*. En Cabanillas hai 28 formas de *medio* e unha soa de *meio* en *Mariscal*.

119. No mesmo ano de 1928 Risco usa ese anglicismo en *O porco de pé*; e a seguinte documentación está en *Crónica de nós* (1980) de Méndez Ferrín, con dous rexistros.

to *¡Máis alá!*<sup>120</sup> e *gaf-tope* para se referir á vela en *Catro*, á vez que é dos primeiros en empregar *stock*, tamén en *Catro*<sup>121</sup>. Outras formas que introduce son as seguintes: o xermanismo *leit-motiv* en *Anacos* e en *Foulas-2*<sup>122</sup>; o galicismo *carrousseles* nun poema de 1925 e *carroussel* en *Catro*<sup>123</sup>; os italianismos *violonchelo* en *Foulas-2*<sup>124</sup> (e un derivado *aviolonchela*, que só se rexistra en Manuel Antonio), *intermezzo* en *Foulas*<sup>125</sup> e *ritornelo* tamén en *Foulas*<sup>126</sup>; e a forma *reprisse* (francés *reprise*) nun poema de 1925 (“n-a miña cotián ‘reprisse’”), que é a primeira e única documentación ata o momento na Base Lexicográfica do ILG<sup>127</sup>.

Así mesmo introduce os latinismos *soliloquia* e *soliloquiantes* en *Foulas*<sup>128</sup>, *desiderátum* en *¡Máis alá!*<sup>129</sup> e *incredíbel* nun poema de 1920, que podería ser un italianismo. E tamén usa por primeira vez cultismos de base latina ou grega como *prostibularia(s)* nun poema de 1920 e en *Catro*<sup>130</sup>,

120. As seguintes documentacións son *snobismo* en *A Nosa Terra* (1928) e en Risco (*Mitteleuropa* 1934), *esnobismo* en Rof Carballo (*Mito e realidade da terra nai* 1957) e *snobismo* en Fernández de la Vega (*Limiar a “Sombra do aire na herba” de Luís Pimentel* 1959) e en Blanco Amor (*Xente ao lonxe* 1972). As primeiras aparicións de *snob* corresponden a Taibo (*Da agra aberta* 1956), a García Sabell (*Ensaíos* 1963), a Fernández-Oxea (*Galicia no corazón* 1977) e a Méndez Ferrín (*Crónica de nós* 1980).

121. Antes de Manuel Antonio documéntase en *A Nosa Terra* (1917), e despois del aparece en Beiras (*O atraso económico de Galicia* 1972) e en Camilo Nogueira (“Industrialización e desenvolvemento agrario” en *A Galicia rural na encrucillada* 1975).

122. As seguintes documentacións están en Gómez Ledo (*Virxilio. As Xeórxicas verquidas á lingua galega* 1964), en Martine Roux (*Fala o fistor e faise o día* 1982) e en Rábade Paredes (*A palabra secreta* 1989).

123. Ademais de Manuel Antonio, as únicas documentacións son as formas *carruseis* do IGE (*Nomenclatura do arancel integrado comunitario* 1990) e *carrusel* de Martínez Oca (*Os culpables* 1993).

124. As seguintes documentacións son *violoncellos* de Amado Carballo (*Proel* 1927) e de Otero Pedrayo (*Os señores da terra* 1928), *violoncelo* e *violoncello(s)* tamén de Otero Pedrayo (*Contos do camiño e da rúa* 1932) e *violoncellos* de Risco (*Mitteleuropa* 1934).

125. As posteriores aparicións son de Otero Pedrayo (*Fra Vernero* 1934 e “Prólogo” e “Xeografía” da *Historia de Galiza* 1962) e Bernardino Graña (*Sima-cima do voar do tolo* 1984).

126. As seguintes documentacións son *ritornello* de Rof Carballo (*Mito e realidade da terra nai* 1957) e Risco (“Etnografía: cultura espiritual” en *Historia de Galiza* 1962), *ritornelo* de Xohana Torres (*Adiós, María* 1971) e de Gómez Ledo (*Escolma de poetas líricos gregos e latinos nos en linguaxe galego* 1973).

127. Sobre os estranxeirismos na obra de Manuel Antonio cf. González Guerra (1981).

128. Ata agora son as primeiras e únicas documentacións no galego escrito. O substantivo *soliloquio* ten as primeiras presencias en López Ferreiro (*A tecedeira de Bonaval* 1895), en Correa Calderón (*Concepción singela d’o ceo* 1925), en Borreiro (*Fuchicadas* 1927) e en Fernández-Oxea (*Andrómedas* 1953).

129. Posteriormente só usaron esta forma García-Sabell (*Ensaíos* 1963) e Margarita Ledo (*Trasalba ou Violeta e o morto militar* 1985).

130. Son as únicas formas documentadas. En Méndez Ferrín (*Estirpe* 1994) rexístrase *prostibular*.

*multicopistas* nun poema sen data<sup>131</sup>, *mecanógrafos* en *Catro*<sup>132</sup> e *émbolo* en *Foulas*<sup>133</sup>. Ás veces trátase de cultismos con elementos desas dúas linguas como *radiograma(s)*-9 en *Sempre*, en *Foulas*-4, en *Catro*, nun poema de 1925 e en dous poemas sen data, que ten as únicas documentacións en Manuel Antonio e en Neira Vilas (*Galegos no golfo de México* 1980).

Crea palabras como *xornadario(s)* para diario, que emprega en *Anacos* e en *Foulas*-2, e *circunmeridiáns* en *Catro*, que só se rexistran na súa obra; e crea a forma *porvirista(s)* de *¡Máis alá!* e de *Anacos*, que usará axiña o seu amigo rianxeiro Rafael Dieste (*Antre a terra e o ceo* 1926), e a forma *bocarrúas* de *Viladomar*, que será usada por Blanco Amor (*Xente ao lonxe* 1972). E é dos primeiros en utilizar formas que daquela debían ser (moi) cultas como *insumiso*<sup>134</sup> (“ponlas insumisas” nun poema sen data), *caligrama* en *Foulas*, *cinema* en *Sempre* e nunha das cartas, *neuras-tenia* nun poema sen data, *neurosis* nun de 1921 e en *Anacos*<sup>135</sup>, *políglo-ta(s)* en *Foulas* e en *Catro*<sup>136</sup> e *pentágrama* en *Foulas*<sup>137</sup>; e galicismos como *foulard* en *¡Máis alá!*<sup>138</sup>

Moitas destas formas están popularizadas e actualmente son de uso frecuente. Manuel Antonio é un gran renovador léxico, pero á parte de lusismos

131. É de momento a única documentación da Base de Datos Lexicográfica do ILG, como tamén son únicas as formas *multicopiadora* de Laxe Freire (*Loita e morte* 1986) e *multicopiar* de Casares (*Xoguetes para un tempo prohibido* 1975).

132. As outras documentacións corresponden a *A Nosa Terra* (1928), o mesmo ano de *Catro*; a Carballo Calero (*Vieiros* 1931), a Risco (*Mitteleuropa* 1934), a Fernández-Oxea (*Andrómenas* 1953) e a Xohana Torres (*Adiós, María* 1971).

133. As seguintes aparicións están en Blanco Amor (*Poema en catro tempos* 1931), en Carballo Calero (*Salterio de Fingoy* 1961) e en Risco (“Etnografía: cultura espiritual” en *Historia de Galiza* 1962), xunto con diversos rexistros nos anos 80 e 90.

134. Ademais do *insumisas* de Manuel Antonio, as primeiras documentacións son (labrego) *insumiso* en Dieste (*Antre a terra e o ceo* 1926), (pruma) *insumisa* en García Barros (*Contiños da terra* 1931) e *insumisa* en Castelao (*Sempre en Galiza* 1944) referida á “estensia familia dos Fisterres”.

135. A primeira documentación de *neurosis* é de López Ferreiro (*O castelo de Pambre* 1895), a segunda e a terceira son as de Manuel Antonio e a cuarta é de Fole (*Terra brava. Contos da solaina* 1955). A primeira de *neurose* é de Tovar (*Calados esconxuros* 1980).

136. Antes de Manuel Antonio só se rexistra no semanario de Lugo *A Monteira* (1889). E en 1928, o ano de *Catro*, tamén se documenta en *A Nosa Terra* e en Gómez Ledo (*Borreas*).

137. As primeiras entradas son *pentágrama* no semanario de Lugo *A Monteira* (1889); *pentagrama* en Ribalta (*Libro de Konsagración* 1910), en *A Nosa Terra* (1917, 3 rexistros) e en Amado Carballo (*Os probes de Deus* 1925); *pentágrama* de Manuel Antonio (*Foulas* 1925) e *pentagrama* de Dieste (*Antre a terra e o ceo* 1926, 3 rexistros).

138. As primeiras documentacións son *fulars* en García Ferreiro (*Chorimas* 1890), *foulard* en Manuel Antonio (*¡Máis alá!* 1922), *fulares* no periódico de Betanzos *Rexurdimento* (1922), *foulards* en Celso Emilio Ferreiro (*A fronteira infinda* 1972) e *foulard* en Méndez Ferrín (*Bretaña Esmeraldina* 1987).

e estranxeirismos é moito o léxico relacionado co mar que introduce no galego literario, e sobre todo o relacionado coa navegación, tal como se verá no punto 3 do capítulo seguinte.

## VI. MOITA COSTA, “POUCO” MAR

### I. A “escaseza” de mar na cultura galega

Calo Lourido, unha das persoas que nos últimos anos máis atención lle ten dedicado ó mundo do mar galego e que máis ten denunciado a ausencia do mar nos estudos das ciencias sociais, sinalaba no limiar de *Xentes do mar* (1996) que sendo incuestionable a importancia do mar en Galicia tanto polo número de quilómetros como pola moita xente que ten na pesca e no marisqueo a súa actividade laboral, esta realidade “nunca se viu reflectida nos estudos sobre a nosa terra. A maior parte dos antropólogos eran e son xentes do rural labrego e, malia o atractivo do ‘chocante’, semella haber unha predisposición a estudar o máis próximo, aquilo no que un ten as súas raigañas e, por conseguinte, coñece mellor” (p. 7). E a mesma crítica lles fai máis adiante ós historiadores galegos, por estaren “sempre mirando para o mundo rural labrego e, agás contadas excepcións, esquecendo que Galicia é algo máis. Fóra da etapa dos cataláns practicamente non hai nada feito, e vai sendo hora de se enrolar na aventura” (p. 10).

Se a maior parte dos antropólogos galegos veñen do rural (e do urbano non mariñeiro), de procedencia semellante é a gran maioría dos historiadores, dos escritores, dos lingüistas, dos economistas, dos políticos... forxadores da visión de Galicia e da elaboración do seu idioma. Non deixa de ser curioso que no seu día un dos mellores coñecedores da nosa etnografía mariñeira fose o ourensán de Ourense Xaquín Lorenzo “Xocas”, proveniente da Galicia sen mar, como se aprecia no seu estudio das dornas do Porto do Son (1934) e sobre todo no capítulo “Etnografía: Cultura material” da *Historia de Galiza* (1962) dirixida por Pedrayo. E ourensán de Allariz era o fotógrafo e cineasta José Suárez, ó que pertence a escolma de fotos *Galicia terra, mar e xentes* (1981), con temas diversos (mariñeiros, feiras, sega, romaxes...) que “queren ser un reflexo da forma e sentir, de vivir dos galegos, fuxindo de todo convencionalismo”, e dos que salientan as fotos dos mariñeiros, case todas anteriores a 1936<sup>139</sup>.

139. Verbo da importancia do tema mariñeiro na fotografía de José Suárez, dicía X. L. Suárez Canal no limiar desa obra: “Cabe resaltar de todos estes temas, e así o pensaba el, *os Mariñeiros* que pre-

Nos anos 30 o alemán W. Schroeder estudiara nun amplo traballo os barcos de pesca de Fisterra; e hoxe un dos mellores coñecedores das nosas embarcacións tradicionais é un antropólogo sueco, Staffan Mörling, que viña dun país con gran tradición no estudio da arqueoloxía e da historia naval, e que levou a cabo unha investigación en todo o litoral galego, desde Ribadeo ó Miño (Calo Lourido 1998b: 2). E ós traballos anteriores á Guerra Civil hai que engadi-los *Diccionarios* de artes de pesca de Rodríguez Santamaría (1911, 1923), cunha importantísima achega sobre o litoral galego.

Temos 1.195 quilómetros de costa con mariñeiros que levan anos e anos descubrindo caladoiros en canto mar hai a miles de millas do noso litoral; moitos nenos da costa soubemos da existencia de cidades como Antuerpe (Antwerpen no holandés dos flamencos, Anvers en francés), Denaghe (a holandesa Den Haag) e Capetón (a sudafricana Cape Town) e algúns tardamos anos en asociar eses lugares cos Amberes, La Haya e Ciudad del Cabo dos libros de textos ou dos atlas escolares; temos unha grandísima parte da poboación vivindo nas beiras do mar cunha rica tipoloxía de vivendas mariñeiras, que cómpre estudar urxentemente ante a desfeita que desde hai anos se produce no noso litoral, e especialmente nas Rías Baixas. Malia iso, a presenza do mar na cultura galega, e na literatura en particular, foi tradicionalmente escasa; e malia que nos anos 80 e sobre todo nos 90 aumentou considerablemente o número de traballos con referencia ó mar, e tamén o número de obras literarias con presenza do mar e das súas xentes como logo se verá, aínda así, comparado co mundo da terra, creo que na cultura galega segue habendo moita costa e “pouco” mar.

### 1.1. O mar dos lingüistas e o dos naturalistas e antropólogos

No eido da lingüística galega hai un gran predominio dos estudos da lingua do rural respecto da mariñeira, do que é boa proba o *Glosario de voces galegas de hoxe* (1985) de Constantino García, no que entre os 45 puntos estudiados soamente sete son mariñeiros. Así e todo, dun total de 119 puntos do *Léxico de los marineros peninsulares* (Alvar 1985-89), a nosa costa figura con 15 portos enquisados por Carme Ríos Panisse e Antón Santamarina, material ó que cómpre engadi-las completas monografías

---

sentan un dobre interés. En primeiro lugar o carácter de documento que poden ter por tratarse dunha das series máis antigas que el fixo, cáseque todas antes da Guerra Civil española. Valor documental tamén por presentar ese traballo artesán que pouco a pouco co paso do tempo vai a desaparecer; quedará soamente na memoria dunhos cantos. En segundo lugar estas fotos corresponden posiblemente ós estudos previos realizados antes de facer a súa película “Mariñeiros”, que era a primeira dunha serie adicada ós artesáns galegos, película que foi rematada no exilio e que non se puido ver aquí [...]. Por último quere ser un homaxe ó mariñeiro galego” (p. 8).

da propia Ríos Panisse (1977, 1983) sobre a nomenclatura da nosa flora e fauna marítima, con material de 56 portos dos 1.195 km. da nosa costa, ademais do porto das Figueiras na Terra Navia-Eo asturiana e do de Caminha, fronte á Guarda.

Hai, por outra parte, moi diversas publicacións de biólogos, botánicos, economistas e antropólogos de grande interese para a lexicografía mariñeira, traballos que puiden catalogar mercé á axuda de Carme Hermida e do amigo Miguel Anxo Seixas. Sen desexo ningún de exhaustividade, á parte das publicacións (en castelán) de Domingo Quiroga nos anos 60, cómpre salientar nos anos 70 os traballos do economista González Laxe sobre os problemas e a estrutura da pesca costeira galega e os do biólogo Uxío Labarta, en especial *A pesca galega e a sua investigación* (1978), así como os artigos económico-etnográficos de Arturo Romaní, algúns dos anos 50 e 60, recollidos en *La pesca de bajura en Galicia* (1981).

Nos últimos dez anos merece destacarse o labor pioneiro de Xosé Manuel Penas Patiño desde a Sociedade Galega de Historia Natural, e en especial a obra *Cetáceos, focas e tartarugas mariñas das costas ibéricas* (1989), da que é coautor A. Piñeiro Seage. Hai diferentes guías de biólogos e de naturalistas, como *Guía dos peixes de Galicia* (1983) de Rodríguez Solórzano, Devesa Regueiro e Soutullo e *Guía dos mariscos de Galicia* (1985) de Rosa Ramonell; *Peixes do mar de Galicia* (1992, 1994, 1995) de X. L. Rodríguez Villanueva e de Xavier Vázquez (o novelista Xavier Queipo) e *Guía ecolóxica do litoral galego* (1996) de Luís Míguez, Concepción Rodríguez e Oscar García. E existen outros moitos traballos de naturalistas, como os do volume *A natureza perdida. Xea, Flora e Fauna de Galicia en perigo* (1989) do Consello da Cultura Galega, con artigos sobre algas mariñas (Pérez-Cirera), sobre invertebrados mariños (Urgorri) e sobre peixes (Solórzano).

Entre os traballos etnográfico-antropolóxicos están os relativos a barcos, coma os de Massó (1992) e de Mörling (1989) para toda a costa galega, ou os de Juan S. Beloso sobre barcos e artes de pesca na Guarda (Vázquez Varela 1990) e de Alonso (1997) sobre as gamelas da Guarda e costa próxima; e sobre todo os diversos estudos do arqueólogo e etnógrafo Calo Lourido (1978, 1980, 1996, 1998a) sobre barcos, artes de pesca e de marisqueo, desde unha perspectiva sincrónica e diacrónica.

Calo coordinou o Simposio de Antropoloxía Mariñeira *Galicia un re-encontro co mar*, que mencionei na *laudatio* de Filgueira Valverde. Nas actas dese Simposio (Calo Lourido 1998c) recóllense, entre outros, traballos sobre ritos propiciatorios (Alonso Romero), sobre exvotos (Fuentes

Alende), sobre devocións mariñeiras (González Pérez), sobre a poesía popular nas rías galegas (Fraguas Fraguas) e sobre o coñecemento ‘experto’ do mar polos pescadores de Lira e de Muxía (García Allut), interesantes para a lexicografía mariñeira, e de xeito moi especial este último. Por outra parte, González Pérez é autor de *O refraneiro do mar* (1993<sup>2</sup>) e Alonso Romero publicou varios traballos sobre crenzas e ritos dos mariñeiros de Galicia confrontados coa xente de mar de cultura celta, entre eles, *Crenzas e tradicións dos pescadores galegos, británicos e bretóns* (1996). E a nivel divulgativo hai que subliña-lo labor que sobre o mundo do mar se fai desde hai anos no Museo do Pobo Galego e, máis recentemente, desde o semanario e a editorial *A Nosa Terra*<sup>140</sup>.

Coido que a ría da Arousa, a máis extensa das rías galegas é privilexiada, xa que conta con moi diversas publicacións, algunhas de gran didactismo para coñecer como é e como foi o mundo tradicional mariñeiro e o léxico da xente que vive nese mar. Penso no cantigueiro de Bouza Brey (*Cántigas populares da Arousa* 1931) e nos traballos de Ricardo Arnaiz e Alberto de Coa *Artes de marisqueo usados en la ría de Arosa* (1977) e *Cuadernos marisqueros. Artes de pesca artesanal en la Ría de Arosa. I Artes de enmalle. II Artes de pesca* (1979), reeditados en versión galega no volume *Artes de pesca da Ría de Arousa* (1990). Penso nos estudos dirixidos por Adela Leiro e moi especialmente *O traballo no mar (Aparellos de pesca e marisqueo)* (1990), sobre os aparellos e as diversas artes usadas en Cambados, e no libro as *Aves de costa* (1995) de Romay Cousido sobre o Grove, inspirado na *Guía das aves de Galicia* (1991) do citado Penas Patiño, de Pedreira e de Silvar. E tamén penso nas publicacións do Grupo Etnográfico “Mascato”, coma os *Galeóns de Arousa* (1996<sup>2</sup>), o *Caderno de a bordo. Cultura marítima de medio ambiente* (1997) con texto de Dionisio Pereira e a *Revista de cultura marítima*, ademais do labor de colectivos como o propio “Mascato” ou “Joritas” recuperando embarcacións tradicionais do costado de leste da Arousa.

140. Hai moi diversos traballos de economistas e de historiadores que tratan sobre a pesca galega. Entre os traballos clásicos están a *Memoria sobre la pesca de sardina en las costas de Galicia* (Madrid, 1784, con reedición do Consello da Cultura Galega, 1997), de José Cornide de Saavedra, e *La industria de la pesca en Galicia. Estudio sociológico* de Joaquín Díaz de Rábago (Santiago, 1885, con reedición da Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1989); e entre os traballos máis recentes están *Galicia en el comercio marítimo medieval* (1988) de Elisa Ferreira Priegue, *Galicia y el mar* (1993) de Xosé Fortes, e o volume de divulgación *Historia da pesca en Galicia* (1998), coordinado por Carmen Fernández Casanova. Hai excelentes libros de fotografías que nos dan unha idea da Galicia mariñeira de onte e de hoxe, como o de García Suárez (*Galicia terra, mar e xentes* 1981) e o citado de Fortes con fotos antigas e con moitas fotos a cor de Lobato e de Osorio, *O mar da memoria* producido pola Axencia Rivadela (1991) e *Galicia, o oficio de vivir. O mar, a terra e a cidade* de Gonzalo Allegue (1998).

Por outra parte, en Cambados traballaban a maioría dos mestres que no seu día redactaron o moi didáctico *A pesca en Galicia* (1983), onde se trataba de bioloxía mariña e de tecnoloxía pesqueira, de peixes e de marisco, de artes de pesca e de barcos, de como falan os mariñeiros e dos nós das faenas diarias, e todo visto desde Galicia e para escolares galegos. Existiu, ademais, o Seminario Domingo Fontán para o estudo da toponimia mariña da ría da Arousa e editáronse monografías sobre a historia e a actividade pesqueira desta ría<sup>141</sup>; e os mariñeiros das ribeiras deste mar teñen a súa *Arousiada* (México 1995), escrita parte en español e parte no galego da ría, con gheada, con seseo e coas formas *cantín*, entre outros trazos. O autor desta novela, Leonardo Da Jandra, naceu no estado mexicano de Chiapas criouse en Galicia e desde hai anos vive na costa mexicana da Oaxaca<sup>142</sup>.

## 1.2. O mar e os dicionarios

A tradicional carencia de traballos sobre léxico mariñeiro, especialmente sobre léxico abstracto, ten a súa repercusión na actual lexicografía galega. Non aparecen nos dicionarios voces da terminoloxía mariñeira coma o mencionado *rifar*, que os mariñeiros arousáns e muradáns din do feito de esgazaren e romperen as velas, ou o arousán *rebastal* para designar pedras aliñadas —ou sen aliñar— cubertas pola auga (e a Ría da Arousa é un inmenso val mariño inzado de rebastais) fronte a *arresife*, conxunto de pedras aliñadas que non cobre a auga. A forma *rebastal* non aparece na listaxe do *VOLGA* (1990), o vocabulario ortográfico redactado por Manuel González e por Antón Santamarina, base das entradas da maioría dos dicionarios e dos vocabularios que sobre o galego se fixeron nos anos 90.

Voces que si aparecen son *barca*, *pesco* e *pesca*, *mariñeiro* e *pescador* que, en xeral, están deficientemente definidas por non teren en conta os distintos redactores, entre outras cousas, que para os mariñeiros, en princi-

141. Manuel Fajardo Piñeiro é autor da *Historia e vida da ría de Arousa* (Boiro 1996<sup>2</sup>) e José A. Pérez Sánchez é de *Las actividades agropecuarias y pesqueras en la ría de Arousa (Galicia). Dinámica e incidencia territorial* (Pontevedra 1996).

142. O libro leva unha advertencia inicial na que o autor aclara que os capítulos pares, “en la forma arousana original, representan un escollo poco menos que insalvable para todo lector que no domine el galaico-portugués. Es por ello, que me he visto obligado a aventurar una traducción que, más que una traición, es un asesinato inevitable del original arousano. Por otra parte, la fascinación por la dulzura, la sonoridad y la riqueza lingüística del habla de la mítica ría, hizo que, desoyendo los consejos de los expertos, me esforzara por llevar al límite la singularidad del habla arousana, dejando reiteraciones pronominales y evitando los pretéritos compuestos, así como permitiendo los castellanismos que permearon el habla del personaje a través de su peculiar singladura. Por último, preferí el uso de la ‘j’ al de la ‘gh’, por considerar la simplicidad de la primera más acorde al temperamento lingüístico de la ría”.

pio, non hai *barcas* senón *barcos* (grandes ou pequenos) e que a *barca* é da linguaxe literaria ou ben era unha embarcación coa que se cruzaba un río; ou por ignoraren que a xente do mar non usa formas como *pesco* e *pesca*, *pescantín* e *pescantina*, pois estas son formas dos que traballan en terra, normalmente en lugares que non viven do mar e, como moi ben din os redactores do Xerais (1993), empréganse despectivamente. No caso de *pescador* e de *mariñeiro* non estamos propiamente en presenza de sinónimos: *pescador* é forma usada por quen traballa en terra e pouco empregada por quen anda ó mar, a non ser que estea a falar de cousas do mar con xente de terra con quen non ten confianza; *mariñeiro* é forma xenérica que designa tanto o que “anda ó mar” e traballa con redes como o que “anda ó rastro” ou “anda ás nasas” e tamén o que “pesca con cordel”, agora con liñas. Só este último sería *pescador*, á parte do que pesca con cana nun río ou que pesca no mar como deporte, tamén con cana.

Como se verá máis abaixo, no caso das embarcacións, ademais do incompletas que resultan algunhas definicións, hai contradicións no relativo á feitura, como ocorre coa *chalana* e coa *gamela*. Outras veces as entradas reflicten unha terminoloxía internacional, como no caso de *babor* e de *estribor*, pero non sempre aparecen formas galegas tradicionais como *couso* e *arca*. Sen dúbida ningunha que deben figurar nos dicionarios galegos tódolos termos da linguaxe marítima internacional que son de uso común, calquera que sexa a procedencia; pero cómpre non esquecermo-la ampliación semántica dada a voces do mundo de terra cando se habilitaron para o mar.

En romanés, o *Finisterrae* oriental do mundo románico, os puntos cardinais son os internacionais *nord*, *sud*, *est* e *vest* (e os ventos correspondentes son *vînt de nord*, *vînt de sud*...) que como os nosos *norte*, *sur* (*sul* para os mariñeiros da Guarda), *leste* e *oeste* proceden de formas anglosaxonas, que probablemente a través das correspondentes francesas *nord*, *sud*, *est* e *ouest* pasaron ás diversas linguas románicas<sup>143</sup>. Pero a carón destas voces internacionais, en romanés para o norte e para o sur o popular é *miază noapte* e *miază zi* (literalmente *media noite* e *medio día*) e aínda non desapareceu a denominación xeográfica baseada nun antiquísimo significado simbólico dos nomes das cores para os puntos cardinais: *negro* para “norte” —de aí o *Mar Negro* “mar que está ó norte”—, *branco* para “sur”, *vermello* para “leste” e *verde* ou *azul* para “oeste”. Este sistema ba-

143. Corominas / Pascual (1980 II: s.v. *este*).

seado nas cores non é descoñecido doutros idiomas balcánicos coma o búlgaro ou o grego, e mesmo o turco<sup>144</sup>.

No litoral galego os puntos cardinais e os ventos teñen as denominacións internacionais (*norte*, *sur*, *leste*, *oeste*), existindo no caso dos ventos termos galegos que concorren cos de orixe anglosaxona (*terral* para o leste, *travesía* para o oeste ou para outras direccións do vento, etc.). Na Galicia interior hai aire *de arriba* cando sopra do norte; hai aire *de abaixo* ou *vendaval*, e mesmo *mediodía*, cando o fai do sur; hai *soán*, *nacente* ou *levante* se sopra do leste; e *ponente* (e moito *poniente* e nalgún caso *travesío*) cando o fai do oeste.

### 1.3. O mar e a literatura

Nunhas xornadas sobre “Os narradores e o mar” celebradas en Lisboa en marzo de 1998, Carlos Casares indicaba que as dúas frustracións da literatura galega eran “a ausencia dunha épica da emigración e doutra épica do mar”, á vez que salientaba a forte relación de Hemingway con Galicia “especialmente coa ría de Vigo, pero lamentou que o autor estadounidense non lograra consolidar unha creación desa épica do mar”<sup>145</sup>.

Hai anos Antón Villar Ponte, cando estaba a traducir ó galego unha tradexia de mariñeiros irlandeses de Synge, lamentábase da escaseza de mar na nosa literatura:

El mar es el todo para los gallegos hermanos de los lusitadas. Sin embargo, no ha sido el marinismo lo que más atrajo la atención de nuestros poetas y escritores. Ni siquiera de aquellos que se dedicaron al género literario realista por excelencia que es el teatro y la novela<sup>146</sup>.

144. Os vñacos “negros” eran, segundo Christian Ionescu (1999: 450) os que “vivían nas rexións setentrionais, tomando como punto de referencia a posición xeográfica dos gregos, búlgaros e turcos”, onde “negro” fai referencia a xente que vivía ó norte e non á cor negra das pelicas que vestían os vñacos (ou vñacos) da actual Romanía. Esa simboloxía de nomes de cores para indicar posición xeográfica “aparece tamén na mitoloxía e nos contos populares romaneses, na heráldica e na toponimia”. Mostra disto último é *Mare Neagră*, o coñecido “Mar Negro” que baña, entre outras, as costas romanesas, búlgaras, ucraínas e turcas. E existen outros “ríos negros” na hidronimia romana. E tal como me ten indicado Ionescu, é moi frecuente nos contos populares romaneses a presenza dun “emperador negro” e dun “emperador branco”, que non teñen nada que ver coa cor moura ou alba da súa cara, senón coa procedencia do norte ou do sur do país.

145. A cita está tirada do xornal *O Correo Galego* (5.3.98), 45.

146. A. Villar Ponte: *Pensamento e sementeira*. Buenos Aires: Galicia, 1971, 154-5. Dícía ó respecto desa obra de Synge “que, como halla su desenvolvemento en Irlanda, pudiera hallarlo en cualquier lugar de la costa brava de Galicia”.

### 1.3.1. O mar na poesía

Na literatura medieval o mar está nas *barcarolas* de Paio Gomes Chariño, o almirante do mar e señor de Rianxo e de Sobrán; está en Xoán Zorro e en Don Denis, en Julián Bolseiro e en Nuno Fernandes Torneol, en Nuno Porco e en Roi Fernandes de Santiago e nos poetas do mar de Vigo (Mendiño, Xoán de Cangas e Martín Codax), estudados por Filgueira no seu traballo de 1927 sobre *A paisaxe no Cancioneiro da Vaticana*. Anos despois Cotarelo Valledor (1970) analizaría a presenza do mar neste mesmo *Cancioneiro*, e o mesmo fará Guerra da Cal (1958) na nosa lírica medieval. Tavani, no limiar do fermoso libro *A auga e a poesía galega medieval* (1989) considera que son “sobre todo as augas do mar as que asumen para a namorada un aspecto hostil, contrario á relación amorosa”; e engade que o mar é elemento separador por definición, “é sempre o inimigo, o rival co que a rapaza tenta competir en balde”.

Na poesía de entre séculos todo é mar nas fermosas quintillas *Mariñeiro da Lanzada* (1887) do pontevedrés Luís Rodríguez Seoane, amigo de Aguirre e de Pondal; hai mar en Leiras Pulpeiro, que introduce no galego escrito diverso léxico mariñeiro, el que era o poeta da Mariña, fronte a Noriega Varela que o era da Montaña. Leiras introduce o termo *nordesías* (1884 e 1903), posteriormente usado por Lamas Carvajal (*Gallegada* 1887), por Noriega Varela (*Montañesas* 1910) e por Manuel Antonio na variante *nordecía* de *Foulas* (1925), e introduce a voz *vaga* (1912), que logo aparece en Lisardo Barreiro (*Escumas e brétemas* 1923), en Filgueira Valverde (*O Vigairo* 1927) e en Manuel Antonio (*De catro en catro* 1928). E Leiras tamén introduce a forma *salseiros* (1912), que ten as seguintes aparicións na citada obra de Lisardo Barreiro e en Cabanillas (*No desterro e Na noite estrelecida* 1926), así como a palabra *escamallo* (1912), que despois empregarán Manuel Antonio (*Foulas* 1925 e *De catro en catro* 1928), Cotarelo Valledor (*Mourenza* 1931) e Bouza Brey (*Seitura* 1955).

Mariñeiros son os poemas de Lúgrís Freire nos que evoca o mar de Sada e a súa xente, como os agrupados baixo o título “Da Mariña” en *Ardencias* (1927), libro que termina con tres prosas, unha das cales é a crónica dunha mareira; e nestes anos 20, como quedou ben indicado, hai unha constante presenza do mar en boa parte da obra de Manuel Antonio. Na posguerra hai tema mariñeiro e, xa que logo, moito léxico desta orixe en *A roseira da soidade. Poesías galegas* (1953) de Antón Zapata García, sobre todo en poemas como “Dorna saudal”, “Mareas vivas”, “Marismas”, “Redes no mar” ou “Carrexando redes”. Para Carballo Calero (1981: 607) o galego vivo deste poeta de Laxe “é ricaz, especialmente en termos náuti-

cos, e se a el se houbera atido, houbera logrado unha linguaxe propia, precisa i enxebre”, pois cando Zapata escribe versos de tema mariñeiro “logra os seus mellores momentos”. O mar da Costa da Morte está presente en versos do muxián Xervasio Paz Lestón, como no fermoso poema “Algazo” (1945), en “Barcos” (1960) ou no soneto “Muxía” (1932), a “Do cantábrico mar, n-un regaciño, / feito entre cons, de escantilante area, / bicada pola espuma da marea / i ao barudo agarimo do Corpiño”<sup>147</sup>; e o mar do Morrazo e o mundo do mar están presentes na poesía de Bernardino Graña, e de xeito especial na súa *Profecía do mar* (1984).

Entre os novos (e xa non tan novos) hai poemas con mar nas *Baladas nas praias do Oeste* (1985) de Manuel Rivas. Hai unha presenza constante de elementos mariños nos versos da noiesa Ana Romaní en *Palabra de Mar* (1987), de quen Avilés de Taramancos —tamén de Noia e tamén con mar na súa poesía— dicía na presentación dese libro de Ana que era “poesía salobre con aroma de océano interior”; e o mar non falta en poemas de *Das últimas mareas* (1994) e *Arden* (1998) da mesma escritora. Hai así mesmo mar nalgún dos libros do fisterrán de Cee Rafa Villar (*O devalo do mar* 1994), de igual xeito que aparece na escolma poética *De mar e vento. Cinco poetas de Fisterra* (1997) que, como sinala Miro Villar no limiar, “saben do mar porque o levan nos ollos e sobre todo nos dedos, e cando o pronuncian semella como se unha buguina deixase todo o seu eco nos nosos oídos e as mareas devalasen e terra dentro só houbese auga salgada”. E destes fisterráns de Fisterra, onde máis mar e máis léxico mareiro se acha é nas composicións de Alexandre Nerium, nome literario de Manuel Martínez.

Na poesía moderna hai presenza do mar, en maior ou menor medida, tal como se pode apreciar na antoloxía de Cacheiro (1985), en autores clásicos como Rosalía, Pondal, Cabanillas e López Abente; en poetas vangardistas como Amado Carballo, Manuel Antonio, Blanco Amor, Bouza Brey, Sevillano e Cunqueiro; en Iglesia Alvarino, Castroviejo, Seoane, Celso Emilio e González Garcés; en Pura Vázquez, Luz Pozo e Xohana Torres; en Manuel María, Bernardino Graña, Avilés de Taramancos e Méndez Ferrín.

En maio de 1998 o Fogar do Pescador de Vilaxoán da Arousa editou *O Cancioneiro e o mar* como homenaxe a Paio Gómez Chariño, Señor de

147. A poesía deste poeta acaba de ser editada e estudiada por Miro Villar no libro *A poesía galega de Xervasio Paz Lestón* (1998).

Sobrán, con presenza da obra de vinte poetas galegos. Nel aparecen escritores “que encetaron o seu labor nos anos que seguiron á posguerra, como Manuel María, Uxío Novoneyra, Bernardino Graña e García Bodaño”, xunto con outros que “pertencen a tempos máis recentes, nos que están a sinalar un acento creador de diverso feitío”, tal como sinala Fernández del Riego no limiar da obra. Esoutros poetas son Alfonso e Xosé María Álvarez Cáccamo, Xurxo Alonso, Fermín Bouza, Gonzalo Bouza-Brey, Ramón Caride, Ramiro Fonte, Xulio López Valcárcel, Anxo Pastor, Daniel Pino, Xesús Rábade Paredes, Xavier R. Baixeras, Domingo Tabuyo, Helena Villar e Rafael Villar<sup>148</sup>.

Na maior parte dos poemas deste *Cancioneiro* trátase dun mar moi literario, con moito *ronsel* e bastantes *gaivotas*, con *nordés* e *ondas*, con *rochedos* e *rochas* —e algún(s) *con(s)*— e algún *cormorán*; pero non faltan, como ocorre nos textos de Xurxo Alonso, léxico da xente do mar como *corvos mariños*, *buguinas* e *quiñón*; e mesmo aves que andan nos areais arousáns na seca, como *mazaricos* e *biluricos*.

### 1.3.2. O mar no teatro

No teatro teñen ambientación mariñeira obras de Luguís Freire como *Maireiras* (1904), *O Pazo* (1917) e a *Estadeña* (1919), co mar e o léxico de Sada. Da lingua da peza teatral *Estadeña* dicía Carballo Calero (1981: 482):

A mesma fala das xentes carez de autenticidade. Verdade é que ouvimos termos enxebres como *panterma*, *minueta*, *cope* e *tarrafa*, que non tiveran denantes proxeición literaria, i escoitamos algúns tipos e refráns tomados da boca do pobo; pero no seu conxunto, o diálogo non é natural, i está cheo de xiros imposibles de supor na lingua dos mariñeiros.

Luguís é ademais autor de relatos co mar ó fondo, como “A illa milagreira” referido á chegada dos primeiros colonos á illa de Sálvora contra mediados do séc. XIX, relato incluído no libro *Contos de Asieumedre* (1901).

A obra de Rafael Dieste *A fiestra valdeira* (1927) desenvólvese na casa dun indiano que fora mariñeiro, na vila natal do protagonista, seguramente Rianxo. Trátase dunha inxenua e optimista fábula que “pode encubrir unha apoloxía da autenticidade, unha exaltación dos valores humanos do pobo mariñeiro e unha crítica da deformación moral que unha educación

148. No libro de Ramón Sampedro *Cando eu caía* (1998) hai presenza do mar especialmente nos poemas agrupados despois da composición “Quero ir ó mar”.

formularia é capaz de producir en mentes sinxelas” (Carballo Calero 1981: 713-4).

Cotarelo Valledor, que era da Veiga, na Terra Navia-Eo, é autor de pezas de teatro mariñeiro como *Beiramar. Drama en tres actos* (1931) e *Mourenza. Lance dramático nun auto* (1931), con moito léxico do mar, especialmente en *Beiramar*, aprendido na ribeira do Mar da Arousa. Para Carballo Calero (1981: 626), “*Beiramar* está escrito no falar mariñeiro que Cotarelo coñecía polas súas estadias en Vilaxuán, de onde era oriunda a súa dona”.

Entre as obras da posguerra con presenza do mar está o *Auto do Mariñeiro* (1961) de Manuel María “na que o ruído do mar, a gamela, a lúa se convirten en personaxes con voz, compartindo a acción co propio mariñeiro”, en palabras de Fernández Naval (1999: 51) nun recente ensaio sobre a pesca na literatura galega; e en *A casa dos afogados (Drama fantástico)* (1990) de Miguel Anxo Fernán-Vello o mar é omnipresente.

### 1.3.3. O mar na narrativa

Na narrativa galega hai mares moi diferentes. Víctor Freixanes no *Triángulo inscrito na circunferencia* (1982) narra a historia da revolución imposible das vellas cidades do mar, a historia dos vellos navegantes galegos, as invasións viquingas e as navegacións atlánticas, obra que para Fernández Naval (1999: 55) “non é estrictamente unha novela de pescadores, aínda sendo a máis mariñeira de cantas novelas se teñen escrito en Galicia”. Hai moito mar nas páxinas de Xavier Queipo, en obras como *Ártico e outros mares* (1990), con historias de barcos que son atacados por arañas xigantes e cacerías de osos brancos; en *Diario dun nómada* (1993), onde aparece, entre outros moitos, o mar das augas canadenses de Terranova; e en *O paso do noroeste* (1996), onde se procura un camiño para chegar á China e ó Xapón.

Hai mar en bastantes páxinas de *Beiramar* (1983) de Martínez Oca, de *Xa vai o griffon no vento* (1984) de Conde, de *Bretaña Esmeraldina* (1987) de Méndez Ferrín, e nalgún relato de *Arnoia*, *Arnoia* (1985) do mesmo Ferrín e en *Alén da desventura* (1998), de Alcalá, novela con “vidas de persoas e pobos arrastrados polos conflitos entre as grandes potencias navais”. E hai un mar diferente ó destes no relato curto “A balandra do esqueleto” de Abella Chouciño incluído en *A ermida do díaño* (1998), que se acompaña dun apéndice con partes dunha lancha de vela e doutro apéndice cun vocabulario marítimo para mellor comprensión da narración.



#### 1.3.4. Todo mar é Galicia: o Grand Sole na literatura dos 90

As mareas dos barcos galegos nos caladoiros do Grand Sole, augas do Mar de Irlanda ben coñecidas de moitos arousáns, son un grande atractivo na literatura galega dos 90, tal como salienta Fernández Naval (1999: 41-3, 53-4), tanto na poesía (Rivas, Reixa e Ferrín) como na narrativa (Riveiro Loureiro, Suso de Toro e Carrera).

No citado *Balada nas praias do oeste* (1985) de Manuel Rivas hai un poema titulado “O Grand Sole” (p. 89), que comeza con estes versos:

*Esta é a nau do home,  
o ventre amador que sulca a friaxe doce do infortúnio,  
que se ergue solemne no berro do naufráxio  
e que xime,  
ateigada do extraño continente que arvorea no vento.*

No poema “Contrabando de amigo” de Antón Reixa, escrito para o grupo musical Na Lúa e que cantaba Uxía, e que aparece en *Viva Galicia Beibe* (1994) do propio Reixa, a moza da fermosísima cantiga de Mendiño segue “atendendo seu amigo” na illa de San Simón, que seica andaba nunha marea no Gran Sol:

*Sentada estou na illa de San Simón  
esperando, meu amigo, ai, que volvas do Gran Sol  
e pola ponte de Rande van e veñen sen parar  
moitos coches, meu amigo, que non veñen do Gran Sol.*

Pero o amigo da moza non andaba polo Mar de Irlanda, senón que cunha planeadora andaba ó “contrabando de tabaco e de drogas de droggar”. O amigo andaba ó *fume* e se cadra tamén á *fariña*, polo que a amiga, cansa de “atender”, acaba dicindo:

*Sentada non vou quedar, non vou mirar para atrás  
pola ponte pasan coches, non son estatua de sal  
contrabando o que ti fas, ti non pescas no Gran Sol  
mellor así que no Pérsigo naufragar.*

A internacionalización da frota deses caladoiros, con capital galego e doutros países aparece no poema “Coma un arau corre a tormenta” de *Estirpe* (1994) de Méndez Ferrín, tal como sinala Fernández Naval:

*Coma un arau corre a tormenta  
o racú fantasma, finalmente acóllese  
á Buraca do Inferno.*

*“Eu mirinno en Ons o día de Venres Santo,  
inda se lía na ponte: “Norita”.  
“E o folio?”  
“O folio éralle de Brest, Don José María”.*

Na prosa, o Grand Sole aparece na novela *O Patrón* (1990) de Manuel Riveiro Loureiro, que ten como protagonista un patrón que traballa nese mar xa mítico para moitos galegos do litoral; e *Riosil* (1990) de Valentín Carrera é a crónica da última marea nas augas desa inmensa chaira submarina que é o Grand Sole. E con este mar está relacionada a historia do mariñeiro Pepete que leva unha moneca hinchable a unha marea, historia que narra Suso de Toro en *Tic Tac* (1993).

E a épica do Gran Sol tamén aparece en “Porcupine” de *Fumareu* (1997) de Xurxo Souto. O protagonista do décimo estralo desa obra é Serafín Mourelle, nado en Corme, criado na Coruña, casado en Noia, que viviu no Gran Sol e que considera que é “do mar máis que de ningún sitio”. Tal como conta Souto, o mesmo que nas antigas lendas, Serafín achou a súa cidade asolagada:

No medio do Atlántico, ao oeste de Irlanda, érguese a grande montaña submarina de Porkupine, en inglés “a pena do porco-espiño”. Alí chegou, buscando novos regueiros no medio mar. “Porkupine ou a Cor-dilleira dos Andes, como eu lle dicía. Fun largando aparello, rachando as redes contra eses penedos, ata que atopei os carreiros no mar. Cruzar as montañas de Porkupine foi para min como aqueles pioneiros que foron descubrindo, que foron abrindo camiños polas montañas dos Andes” (p. 83).

O estralo ten como epílogo o poema “A Odisa do Gran Sol. Serafín Mourelle e o Golpe do Mar”, da autoría de Manuel Rivas. E no undécimo estralo de *Fumareu* fálase dos mariñeiros galegos que andan ó bonito e ó atún polo Océano Índico. E esta mesma épica dos mariñeiros que traballan a centos de millas polos mares de Irlanda ou a varios miles de millas polas augas de Namibia, polas de Madagascar ou polas turísticas das Seicheles é a que cantan Souto e Os Diplomáticos de Monte Alto no seu último disco, a arroutada *Capetón* (1999).

Esta é a épica da Galicia mariñeira para a que tódolos mares son Galicia. Sábeo ben o meu tío Andrés polas singraduras que ten feito pola costa europea e mediterránea e polas travesías a través do Atlántico e do Pacífico; pero tamén o sabía o meu tío Ricardo, que coñecín sendo eu mozo, cando voltou de andar anos e anos polos mares de Australia; e que despois dun longo descanso nas ribeiras arousás a chamada do mar levouno de novo cara á liberdade que hai nesa “illa d’auga rodeada de ceo por todas partes”, con singraduras pola costa mediterránea e africana e outras transoceánicas, algunha delas intensa e dramática polo que me ten contado.

Pero que todo mar é Galicia tamén o sabe a xente da miña xeración. Hai bastantes anos, estaba eu agardando un avión para face-la miña primeira travesía europea de só unhas horas e atopei en Baraxas un meu amigo da infancia, o Amadeo, que agardaba un avión para ir ós EE. UU. e logo ó Xapón a colle-lo barco no que andaba embarcado e despoir ir a non sei cantos portos e non sei cantos mares. E falábame destas singraduras coa mesma naturalidade de quen agardaba hai anos a motora que ía de Cambados á Toxa e ó Grove, a un par de millas.

E non hai moito, cando a min me parecera unha eternidade unha travesía aérea desde a costa de California a Madrid, no traxecto de Baraxas a Santiago tocoume de compañeiro de asento un mariñeiro, que debía ser do Morrazo, que alá me contou que levaba case dous días andando en barco e en avións, que andaba ó mar na Antártida traballando con moitos graos baixo cero. E falábame da longa viaxe e do labor a bordo nos mares do Polo Sur coa mesma naturalidade ca se viñese de coller un Castromil e logo un autobús de La Unión para ir ó Morrazo, para despois ir largar uns trasmallos ou unhas nasas pola ría.

## 2. *Cabanillas, a contemplación dun mar con ribeiras, dornas e barcas, e Sálvora na boca da ría*

Cabanillas non é poeta do mar, pero dun xeito ou doutro hai presenza do mar nalgúns poemas. En toda a súa obra hai bastante léxico mariñeiro, o que non é estraño porque nas vilas mariñeiras hai moitas expresións e moito vocabulario do mar que tamén se usa “en terra”, mesmo por quen non “anda ó mar”. E este autor, como el mesmo manifestou<sup>149</sup>, andou en

149. En carta a Carballo Calero (8.XI.54) escribe: “Chamáronme para o Auntamento, onde estiven dez anos de oficial de contabilidade, moi a gusto, porque eu fun sempre sustantivamente un burócrata: nese tempo divertíme nas tascas, antre mariñeiros, e faguendo, ás veces, copras de rexoubeo” (Cabanillas 1981: 527).

terra divertíndose entre mariñeiros, nas tascas, na época en que traballou no concello natal como oficial de contabilidade.

Ademais, nunha vila como Cambados a presenza do mar é omnipresente: durante moito tempo a vila non tivo un núcleo propiamente dito senón que eran varios quilómetros con casas das tres viliñas primitivas (Fefiñáns, Cambados e San Tomé) mirando ó mar boa parte delas. Era, en palabras do poeta, un Cambados “deitado ó sol á veira do mar”, tal como reza na dedicatoria de *Vento mareiro*, coa illa de Sálvora e o seu escudeiro o cón de Nor (Cabanillas escribe Noro) decote vixiantes tapando a boca da ría, tal como se aprecia desde a ribeira de Fefiñáns, cando non hai brétema nin molura.

### 2.1. O mar con ribeiras e desde o peirao

Nos primeiros libros hai diversas composicións con tema mariñeiro ou con certa presenza do mar, onde aparece a vida diaria dos mariñeiros de baixura de calquera porto arousán ata non hai moito tempo. Neste caso é a vida no porto de Cambados, contemplada desde o peirao e lembrada nalgún poema desde o malecón de La Habana. É unha contemplación decorativa e pousada dun mar idealizado, pero de base real, ben diferente do fantasmagórico mar de Manuel Antonio.

Así, en *Desterro13* está o soneto “Na Ribeira” e o longo poema “A trainera”, un canto a este barco que co século chegaba ás costas galegas desde o Cantábrico, de onde viña tamén a traíña, a nova arte de pesca-la sardiña; daquela ese barco e esa arte representaban o progreso fronte á tradicional lancha xeiteira e a arte do xeito, de aí os conflitos entre xeiteiros e traíñeiros<sup>150</sup>, que recolle Javier Valcarce Ocampo na obra *Paliques* (Pontevedra 1901) “colección de parrafeos en defensa da nobre clas mariñeira das rías baixas de Galicia, con motivo da loita en contra das traíñas, por Un Xeiteiro”. O preito entre esas artes fixo que un porto do Morrazo coma o de Moaña, de pouca importancia daquela, prosperase moito cando admitiu os traíñeiros, mentres que o veciño Cangas saíu prexudicado por non consentilos (Rodríguez Santamaría 1911: 215).

En *Vento15* figura a composición “A sombra do Pinal”, referido ó piñeiral que está no puntal de Tragove —para os vellos mariñeiros de Cambados aínda reza por Bico do Cabo—, un piñeiral zoador e barulleiro, “enraizado nas laxes fendidas / da veira do mar”, que ten “ós pés o misterio

150. Sobre a introducción da *traíña* e os conflitos con outras artes cf. Fernández Casanova (1998: 149-50).

bruante do mar” e onde a trirreme do Ensono “vén da praia nos cons a atracar”. E en *Vento21* aparece o poema “Mariñeira” no que describe o naufraxio dunha dorna polbeira, un dos símbolos arousáns.

En *Terra26* publica o poema “A calzada de Cambados (Lenzo de F. Llorens)” todo el é un canto ó Mar da Arousa, co vento mareiro que limpa de néboa a Cuota, co vixiante “Con de Noro” na boca da ría, co sol nas nacaradas cunchas dos areeiros da Toxa, con dornas de velas albas “deixando a popa, tras d-elas / leviáns ronseles de prata / como regueiros de estrelas”, e con algún *corvo mariño* que “esguío, silenzoso” pasa da illa da Arousa á illiña de San Sadurniño, preto da desembocadura do Umia no Serrido.

En moitos versos destes libros hai referencias illadas ó mar, á ría e ás dornas, embarcación típica das Rías Baixas e de xeito especial dos dous costados do Mar da Arousa. Fala da *marusía* —palabra que introduce Cabanillas no galego escrito—, dos *salseiros* e do *vento mareiro*, ese ventoiño maino e leve do noroeste que sopra soamente desde a mediodía á tardiña baixa —e só entre marzo e o final do verán, sendo ben apreciable no piñeir de Tragove cando o chan está todo estrado de candeas— e que desde o solpor á mediodía é substituído polo nordés<sup>151</sup>.

Hai apuntamentos etnográficos, como no citado poema “A trainera” de *Desterro13*, con sardiñas que van na *cadeira da trainera*, que está ó abrigo do *peirao*, forma esta usada por Cabanillas despois de aparecer en Pintos (1853) e no periódico pontevedrés *Almanaque de Galicia para 1858*. Os mariñeiros tomaron as sardiñas de mañá co caldeo da *raba* e logo algunha *regateira* na ribeira vai *escabechalas*, en referencia á acción de sacarlle a cabeza ó peixe e logo baldeiralalo por dentro ata o embigo, retirándolle tódalas maghas, acepción de *escabechar* que non se rexistra nos dicionarios do galego<sup>152</sup>. E hai notas etnográficas en “Noites de choiva” tamén de *Desterro13*, onde “cheira a aseite e pemento requemados / rustido de xurés en caldeirada”, forma esta que o poeta de Cambados introduce no galego escrito, e que posteriormente aparece en Amado Carballo (*Proel* 1925), en Filgueira Valverde (*O Vigairo* 1927), en

151. No inverno o vento do noroeste, que non é maino senón todo o contrario, chámase vento da travesía, ou simplemente travesía.

152. Nos dicionarios galegos aparece *escabeche* en referencia ó prebe que se fai para conservar peixe ou carne, pero o verbo *escabechar* non ten unha entrada, e de tela designa a acción de pór ou botar algo en escabeche (Estravís 1995). No caso do Galaxia (1997), a entrada *escabechar* ten moitos sinónimos, pero ningún deles referido ó peixe, aínda que en *esbuchar* (1) os sinónimos son “escabechar, estrincar (abrir en canal)”.

Se o peixe vai ir á moira, despois de *escabechalo*, hai que o *lañar*, abrindo de todo do embigo ó rabo. Cando está escabechado, pódese *arear* botándolle sal gordo, para que non se descompoña; pero non se *area* cando se vai afumar.

Cotarelo Valledor (*Beiramar* 1931) e en Castelao (*Os dous de sempre* 1934), onde a caldeirada é de peixe, mentres que en Xosé M<sup>a</sup> López (*Contos de polavila* 1928) a caldeirada é de nabos.

Na poesía de Cabanillas hai dornas abatidas contra os cons polos ventos e hai mariñeiros que andan en dorna, coa man na *caña* do timón. No *Desterro13* as dornas “gañan porto bolinando” e en *Vento 21* a dorna vai “a vela a catro rizos, bolinando, coa quilla descuberta”, que son as únicas documentacións do verbo *bolinar*<sup>153</sup> na historia do galego escrito. Castelao emprega en 1944 a variante *bolineando* en *Sempre en Galiza* (“e se o vento se pón de proa e temos que perder moito tempo bolineando, entón cumprirá baixar a vela e botar man dos remos”). En Cambados dise “bolinar” e “andar bolinando”, pero a forma popular é *voltaghear*, como o é no Porto do Son. A expresión *en bolina* aparece en 1949 nun poema de *Camiños* (“En bolina chega o fuste de Pedro de Tavares”). Introducíraa Pondal en 1886 nos *Queixumes dos pinos* (“De bolina, tesa a escota / que os ventos subíar fan, / o courel debaixo da auga...”) e que referida ó mar só se rexistrará posteriormente en Dieste (“Bolina pechada” en *A fiestra valdeira* 1927), en Cotarelo Valledor (“embarcación en bolina” e “ir en bolina” en *Beiramar* 1931) e en Neira Vilas (“irse á bolina” en *Galegos no golfo de México* 1980), ademais do citado de Cabanillas.

Nas poesías ventureiras<sup>154</sup> de Cabanillas volve un encontrarse cun mar máis ou menos real, con barcos e ribeiras, non o idealizado desde os miradores que dan á ría. Véxase, por ex., o poema de 1925 “Polas Terras do Salnés” con salseiros mollados ou o poema sen data “Veiramar”, que constitúe unha homenaxe á gloria e á morte da vella dorna que, tumbada coa quilla ó aire, desfaise no areeiro, mentres que nunha “cuaderna núa, apodrecida, / está pousada, inmobre, cavilosa / ollando a lonxanía / como unha ibis sagrada, unha gaivota”. Ou o longo poema “Dos meus días de neno”, onde hai un mar ben real, co vento leste que tanta fame ten traído á xente da beira do mar, coa *marusía* e cos animais que habitan na ría (toniñas, luras, xibas...); pero tamén hai neste poema historias fantásticas que os vellos lobos de mar que andaron embarcados lles contan ós nenos.

E o mesmo ocorre en “As tardes na Pastora” e a súa continuación “A noite na calzada”, que Alonso Montero inclúe no grupo sen datar, pero

153. O verbo *bolinar* formouse sobre *bolina*, corda que serve “para oblicuar la vela cuando el viento sopla por los lados”. Procede do francés *bouline* e esta do inglés *bowline*, probablemente composta de *bow* “proa” e *line* “corda” (Corominas / Pascual 1984 I: s.v. *bolina*).

154. Cabanillas (1959: 541-600) e Cabanillas (1979 II: 297-425).

que tivo que ser escrito despois do naufraxio do mercante Santa Isabel na boca da ría, porque di Cabanillas que na ermida da Pastora<sup>155</sup>, no teito, hai un “navío de tres palos” (sempre o *palo* que usan os mariñeiros, nunca o mastro dos pailebotes de Manuel Antonio) que é “oferta dos salvados dun naufraxio / nos hirtos farallóns, boca da ría”. Ese naufraxio —se é realmente o do vapor Santa Isabel que tiña dous mastros—, ocorreu na noite do un ó dous de xaneiro de 1921 nos baixos da Paghar preto do faro de Sálvora: morreron 213 persoas e só se salvaran 56, mercé á axuda de dúas dornas, unha grande na que ían mariñeiros e unha dorniña polbeira con tres mulleres de 14, 24 e 32 anos, porque en Sálvora “as mulleres ían como os homes ó peixe, ós percebes e ás luras, ás marajotas”, de aí a súa pericia nesa desgraciada noite de temporal na que fixeron catro viaxes<sup>156</sup>.

Mesmo nunha obra coma o *Mariscal* hai algo de mar. Aparecen criados que despois de venderen a Pardo de Cela van pedi-lo *quiñón*, como fan os mariñeiros cando acaba a semana; hai brétema e hai un cóengo que compara a dona Sabela cando chega co indulto cunha “onda do mar” que rompe “contra os cons e as outras pedras do mar aberto”. E fábase da *fasquía* da fortaleza da Frouseira, aplicándolle a voz coa que os mariñeiros de Cambados designan o esquema da construción dun barco, que humoristicamente se pode aplicar a unha persoa.

En *Catro* de Manuel Antonio rexístrase a *fasquía* aplicada ás embarcacións (“N-a fasquía d’os barcos anónimos / postos a flote pol-a madrugada”), mentres que en *Viladomar* dise dunha persoa (“Por eso eu estou vendo / —aínda era neno...— / a miña fasquía verde e salgada”) e en *Sempre* ten igualmente un uso figurado (“Solagado n-a hora cavilosa / vou desenrolando fasquías en film”).

## 2.2. O mar soñado con barcas e naos

O mar das sagas de *Na noite estrelecida* está poboado non de barcos nin de dornas senón de *barcas* e de *naves* que atracan á *luzada*, voz esta dos mariñeiros de Cambados (e doutras vilas arousás como O Grove ou Rianxo), que se usa para indicar unha tenue claridade que está despois da “cos da noi-

155. Esa ermida está no monte da Pastora, onde hai un castro non excavado. Desde a parte alta do monte pode verse, por unha parte, toda a ría da Arousa; e por outra, as terras da desembocadura do Umia, cantadas por Cabanillas.

156. Sobre o naufraxio do Santa Isabel pode verse Fernández Pazos (1998). A cita é da p. 193, co-respondente ó relato do naufraxio pola filla dunha das tres heroínas de Sálvora, que indica que estas “Fixeron en total catro viaxes e no último truxeron un bote a remolque. En total salvaron entre doce ou quince persoas traéndoas entre augas, agarradas á dorna”.

te” , tal como se di en Fefiñáns, e o amencer. É o *manexo* do vocabulario de Pintos (1865)<sup>157</sup>, que os mariñeiros do Son din *alborada* (Calo Lourido 1978: 122), os de Sada *amanexo* (Ríos Panisse 1974: 218 ) e os de Cariño *albor* (Fernández Rei 1974: 94), mentres todos usan a voz *axexo* (ou variantes como *asexo*) para a fase contraria antes de que veña a noite.

A *luzada*, introducida por Cabanillas no galego escrito en 1926, tivo moi gran fortuna no galego literario rexistrándose, entre outros autores, en Filgueira, en Amado Carballo, en Otero Pedrayo, en Manuel María, en Blanco Amor, en Iglesia Alvariño, en Ramón Piñeiro, en Cortezón, en Martínez Amor, en Fernán Vello, en González Tosar, en López Casanova, en Bernárdez Villar, en Antón Dobao, en Freixanes, en Darío X. Cabana, en Avilés de Taramancos, en Ledo Andión, en Cuña Novás, en García Bodaño, en Pérez Parallé e en Cándido Pazó<sup>158</sup>, moitos deles da Galicia non mariñeira. E entre as últimas documentacións que anotei relativas a 1998 están as de Xurxo Alonso e de Caride Ogando no citado *O Cancioneiro e o mar* e de Arximiro Villar no *Equinoccio de primavera*, e de 1999 é unha do xornalista Lezcano<sup>159</sup>. Con todo, cómpre ter en conta que na Galicia máis afastada da Arousa (por ex., na Fonsagrada) existe a *luzada* en frases como “á primeira luzada do día”, polo que nalgúns deses escritores poida que a forma literaria sexa do seu galego ambiental.

As barcas da *Noite* deixan *ronsel* no mar raso, mentres que a traíneira ou a dorna das primeiras obras de Cabanillas deixaba *estela*, que é como os mariñeiros de Cambados e os de Sada denominan o fío de auga que vai quedando pola popa do barco, e que os mariñeiros de Laxe chaman *rollón*. Esas barcas da *Noite* parece que andan polo Mar da Arousa un dos días de “calmiña borrada” (ou de “calma podre”), tal como se di en Cambados; é

157. Pintos pon como equivalente de *manexo* a forma *lubrican*, que é forma castelá para o crepúsculo vespertino. Segundo o autor de *A gaita gallega*, emprégase “cuando se contrapone a *axexo* que es cuando se pone el sol. Así dicen los marineros que fueron à pescar *à axexo è manexo*, esto es, a la hora de los dos crepusculos”.

158. As primeiras documentacións de *luzada* son de Cabanillas (2ª ed. de *No desterro* 1926, *O Mariscal* 1926 e *Na noite estrelecida* 1926), Amado Carballo (*Proel* 1927), Filgueira Valverde (*O vi-gairo* 1927), Otero Pedrayo (*A lagarada* 1928, *O estudante* 1928 e *Contos do camiño e da ría* 1932), Acuña (*Firgoas* 1933), Otero Pedrayo (*Fra Vernerio* 1934 e *Devalar* 1935), Sevillano (*O muíño albeiro* 1935), Cabanillas (*Camiños no tempo* 1949), Carballo Calero (*Anxo de guerra* 1950), Manuel María (*Contos en cuarto crecente* 1952), Eliseo Alonso (*Contos do Miño* 1955), V. Taibo (*Da agra aberta* 1956), Blanco Amor (*A esmorga* 1959), Otero Pedrayo (*O señorito da Reboraina* 1960) e Iglesia Alvariño (*Nenias* 1961).

159. Nun breve artigo relacionado coa presentación da novela de Méndez Ferrín *No ventre do silencio* dicía Arturo Lezcano en *La Voz de Galicia* (5.5.99, p. 36): “Sen ánimo de irreverencia para ningunha *imaxe*, polo momento só aquel e mais un par de outros escritores galegos abren luzadas no lusco-fusco do polivinilo das letras galegas”.

o mar que Cabanillas “soñou” desde o cruceiro do monte da Pastora, ó que lle dedica un poema en *Camiños no tempo* en 1949. Desde o miradoiro sobre a ría que hai ó pé dese cruceiro, Cabanillas poida que vise a “barca da Saudade”, coa súa vela e coa súa proa. Se cadra as barcas “soñadas” víaas mellor desde o mirador do lendario monte Lobeira, que tamén aparece en *Camiños*, con Sálvora e Noro na boca da ría.

No poema do “Fillo de Celt”, igualmente en *Camiños*, áchanse embarcacións como o *trincado*, usado séculos atrás para traballar á sardiña co cerco real, pero que se mantivo nas Rías Altas para transporte de mercaderías; e hai *emproadas naos* que atracan e tamén hai *baixeles esguíos* e *pinazas* que están gañando porto. Estes barcos dun mar idealizado, dun mar de antano, conviven nese mesmo poema con *dornas pescadoras* das *postas* de Adina e Raxó, de Canto da Area e Samieira, que andan á sardiña.

Hai algunha *carabela* e algún *vaxel*, así como varios usos de *lañar* metafóricos. Non é a regateira quen laña sardiña despois de escabechala, senón que agora quen laña é a gadaña da morte; ou é o corazón o lañado ou o terrón das veigas (“froitidora lañadura no terrón”). E en *Samos* (1958), “a maior xoia da nosa poesía descritiva” en palabras de Millán Otero (1988: 22), hai ronseis, hai seixos e corvos e raios que lañan, e o órgano do mosteiro é como a oleaxe.

### 3. Manuel Antonio, a liberdade nun mar irreal “sin ribeiras nin costas”

#### 3.1. Unha singradura cara á liberdade

Cando en 1928 Manuel Antonio publicou o vangardista *De catro a catro*, o único título en vida do rianxeiro, o seu amigo Otero Espasandín comentaba na revista *Nós* que o libro era “antes de nada, a revelación dun mar non visto aínda por ninguén. Un mar puro, sin ribeiras nin costas, perdido entre costelaciós” (Pena 1996a: 173).

Nun artigo de 1930, pouco despois da morte do poeta, Blanco Torres (1999: 116) dicía dos poemas do mar do rianxeiro:

Originales porque el mar no había tenido apenas acentos en el plecetro gallego —¡cuán lejanas ya las ‘Ondas do mar de Vigo’ de Martín Codax!—, y porque en Manuel Antonio, marinero de encendida vocación, venador de horizontes y sediento de rutas desconocidas, asume aquél emociones inéditas, formas de visión latentes para la vulgaridad transeúnte; ritmos y perspectivas que la aguda sensibilidad del poeta nos transmite en una expresión ceñida, sobria y plástica. El mar ya no

es, como para el pasajero con prisa de bajar a puerto, una larga monotonía, con la sola incitación del temor o del tedio.

E moitos anos despois, Carballo Calero (1981: 695) dirá que se trata de “un mar visto cunha óptica desrealizadora, que o fantasmagoriza. É un mar preferentemente nocturno, sobre o que paira un ceo cintilante de estrelas. Mais estas mariñas intertrocan olas e nubes, mastros e astros, nunha anxélica confusión”.

Segundo Pena (1996b: 27) neste poemario non estamos ante unha “contemplación pousada e decorativa das ondas, do solpor ou dos veleiros” nin con mariñeiros románticos nin con “exóticos horizontes tecidos de aventuras”, senón que Manuel Antonio o que fai é deseñar “un espacio, á vez, infinito e pechado en si mesmo. Infinito, por canto o mar adquire en *De catro a catro* unha dimensión cósmica”. E engade Pena:

Tal como se fose un cosmonauta aboiando na súa nave espacial, lonxe das órbitas planetarias, perdido nas distancias estarecedoras das galaxias máis ignotas e afastadas, así o tripulante do navío das travesías manuelantonianas parece perdido na inmensidade dun océano sen costas nin ribeiras. Un mar infinito, pois, pero tamén un mar concibido como un verdadeiro cárcere, toda vez que é imposible fuxir del; ao cabo, ese mar constitúe todo —e nada— canto hai arredor nosa.

Pero non só neste libro hai mar, senón que aparece en moitos outros poemas; e é case sempre ese mar raro e fantasmagórico, esa paisaxe mariña nunca vista e sen sentimentalismos, tal como pregoaba o poeta de Rianxo. Boa mostra disto son composicións como Mariña-nocturno” (1921) de *Con anacos d’o meu interior*; “O mar (relanzo) e “Dispois” de *Sempre e mais dispois* (1923?); “Foulas” (1924), “As melfas” (1923), “Mariñeiro d’a Ría” (1924), “Medalla d’a brétema que se pieita n-os cons” (1924) e “Vento ó mar” (1925) do libro *Foulas*. Ademais, o mar está presente en moitos versos dos outros poemas destes libros, porque por tódalas partes hai ronseis, afogados, aboiare e naufraxios, a carón de estrelas e de luceiros que axudan na navegación. Trátase dos mesmos elementos presentes na vida diaria dos mariñeiros de calquera litoral.

A navegación é omnipresente no caso de *De catro a catro* (1928), ben sexa unha navegación a ningunha parte nun pailebote ó pairo (a “viaxe oximórica” da que fala Elvira Souto 1991), ben sexa unha navegación cara a Ítaca-Rianxo. Carballo Calero, tal como lembra Capelán (1996: 34), cualificou en 1933 de “odisea lírica” a obra de Manuel Antonio:

Lírico Ulises. *Odisea* lírica. Un pobo mariñeiro, como o noso, necesitaba a súa *Odisea*. Mais a nosa Odisea tiña que ser lírica. Non podía narrar aventuras de un rei que regresa ao fogar perseguido dos deuses inimigos. Tiña que ter por heroi a un poeta; e por rapsodias, desafiadas cancións. Cancións pescadas nun mar estraño, en que aboian corpos de afogados, en que as estrelas dialogan cos mastros e as gueivotas levan no peteiro as cartas dos mariñeiros namorados; un mar sulcado pola quilla de buques pantasmás.

Álvaro Cunqueiro, admirador incondicional de Manuel Antonio, en 1958 dicía de “Adeus”, o derradeiro poema dese libro, que se trata de “un dolorido, melancólico regreso a Ítaca”, á vez que o consideraba un dos máis fermosos da nosa lingua (Capelán 1996: 44). Nos poemas de *Viladomar* (1928) onde parece que o veleiro e o poeta de Rianxo remataron a súa travesía, o barco está no *peirán* (ou nos cais ou no porto), onde andan as moi rianxeiras *melfas* que xa aparecían en poemas de *Foulas*. Trátase dun barco atracado, posiblemente xa co velame recollido; pero polos mastros e pola cuberta, se cadra, andan as rianxeiras *gavotas*, como as varias que andaban polos poemas de *Catro*. Cómpre ter en conta que para un mariñeiro das rías un barco de vela andando polo mar, ó lonxe semella unha gaivota: “Á vela, o barco parece unha gaivota polas ondas”, tal como sinalaba un xastre de velas de Caldebarcos-Carnota (Mörling / Otero 1998: 88).

Aquí estamos en presenza dun mar contemplado desde a ribeira, como era moito do mar de Cabanillas. Na análise da paisaxe mariña que fai Helena González (1993: 47), salientase que o mar na obra de Manuel Antonio “aparece sen idealizacións, desde dous puntos de vista distintos: desde dentro, en *De catro a catro*, e desde a ribeira, especialmente en *Viladomar*”.

Verbo das influencias poéticas, García Rodríguez (1979: 26) considera que foi o creacionismo do chileno Huidobro quen máis pegadas deixou en Manuel Antonio, pois moitas das imaxes do poeta de Rianxo pertencen á mesma xoiería imaxinista do poeta chileno:

As estrelas, as lúas, as noites, os faros, os horizontes, as ondas, as pipas, os mariñeiros, o mar, as gavotas, os ventos e os bares están presentes de cotío en ambos poetas. Incluso, si fixéramos algunhas comparacións entre as dúas obras, poderíamos achar versos moi semellantes entre os dous polas imaxes e verbas empregadas.

De tódolos xeitos, considera Carme García que, malia ser certo que a poesía de Manuel Antonio ten resoancias creacionistas, “tamén o é que o sentido

do xogo e humor que esta tendencia encerra, non aparece no noso poeta, e así, o Mar que nos amosa nos seus poemas, está dotado dun espírito orixinal e de profunda autenticidade, coma de algo realmente vivido. Non hai, pois, nada máis serio e máis grave ca este Mar do poeta rianxeiro” (*Ibidem* 28)<sup>160</sup>.

Para Jorge Marbán (1987: 230-1), o poemario *De catro a catro* presenta “unha visión do mar máis complexa que a proxectada por Huidobro e outros poetas do mar”, á vez que considera que o escritor de Rianxo supera a Huidobro e a outros cantores do mar na presentación dos elementos da viña mariña “porque o fai coa perspectiva e a sensibilidade dun mariñeiro. As metáforas coas que o poeta relata un longo viaxe no mar son un exemplo fehaciente dos seus poderes descritivos. Manuel Antonio acada expresar como experiencias auténticas as increíbles condicións baixo as cales os mariñeiros viven durante as longas travesías”.

A pesar de tanto mar explícito e implícito, considero ben atinada a apreciación de Axeitos (Manuel Antonio 1992: XVIII) de que Manuel Antonio non é un poeta do mar, senón que o mar era o medio para manifestar-las arelas de liberdade que procuraba este autor anarco-nacionalista:

As arelas de liberdade de Manuel Antonio, ilimitadas, non cabían no ritual culturalista da *Irmandade* e foron en procura de máis amplios horizontes. Tampouco será a fe que manifesta no anarco-sindicalismo o espazo definitivo. Non, será unicamente a poesía, concibida con paixón, a que lle proporcione acougo. E por iso elixe un ámbito espacial case cósmico: o mar; o poeta rianxeiro non é un poeta do mar; é o poeta da liberdade; o mar axúdalle a expresala.

Se o mar con ribeiras e desde o peirao de Cabanillas lembra os mariñeiros e as mulleres da ribeira fotografados por José Suárez antes de 1936, o mar “sin ribeiras nin costas” de Manuel Antonio lembra, en certo modo, o mar onírico de Urbano LUGRÍS (1908-1973). A este pintor-poeta, que se facía chamar Ulyses Fingal, non lle desagradaría ter por título ‘pintor do mar’, xa que, en palabras de Manuel Rivas (1997: 17), “ao cabo un dos seus soños era ser mariñeiro e esa aura adequiría na Itaca céltica das tabernas portuarias, asulagando en ribeiro a melancolía. Pero LUGRÍS, como pode verse, non pintaba o mar senón un misterio, unha odisea da alma, un reino lendarario como o que subxogou e atrapou ao namorado Athelvolk”.

Para Mato Fondo (1996: 59), “en Urbano LUGRÍS, como en Manuel António, existe a confluencia de influencias diversas e a creación dun mundo

160. Sobre a influencia do creacionismo en Manuel Antonio cf. Bernárdez (1991: 39-43).

persoal, romántico nalguns motivos e temas, mais contemporáneo na creación dunha natureza que non ten imitación posíbel, xa que é o propio artista-poeta quen a crea, abstracta e persoal, sen outra referencia que non sexa ela mesma, desde os propios soños”.

### 3.2. A navegación a vela e a morse

Na navegación por ese mar “sin ribeiras nin costas”, en veleiro e en pailebote, que segundo Blanco Torres (1999: 116) son “para el marinero poeta semáforos de sugestións”, Manuel Antonio emprega a terminoloxía da vela e todo o que con ela se relaciona para izala e para baixala, como a *driza* en *Foulas* e a *escota*, o *penol* e o *mastro* en poemas de *Catro*; ou accións como *desarbolada* (derriba-los mastros onde están as velas) en *Catro* e *rifar* (rompe-la vela) en *Viladomar*. Trátase do léxico da fala dos mariñeiros de Rianxo, agás unha forma como *mastro*, que debeu tomar do portugués, porque en Rianxo dise *palo*, como noutras vilas costeiras; pero si tomou da xente do mar da súa vila *leme* (para *timón*), que é a forma característica do dominio portugués (Alvar 1985, 2, 1015) e de gran fortuna no galego literario<sup>161</sup>; *melfa(s)* en *Foulas-4* e en *Viladomar-3*, para calquera tipo de medusa, termo que nos mesmos anos empregaba o rianxeiro Rafael Dieste<sup>162</sup>; *rafega* de *Foulas-2*, de *Catro-3* e de tres poemas soltos, forma moi rianxeira para designar un refacho de vento; e *araxes* de *Foulas*, que en Rianxo designa un ventoiño suave e agradable que en verán vén do mar. Castelao emprega a forma *araxiña*.

E dos mariñeiros de Rianxo é *peirán* de *Catro*, que hoxe di a xente nova fronte ó *peirao* dos maiores. E tamén tira deles, entre outras moitas, formas como *mareta-2* de *Catro*, para designar ondas pequenas que vai producindo o barco a medida que se vai afastando<sup>163</sup>; e *foulas*, tamén de *Catro*, de *Foulas-3* e dun poema de 1925, para designa-la escuma que a dorna fai pola

161. A forma *leme* ten a primeira documentación en *De catro a catro* (1928). As seguintes, ben para referirse ó timón do barco, ben en sentido figurado aparecen todas na posguerra en Carballo Calero (*Anxo da terra* 1950), en Guerra da Cal (*Lúa de alen mar* 1959), en Carballo Calero (*Salterio de Fingoy* 1961, 2 rexistros), en Bernardino Graña (*Se o noso mar e os peixes* 1980), en Méndez Ferrín (*Crónica de nós* 1980), en Franco Grande (*Os anos escuros* 1985), en Avilés de Taramancos (*Cantos caucanos* 1985) e en Méndez Ferrín (*Arnoia*, *Arnoia* 1985 e *Breña Esmeraldina* 1987).

162. As únicas documentacións de *melfa(s)* na base lexicográfica do ILG están en Manuel Antonio (*Foulas* 1925), en Dieste (*Antre a terra e o ceo* 1926 e 1928), en Manuel Antonio (*Viladomar* 1928), en Dieste (*Dos arquivos do trasno* 1962), en Martínez Oca (*Os chapurros* 1981), en Pimentel (*Obra inédita o no recopilada* 1981) e en Vázquez Vázquez (*Aquí podían ser os pés de arxila* 1992).

163. En Escarabote tamén se emprega a voz *maretas* para se referiren os mariñeiros ás augas superficiais do mar (Alonso Pérez 1970: 77).

proa ó ir vogando (en Manuel Antonio hai dornas como nos demais poetas vangardistas da época) ou a escuma de calquera outro barco, mesmo a motor, e que se corresponde co *foulaso* dos mariñeiros de Cambados. Escritores procedentes da Galicia interior como Blanco Amor ou Pedrayo mal usaron ese termo de Manuel Antonio no sentido de *ondas*<sup>164</sup>.

Outra forma moi rianxeira (e moi de Manuel Antonio) é *ronsel*, que en principio designa un fío de agua que deixa o barco pola popa, que logo se ancheou semanticamente e que hoxe está incorporada plenamente ó vocabulario do galego común con acepcións figuradas. Corresponde á *estela* de Cambados, que aparecía en Cabanillas; con todo, entre os mariñeiros desa vila do Salnés tamén se usaba ás veces a forma *ronsel* (*do foulaso*) para referirse á auga das bandas do barco procedente dun *foulaso* forte.

Na obra *Contos inéditos* (1922) de Euxenio Montes aparecen no galego literario as primeiras documentacións da *foula* mariña<sup>165</sup> (“Levaba na dorna o sol diante / como unha moura de proa / en redonda foula”, p. 19) e de *ronsel* (“os ronseles morrían en azúis cemiterios”, p. 19). E este ourensán de Bande que viviu algunha tempada en Vigo, fala novamente da dorna, da foula e do *ronsel* no poema “Romance ó mar”, publicado no periódico *Rexurdimento* de Betanzos (número 3, 1923, p. 76), como se ve nestes versos:

*Os remos daquela dorna  
quisérancho cabelar,  
A foula escáchase diante,  
i-o ronsel vai por atrás.  
A baba da dorna lembra  
a baba de un canso can  
As trenzas que os remos trenzan  
un ai náufrago ha encintar.*

En Manuel Antonio hai *foulas* nun poema de 1925, en poemas de *Foulas-3* e de *Catro*, rexistrándose neses anos esa forma en autores coma o pontevedrés Amado Carballo en 1925 en *Os probes de Deus* (“As foulas levantaban a

164. Hai dous rexistros en *Poema en catro tempos* (1931) de Blanco Amor (“berce dunha foula”, “borrallentas foulas”), ademais de explicarse *foula* como “ola de temporal”. En *Fra Venero* (1934) de Otero Pedrayo hai varios rexistros (“foulas do mar do Norte”, “Ao estoupar no Lido deserto, a foula adriática”...).

165. A *foula* designando “fariña” ten as primeiras documentacións en Valladares (*Poemas* 1879) e no periódico *O Galiciano* (1886).

dorna en alto”), que tamén aparece en *Proel* (1927) e no rianxeiro Rafael Dieste en artigos da prosa de *Antre a terra e o ceo* de 1926 (“Eiquí en Galiza, nesta proa que fende, con foula sempiterna, as augas do Atlántico” e “faguer-nos crer que tudo vai camiñando con moita foula. A foula das nosas verbas”) e de 1928 (“A gran foula de proa mostra de novo toda a súa lanzalía”).

En Manuel Antonio aparece *ronsel* nun poema de 1924 e nos poemarios *Sempre*, *Foulas*-8 e *Catro*-6 e hai *ronseles* nun poema de 1925, en *Foulas*-2 e en *Catro*-3, xunto con dúas referencias á revista *Ronsel* na correspondencia. Despois das do poeta de Rianxo e das de Montes, as aparicións desta forma corresponden a Correa Calderón (*Conceición singela d'o ceo* 1925), a Gómez Ledo (*Romanceiro compostelano* 1926), a Cabanillas que en *Na noite estrelecida* (1926) fala de “ronseles de luz” e dun “ronsel de escumas”, a Amado Carballo (*Proel* 1927) e a Filgueira Valverde (*O Vigairo* 1927).

Hai palabras de Manuel Antonio que se rexistran noutros portos do Mar da Arousa e noutras falas mariñeiras galegas. É o caso de formas como *pailebote*-5 de *Catro*, que era un bote de dous ou de tres “palos” usado na Arousa (e fóra da ría) para transportar mercaderías<sup>166</sup>; *paquebote* de *Catro* e *paquebotes* dun poema sen data, que posteriormente só se documenta no *Devalar* (1935) de Otero Pedrayo e en *As torres no ar* (1989) de Avilés de Taramancos; *mascato* en *Anacos*, ave moi apreciada polos mariñeiros que na ría traballaban de día ó caldeo da raba, porque ó tirarse ó peixe, a súa presenza era claro sinal de que alí había sardiña ou outro peixe, malia que en Manuel Antonio o *mascato* estaba pousado “n-a cruz d'un navegante”; *balizadas* de *Catro* e as formas de *enmallar* tamén de *Catro* (“enmallados n-a rede sonora / d'os cordaxes ereutos” e “Pero nunca s'enmallou / n-a falsa rede d'os mapas celestes”) e de *Viladomar* (“para enmallar ao serán / o lance sumiso de dornas e gavotas”).

Despois da consulta da Base de Datos Lexicográfica do ILG, apreciei que todo este léxico mariñeiro apareceu no galego escrito por primeira vez na obra de Manuel Antonio, mentres que outras formas xa foran introducidas con anterioridade. Este é o caso de galicismos como *chicote* e *halar* de *Catro* (“Halaremos pol-o chicote / d'un meridián innumerado”) ou formas con orixe en linguas xermánicas, co francés como intermediario, como ocorre cos nomes dos puntos cardinais e ventos (*norte*-2 referido ó “Polo Norte”

166. Dieste usara a voz *pailebote* en *A fiestra valdeira* (1927). Despois de Manuel Antonio rexístrase en Iglesia Alvaríño (*Cómaros verdes* 1947), en Mörling (*As embarcacións tradicionais de Galicia* 1989) e en Méndez Ferrín (*Estirpe* 1994).

no título dos poemas de 1928 adicados ó capitán Roald Amundsen e *nortes* nun poema de 1925; *nordeste* en *Viladomar*).

E igualmente o francés é intermediario de formas tan mariñeiras como *barlovento*, que se rexistra en *Catro* e en *Viladomar*, onde o *lo* provén do escandinavo. E desta lingua xermánica procede a voz *quilla* (do barco), que co francés como intermediario está en linguas como a galega. Esta forma non se rexistra en Manuel Antonio, pero si en varias obras de Cabanillas. A palabra *sotavento* de *Catro*-4, que se documenta por primeira vez en Manuel Antonio<sup>167</sup>, é un catalanismo.

Por outra parte, o poeta de Rianxo é o primeiro en usar moitos termos técnicos ou científicos relacionados coa navegación do barco, como *radioescoita* nun poema de 1925, que constitúe a única documentación na historia do galego escrito, xunto cun *radioescoitismo* de *Mitteleuropa* (1934) de Risco; *morse*-2<sup>168</sup> en *Catro*, o sistema de telegrafía eléctrica a base de puntos e de raías creado por Samuel Morse, que o primeiro de maio deste ano 1999 desapareceu das comunicacións marítimas ó ser substituído por un sistema dixital por satélite; *rosa dos ventos* en *Foulas*-2, en *Catro*-2 e en poemas de 1925 e 1929; *roteiro* en *Catro*; *meridián* en *Foulas* e en *Catro* e *meridiáns* nun poema de 1928 e o verbo *desacomparar*<sup>169</sup> en *Foulas*, que non se volverá a documentar ata os anos 70.

Tamén é o primeiro en usar no galego escrito termos da linguaxe común dos mariñeiros como *penol* en *Catro* (“O sol era un paxaro triste que se pousaba no penol”), que é parte da vela; o galicismo *rol* de *Foulas*, libro no que figuran os mariñeiros que traballan nun barco; o lusismo *caís* en *Viladomar* e nun poema sen data, para referirse a un peirao de ataque dos barcos; e as formas verbais *emproáramos* e *desatracou* en *Catro*<sup>170</sup>, entre moito outro léxico común. E el é o primeiro que usa no galego es-

167. As outras documentacións de *sotavento* existentes na base lexicográfica do ILG son de Blanco Amor (*Poema en catro tempos* 1931), de Ríos Panisse (“Vida mariñeira de Sada” en *Verba* 1974, 4 rexistros), de Fernández de la Cigoña (*Illas de Galicia...* 1991), da Dirección Xeral de Montes (*A meteoroloxía e os incendios forestais* 1992), de Vázquez Vázquez (*Aquí podían ser os pés de arxila* 1992) e de Isolda Santiago (*Flor de tan mal xardín* 1994).

168. As primeiras documentacións son de 1928, en *De catro a catro* de Manuel Antonio e en *Conatos de polavila* de Xosé María López. As seguintes presencias están en Cortezán (*A vila sulagada* 1981), en Busto Abella e outros (*Noema. Iniciación á filosofía* 1983) e en Castro Picos e outros (*Prácticas de mecánica* 1992).

169. Usa o termo *compás* nun poema de 1920, en *Foulas*-3, en *Catro* e nunha carta.

170. As documentacións posteriores están en Cabanillas (*Versos de alleas terras e de tempos idos* 1955), en Otero Pedrayo (*O señorito da Reboraina* 1960), en Dieste (*Dos arquivos do trasno* 1962), en Méndez Ferrín (*Bretaña Esmeraldina* 1987) e en Romani (*Barlovento* 1992).



crito a forma *barlovento* en *Catro* e en *Viladomar* e o termo *sotavento* en *Catro-4*<sup>171</sup>.

A introducción da terminoloxía científico-técnica relacionada especialmente co mundo náutico, segundo Pena (1996a: 187), corresponde “co afán universalizador, coa necesidade de atinxir sensacións de crebacabezas, de formas novas e sorprendentes... e que, finalmente, emparentan ao noso poeta coa linguaxe futurista e modernista”. Por outra parte, a presenza do mundo mariñeiro e popular e de voces dialectais do mar da Arousa cumpre en *De catro a catro* unha dobre función:

[...] dunha parte, estamos a manexar un idioma ‘incontaminado’, ‘limpo’, que cadra ben coa expresada pretensión de dar verdadeiro contido racial aos poemas —unha racialidade que incorpore ‘de veras’ o espírito popular—, e que concorda aínda coa pretensión da vangarda de acadar unha linguaxe ‘pura’ [...]. Doutra banda, o vocabulario popular e mariñeiro permite tamén rachar abertamente co requintamento estéril, coa pesadez e baldeireza verbalista propia dos ‘vellos’, cunha paisaxe concibida en xeito de cómodas e sentimentaloides tarxetas postais. Ao cabo, o obxectivo final é producir e provocar representacións anovadoras, cheas de frescura (*Ibidem* 187-8).

## VII. O NECESARIO (E URXENTE) SOMORGULLO NA LINGUA LITERARIA E NA LINGUA DO MAR

### 1. A necesidade do Gran Diccionario da Lingua Galega

Cando se editou *Arraianos* (1991), o seu autor X. L. Méndez Ferrín manifestaba nunha entrevista:

O léxico de Cabanillas, Otero, Risco, Cunqueiro, Aquilino, Celso Emilio, etc., non está nos dicionarios. O que eu utilizo tampouco. Compételle aos responsables da gramática, da lexicoloxía, da didáctica da lingua correxer a situación. Non desde logo aos escritores que fan o que teñen que facer: mergullarse a bucío na lingua das camadas que a falan e na lingua dos textos do pasado, tamén viva e nosa<sup>172</sup>.

171. As seguintes aparicións de *barlovento* están en Ríos Panisse (“Vida mariñeira de Sada” en *Verba* 1974) e en Soto Álvarez e Suárez Costa (*Competencia de mariñeiro* 1990). Para as outras documentacións de *sotavento* vid. nota 167

172. A cita está tirada dunha entrevista a Méndez Ferrín en *Novidades Xerais* 9 (1991), 3.

Subscribo estas palabras de Méndez Ferrín verbo da ausencia de moito léxico literario dos clásicos nos dicionarios, que moitas veces é léxico propio da área lingüística dun escritor, como ocorre, por exemplo, con ourensanismos de Pedrayo e con ourensanismos e con léxico propio de Vigo do mesmo Ferrín. Falta moito vocabulario da Galicia interior e da Galicia costeira por recoller, depurar e incorporar á lingua común e ós dicionarios para lograr que o galego sexa máis auténtico, máis enxebre, e así defendérmolos da castelaniación galopante. Temos con urxencia que aproveita-la semántica que, despois dun proceso de mil anos, a nosa xente lle deu ó léxico porque de non o facermos, como dicía Fernández Salgado (1994: 86), “se renunciamos á semántica que levan as súas palabras, perderemos as mil primaveras que Cunqueiro desexaba”.

Malia o que se leva feito desde os anos 70, aínda queda moito léxico e moita fraseoloxía do galego oral por “agavelar” e por “escolmar seus elementos máis naturás e representativos”, tal como dicía Fole en 1956:

Moito queda a faguer. De primeiro, agavelar todo o galego —en falas e xiros— das difrentes bisbarras: outra, escolmar seus elementos máis naturás e representativos... E il medrará de seu. Mais que a pureza, a abundancia i a forcia expresiva. Un galego de minorías murcharase á volta dos anos. ¿Pra que fabricar outra língoa morta? Galego vivo, falado, para as xentes que inda o falan... Relebrémolo galego popular de Rosalía<sup>173</sup>.

Neses mesmos anos na correspondencia que Cabanillas mantiña con diversos galeguistas manifestaba a súa preocupación pola urxente recolleita do léxico enxebre e pola elaboración dun dicionario galego-galego. Así, a Paz Andrade dicíalle en outubro de 1955:

Como a miña ousesión é chegar á publicación do dicionario “galego-galego”, laboura que espero leve a cabo a primeira xeración ceibe que veña tras de nós, estimo moi conveniente que pubriques o teu poema porque é moi rico en novas verbas e eu teño moito medo a que as enxebres se perdan no barullo e desconcerto dos nosos días. Sempre teño presente unha frase que lle ouín a García de Diego: “Cada gallego que muere se lleva una palabra a la tumba” (Cabanillas 1981: 549).

173. A cita está tirada da p. 79 do artigo “A loita pola lingua”, incluído en Carlos Casares: *Anxel Fole. Escolma de textos*. A Coruña: Publicacións da Real Academia Galega, 1997, 77-80, que se publicara en *Galicia Emigrante* o 20 de maio de 1956.

Meses despois, en carta de xaneiro de 1956, insístitalle a Paz Andrade no mesmo:

Repítoche que é mester que por ben da fala que pubriques en libro os teus traballos: a nosa canteira idiomática é a máis inesprorada das peninsulares —é afirmación de Don Vicente García de Diego— na que teñen postos os ollos os filólogos de renome, nacionaes e estranxeiros; e conta que son milleiros os xiros e modismos que están a pico de perderse: cada galego que morre leva consigo para o sarteo unha verba o unha forma sintáctica (*Ibidem* 553).

E en maio de 1957 dicíalle a Ramón Piñeiro que “chegaron os tempos de escomenzar a gran obra do noso dicionario”, dado o nivel acadado pola lingua literaria na xente nova:

Estóu lendo as derradeiras publicacións de ‘Galaxia’: lémbrome dos días en que escomecéi a tecer os meus probes versiños naquel gallego, probe, castelanizado, tembloroso e apocado. Dempóis dos libros de Fole, Cunqueiro, Otero, P. Rubiños, García Paz, Cortezón, vostede e Celestino, e ese magnífico limiar de Sabell e outros que non me veñen á memoria, vese ben craro que chegaron os tempos de escomenzar a gran obra do noso dicionario que ten de sere o pasmo e contento dos filólogos romanistas<sup>174</sup>.

Esta institución que agora me acolle foi promovida, como ben saben os señores académicos, pola *Asociación iniciadora y protectora de la Academia Gallega* de La Habana. O seu presidente Curros Enríquez, en comunicación de 1 de xullo de 1905 escribíalle a Manuel Murguía en nome desa Asociación para que xunto con outros galeguistas procedese “a la creación y constitución, conforme a los Estatutos que Vds. crean mejores, de la ACADEMIA GALLEGA que ha de formar el Diccionario y Gramática de nuestra lengua, y que deberá establecerse en la localidad que Vds. estimen más a propósito para reunir a sus miembros”<sup>175</sup>.

En 1910, morto Curros, o primeiro presidente da RAG Manuel Murguía, dirixía unha mensaxe en nome da institución á Asociación Protectora, agradecendo o xeneroso esforzo que Galicia lles debía ós galeguistas de La Habana por canto fixeran pola Academia. Nese escrito, do que tiven coñecemento mercé ó amigo Elías Torres, falaba Murguía dos inconvenientes que

174. Carta a Ramón Piñeiro (15.V.57). Cf. Cabanillas (1981: 557).

175. “Constitución de la Academia”, *Boletín de la Academia Gallega* 1 (1906), 1-2.

neses anos tivera a RAG, de ter que enfrontarse cos estériles, cos soberbios e cos ousados, e tamén “¡triste es decirlo! contra la frialdad de los que se burlan de la candidez —así los calificaron en esta ocasión— de los esfuerzos de los estudiosos, que se atreven á negar la inminente desaparición del idioma gallego”<sup>176</sup>.

Queixábase Murguía da esperable “amarga lucha” e maniféstaballes ós xenerosos galeguistas de La Habana que de seguiren amparando a RAG, a institución non descansará ata ver redactado e publicado o *Diccionario da lingua galega*, a obra do supremo provincialismo:

Tiene ya el portugués un léxico y aquí falta el nuestro. Uno y otro, iguales en el fondo como fruto de una misma herencia, quieren saber lo que de ella les corresponde, y nosotros aun no conocemos cuál sea nuestra parte. ¡Bien habeis hecho en verdad en reclamarla, tratando para ello de facilitar el estudio y conocimiento de nuestro idioma! Porque si vosotros seguís ayudándonos, la Real Academia Gallega que habeis iniciado y vive de vuestro amparo, no descansará hasta ver realizada la obra del supremo provincialismo que le habeis encomendado: esto es, la redacción y publicación del “Diccionario de la lengua gallega”.

Despois de facer unha louvanza de Curros Enríquez, “que amó a su tierra con un amor jamás entibiado, é inició y amparó con su gloria los modestos comienzos de la Real Academia Gallega”, remataba Murguía a mensaxe con estas palabras:

Denos a todos las fuerzas y la paz que se necesitan, para poner fin glorioso a la empresa que debe realizar su amor a nuestra tierra. Sería para nosotros una felicidad sin nombre, si al cerrar los ojos para siempre, quedara ya terminada la obra que habeis confiado a la laboriosidad de esta Real Academia Gallega. Mas no siéndonos dado esperar ese triunfo, merecido premio de los esfuerzos hechos por los que nos acompañan hoy y comparten nuestro trabajo, nos limitamos a dirigiros este testimonio de agradecimiento por los sacrificios que os habeis impuesto para realizar la obra que nos encomendasteis. Obra santa y de verdadera regeneración para Galicia, pues siendo un aforismo que lengua distinta, distinta nacionalidad, conservando la que nos es propia, afirmamos la personalidad de nuestra región.

176. Manuel Murguía: “Mensaje de la Academia”, *Boletín de la Real Academia Gallega* 41 (1910), 118-21.

Neste limiar do novo milenio creo que a “ouseisión” de Cabanillas de realizar “a gran obra do noso dicionario”, pode dentro de non moito tempo ser realidade, de colaboraren estreitamente a Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega: a Academia ten a potestade para a actualización da norma do galego outorgada polo Parlamento cando aprobou en xuño de 1983 a Lei de Normalización Lingüística, potestade que no seu día os parlamentarios non quixeron que o ILG a compartise coa RAG, a pesar de que antes de 1983 a maior parte do traballo de codificación do idioma se fixera nese instituto universitario. E así continuou a ser desde 1983 ó día de hoxe.

O ILG leva moitos anos gavelando na lingua oral para fabricar un galego vivo e non un galego murcho para minorías, tal como arelaba Fole. Leva tamén moitos anos estudiando o galego antigo; e desde hai anos vén traballando no galego literario e na prosa non literaria, de Sarmiento a hoxe, tal como se puido ver nas páxinas precedentes. Estes tres tipos de material lingüístico (oral, medieval e literario) son os alicerces indispensables para o traballo lexicográfico da envergadura dese gran dicionario urxente e necesario. Para realizar esta singradura lexicográfica non han faltar nin as temidas nordestadas nin o duro vento terral; de ser así, o ILG terá que seguir *voltagheando*, poñendo poias e rizos na vela, para que algún día sexa unha realidade a obra do supremo provincialismo encomendada a Murguía e á Academia por Curros e polos bos e moi xenerosos galeguistas de La Habana. O mellor galano que se lles podería facer ó patriarca Murguía e ós galeguistas que soñaron con ese gran dicionario sería telo redactado e publicado no 2006, o ano en que a RAG vai ser centenaria.

## 2. A necesidade de mergullarse na auga salgada

A propósito dalgunhas voces mariñeiras de Cabanillas e de Manuel Antonio como *mallante* e *escabechar* referinme ó tratamento nos dicionarios galegos. Agora vou facer unha cala en diversos traballos lexicográficos baseándome en termos relativos ás embarcacións (*traíñeira*, *dorna*, *gamela* e *chalana*), ós costados do barco (*babor* e *estribor*), ó fluxo e ó refluxo das mareas (*encher* e *devalar*), ós invertebrados (*melfas* e *gradicelas*) e a accións como *rifar* (a vela) e *arear* (o peixe).

Non todas estas formas analizadas aparecen nos dous poetas estudados, pero coído que todas eles son interesantes para ver como se tratan as

entradas relativas ó mar nos dicionarios galegos, onde se aprecia que ás veces non se reflicte o mar tal como o ve a xente da costa, senón que mais se trata do mar visto desde o interior de Galicia ou ben desde un dicionario da lingua española ou da portuguesa. Nalgúns casos as definicións son superficiais ou incompletas, e mesmo chegan a ser contradictorias como no caso dos barcos pequenos; e noutros casos reflicten un mundo do mar que xa non existe.

Antes desta aproximación, quero manifesta-lo meu total respecto polas persoas que levan traballado na lexicografía galega nos últimos anos, enfrontándose a tantos problemas consecuencia da entrada do idioma en ámbitos inimaxinables non hai moito. A algúns coñézoos desde hai moito tempo, e particularmente dos meus amigos que redactaron o xa clásico dicionario Xerais sei perfectamente das dificultades do seu traballo a mediados dos 80 e tamén das melloras de edición a edición. Á hora de facer esta cala non esquezo que nisto da lingua galega todos, creo que absolutamente todos, estamos aprendendo día a día, e que moitos somos practicamente autodidactas na investigación sobre o idioma.

### 2.1. *Traíñeira e traíña; motor, cerco (de xareta) e tarrafa*

O terceiro poema de *No desterro* de 1913 de Cabanillas, titúlase “A trainera”, aínda que este título non figura na cabeceira do poema pero si no índice do libro, composición que se reedita na edición de *Vento mareiro* de 1921 con ese mesmo título. Xa me referín anteriormente (capítulo VI.2.1) a esa moderna embarcación, que chegou á nosa costa a comezos de século, a “trainera branca / lixeira coma o vento”, á que o poeta no final do longo poema lle pide que desde La Habana o devolva ó Mar da Arousa:

*¡Ou trainera branca!  
¡Solta rizóns e cabos!  
Valente e leda arranca,  
a proa ó sol que morre,  
hastra o Caribe mar!  
¡Ou branca trainera  
da ría cambadesa,  
ergue bulindo a vela,  
mete o timón apresa  
y-o probe desterrado  
devolve ó patrio lar!*

É a *trainera* coa que se toma —como din os mariñeiros de Cambados<sup>177</sup>— sardiña co caldeo da raba (“No vrán amorosiño / candi-ó rayar o día / a raba engañadora / espalla pol-a ría”), valéndose dunha rede chamada *traíña* (“Ó abrigo do peirao / cangada de sardiña / que brila na cadeira / e bule na traíña).

Nos dicionarios galegos máis recentes, no Xerais (1993), no Obradoiro (1995), no Estravís (1995) e no da RAG (1997), dise da *traíneira* que é unha embarcación (antiga) usada para pescar con *traíña*, e esta defínese como arte de cerco que se usaba para a sardiña. E no da RAE (1994) na entrada *trainera* defínese esta como “barca que pesca con traíña. A veces es usada en competiciones deportivas”; e á súa vez da *traíña* sinálase a procedencia galega da voz, e dise que é unha rede “extensa que se cala rodeando un banco de sardinas para levarlas así a la costa”.

Este aparello ten hoxe como denominación común a de *cerco* (de *xareta*), pero tamén se coñece como *tarrafa*, *tarrafiña*, *trabuquete*, *bocarteira*... O termo xeral de *cerco* (de *xareta*) alude á existencia dun cabo chamado *xareta* que corre a través das argolas duns cabos que van na relinga inferior da rede e que permite fechala, a xeito de enorme mediomundo, para que embolse o peixe (Calo Lourido 1998a: 173-5, Fernández Casanova 1998: 149). En Cambados, un dos portos galegos co maior número de barcos que traballan con esa arte, ninguén lle chama *traíña* á arte, senón *cerco de ghareta* ou simplemente *cerco*, como tamén se di *cerco* no Porto do Son (e *cerco* ou *ghareta* no porto arousán de Escarabote); e o barco que anda ó *cerco* (de *xareta*) hoxe xa non é a *trainera* de Cabanillas, de “dez remos por banda / creband-o calmo mar”, senón que é o *motor*, sen máis especificación. De aí que en Cambados *andar ó motor* signifique traballar coa arte do cerco (de *xareta*)<sup>178</sup>.

En Ares esta arte de cerco chámase *tarrafa* ou *xareta*, e o barco recibe os mesmos nomes do aparello (Felpete Lagoa 1972: 27, 37). En Laxe *tarrafa* tamén designa a arte e o barco, e antano denominábase *galeón* esa embarcación (Morandeira Lourés 1969: 19). En Sada a arte denomínase *tarrafa* e a embarcación coa que se traballa é *tarrafeira* ou *barco da tarrafa*, mentres

177. Para a acción de pescar os mariñeiros de Escarabote din *tomar e matar*, e os do Son din *matar*. Verbo deste último verbo téñase en conta que hai antropólogos e estudiosos que consideran que a pesca é un tipo especial de caza (Pascual Fernández 1998: 146-7) e, xa que logo, os mariñeiros realmente compórtanse como se fosen cazadores.

178. Segundo Fernández Casanova (1998: 151), deixouse de traballar con traíneiras a partir de 1917, “intensificándose o emprego das motoras para a pesca co *cerco* ou *xareta*”, e nas últimas décadas do séc. XX “a actividade máis sobresaliente da pesca da sardiña relaciónase con portos das Rías Baixas, e os situados entre Sada e a ría de Noia. A maior proporción de capturas corresponde á flota de cerco, distribuída en oito portos, dos que tan só tres —Ribeira, Vigo e Cambados— rexistran o 89% das capturas”.

que en Cariño se usa o termo *tarrafa* para a arte e para o barco, aínda que para o aparello existen as denominacións *arte de cerco* e *cerco de xareta* (Fernández Rei 1974: 93-4). Segundo Rodríguez Santamaría (1911: 264) a *tarrafa* en Galicia e no Cantábrico é moderna “porque data de 1902 y es de origen español, puesto que las primeras que se establecieron en Cariño fueron traídas de la Isla Cristina, y no es otra cosa este arte que un cerco de jareta muy grande con algunas ligeras variaciones”.

En Portugal tamén se chama *cerco de xareta* ou *cerco americano* (Calo Lourido 1998b: 2); pero o tratamento no Porto Editora (1984) é semellante ó dos dicionarios galegos cando se consultan as entradas *traíneira* (“barco de pesca aparelhado com trainas”) e *traina* (“grande rede de cerco para a pesca da sardinha”)<sup>179</sup>. No dicionario do brasileiro Aurélio (1986) non hai *traína* pero si *traíneira*: “(1) Embarcação motorizada com rede de arrastar pelo bordo, e que, na costa Sul do Brasil, onde se usa sobretudo na pesca da sardinha, tem un camarim a ré; (2). Bras. Rede grande, trapeziforme, usada sobretudo na pesca da sardinha”. No Porto Editora (1984) a *xareta* é a “rede com que se impedian as abordagens dos navios inimigos; rede de pesca”, definición que aparece en Estravís (1995), e algo semellante no Aurélio (1986), pero este indica que é antiga. No da RAE (1994) na acepción (4) de *jareta* remítese a *cerco de jareta*, e esta ten como equivalente *traíña*, pero na entrada *traíña* non se remite a *cerco de jareta*.

Nos dicionarios galegos da RAG (1997) e de Galaxia (1997) non hai entrada para *xareta*, que si hai no Xerais (1993), cunha acepción (1) “Costura que se fai para introducir por ela unha cinta” e unha acepción (2) “Arte de pesca do cerco, que se executa coa tarrafa”; e logo en *tarrafa* faise referencia á arte e ó barco: (1) “Aparello de pesca ó cerco para a pesca da sardiña. 2. Barco que emprega esta arte, característico das Rías Altas”. En Estravís (1995) a *tarrafa* defínese como “(1) Arte de pesca de cerco e xareta, utilizada na pesca da sardiña polo procedemento da ardora ou da raba. (2) Pequena embarcación de pesca, a vapor ou gasolina, que se utiliza para pescar con a tarrafa”, definicións que na soleira do 2.000 quedan ben antiquadas, porque unha tarrafa hai moitos anos que non pesca nin á ardora nin co caldeo da raba, e desde hai tempo o combustible xeral é o gasóleo. Nos dicionarios da RAG (1997) e de Galaxia (1997) non hai unha entrada para *tarrafa*.

179. Procedente de Vigo, a primeira *traíneira* entrou en Portugal en abril de 1913, conservándose o nome, “o mesmo que na costa do Cantábrico, para todos os barcos posteriores, incluídos os de hoxe, adicados á pesca do cerco de xareta” (Calo Lourido 1998b: 2).

No Xerais (1993) a acepción (6) de *cercos* refírese á arte sen indicación do peixe que se toma con ela (“Aparello de pesca no que as redes forman círculo para colle-lo peixe”). E a esta mesma arte fai referencia a acepción (4) de *cercos* do RAG (1997): “Arte consistente nunha gran rede que se utiliza na pesca da sardiña. *Pescar ó cerco*”. Nos sinónimos de *cercos* de Galaxia (1997) ningún deles ten que ver co mar.

## 2.2. *Dorna, chalana e gamela*

A dorna, característica dos portos do Mar da Arousa e da Illa de Ons —descoñecida das Rías Altas onde a voz *dorna* é termo xenérico para as embarcacións pequenas (Mörling / Otero 1998: 106)— é un barco de orixe misteriosa, pois non está documentada en Galicia na época medieval (Ferreira Priegue 1998: 81). A moi literaria e moi arousá dorna está presente ó longo de toda a obra de Cabanillas, pois hai un rexistro de *dorna(s)* en *Desterro13*, en *Vento21*, en *Desterro26* e en *Camiños*, así como dúas *dorna(s)* en *Versos* e unha *dorniña* en *Vento21*. E tamén aparecen as *dorna(s)* na poesía de Manuel Antonio, pois hai dúas destas embarcacións en *Foulas*, unha nun poema de 1924 e outra en *Viladomar*.

O RAG (1997) presenta unha definición bastante completa da *dorna*: “Embarcación pequena destinada á pesca, que xeralmente leva un mastro e pode ser a remo ou a vela e ten a proa redonda, a popa chata e a quilla pronunciada”. É a tradicional dorna, que hoxe pode levar un motoríño fóra-borda. A *dorna* do Xerais (1993) é unha “Embarcación antiquísima de pesca propia das Rías Baixas, provista dun só mastro que leva unha vela latina” e a de Estravís (1995) é unha “Embarcación de pesca provida dun só pau onde se enverga unha vela latina”. No Galaxia (1997) *dorna* ten un único sinónimo (“barca”), mentres que a entrada *barca* ten varios sinónimos (“barco, batel, bote, dorna, embarcación, gamela, lancha”), igual que son varios os sinónimos de *barco* (“buque, embarcación, nave, navío, vapor”)<sup>180</sup>.

Nas distintas definicións dos devanditos dicionarios non se fai referencia a que as dornas teñen *madeiras* (os nosos mariñeiros falan de *cuadernas* ou de *madeiras*, e nalgún porto de *costillas*), que son as *cavernas* dos mariñeiros portugueses (e nalgún porto *cadernas*, *madeiras* ou *braços*; Alvar 1985, 2, 804), as mesmas que se rexistran no colofón do poemario *Estirpe* (1994) de Méndez Ferrín (“Un peirao na Barbanza que se chama Pondal. / E cabernas de arca, e cabernas de couso”). Os *botes* ta-

180. Sobre a construción da dorna e as súas partes cf. Mörling / Otero (1997: 131 ss).

mén teñen *madeiras*, pero, segundo os mariñeiros de Cambados, “diferéncianse das dornas no custillame”.

E nas definicións das *gamelas* e das *chalanas* —que non andan polas augas do mar literario de Cabanillas nin de Manuel Antonio, malia que a *gamela* é barco tan arousán coma a *dorna*— nesos mesmos dicionarios non se indica que esas embarcacións menores carecen sempre de *madeiras*. Por outra parte, as definicións de *chalana* e de *gamela* son contradictorias en canto á feitura da proa e da popa. Así, no da RAG (1997) a *chalana* defínese como “Pequena embarcación de fondo plano, a remos, polo xeral con popa rectangular e proa aguzada, que se usa sobre todo nos servizos de porto e nalgúns faenas de pesca”, mentres que a *gamela* é “Pequena embarcación que se usa na pesca de baixura e como barco auxiliar doutro maior, xeralmente de fondo plano, chata na proa e na popa, que pode ser movida a remo, aínda que tamén pode levar vela ou un pequeno motor”. Antes da publicación do dicionario da RAG, os autores do Xerais (1993) deran unhas definicións semellantes: a *chalana* defíníana como “Embarcación pequena con fondo plano, proa triangular e popa rectangular; presta servizos nos portos e emprégase como auxiliar das tarefas de pesca. Tamén hai *chalanas* medio cubertas destinadas á carga, soen ser de maior tamaño e poden levar motor”, e a *gamela* como “Embarcación pequena de fondo plano e que ten un certo parecido cunha artesá”.

En Estravís (1995), destes barcos tamén se di que teñen fondo plano, pero a feitura da proa e da popa é a contraria dos devanditos dicionarios. A *chalana* é “Embarcación menor, de fondo plano con forma semellante a un caixón, con proa e popa verticais”, mentres que a *gamela*, na acepción (4) defínese como “Pequena embarcación de fondo plano, proa afiada e larga e popa plana, utilizada para o marisqueio ou a pesca de baixura”, as mesmas definicións do anterior Estravís (1986). E no dicionario de Ir Indo (1986) a definición de *chalana* é a mesma de Estravís (1986, 1995), só cambia a palabra “fondo” no canto de “fundo”, mentres que a *gamela* se define dun xeito máis xenérico, sen referencia á forma da proa e da popa: “pequena embarcación de pesca sen quilla, de fondo chato”. No de Galaxia (1997), na entrada *chalana* aparecen como sinónimos “Barca, bote, embarcación, gamela”, pero non hai unha entrada para *gamela*.

No relativo á feitura da popa e da proa, as definicións de Estravís (1995) corresponden á diferenza entre *gamela* e *chalana* do Porto do Son<sup>181</sup> e de

181. Segundo Calo Lourido (1978: 27) *gamela* e *chalana* son embarcacións moi similares: “las dos tienen el fondo plano, lo que las hace inservibles en aguas agitadas, pero la *gamela* tiene una proa

Noia, ou á de *caiuco* e *chalana* en Ares<sup>182</sup>, pero descoñezo se a diferenza que se establece nos dicionarios da RAG e no Xerais responde á distinción dalgún porto galego. En portos arousáns como Cambados, Rianxo ou Escarabote *ghamela* é a forma xenérica para as embarcacións pequenas, a remo e de fondo plano. En Escarabote distínguese entre *ghamela de dúas proas*, con proa e popa afiadas e *ghamela de dúas popas*, que ten chatas a proa e a popa (Alonso Pérez 1970: 75). Na Guarda, a súa famosa *ghamela*, considerada a embarcación máis antiga de Galicia (Massó 1992: 107), ten dúas popas, como ben se ve en Mörling / Otero (1997: 128). No apartado de embarcacións con fondo plano deste traballo dise que a *chalana*, en definición dos mariñeiros, é “de proa e popa”, mentres que a *gamela* é “de dúas popas” (p. 126).

Polo que respecta a Cambados, Muñoz Bacelar (1966:160) só recolleu tres tipos de barcos, a *ghamela*, a *dorna* e a *lancha* ou *motor*, atendendo a que a pesca se realice preto ou lonxe da costa. Da *ghamela* di que é a mais simple das embarcacións, “pequena e ligeira, puxada a remos, e por isso pode ir dentro dos motores para ajudar a espallar as redes. É um barco auxiliar”. E engade que tamén se emprega “na apanha de ameijoas e berbigão”. Efectivamente, en Cambados *ghamela* é forma común para designar un barco pequeno, con *plan*<sup>183</sup>, con cuberta e sen madeiros, podendo haber distinción entre *ghamela (de pinchón)*, con proa triangular e unha peza saínte (o *pinchón*) onde poder amarrala, e *ghamela* de dúas popas que carece dese *pinchón*. Tamén se coñece a forma *chalana* para designar unha “ghameliña auxiliar dun barco grande”, e mesmo pode ser “unha *chalana* de dúas popas ou unha *chalana* de pinchón”. En principio, a diferenza entre *ghamela* e *chalana* non está na forma da proa e da popa, senón no tamaño (máis grande a *ghamela* cá *chalana*) e, sobre todo, na autonomía como embarcación, pois a *ghamela* ten folio —a matrícula dun barco— e a *chalana* non o ten, xa que ó ser auxiliar dun barco do cerco (de xareta) posúe o folio deste. De tódolos xeitos, eses barquiños de dúas popas case non se coñecían nin se coñecen en Cambados.

Noutros portos *chalana* é forma común, coas súas especificacións. En Sada e en Laxe a *chalana* ten proa triangular e popa rectangular, como na

---

normal y una popa plana, mientras que la *chalana* tiene planas ambas cosas, lo que la convierte en algo tan marínero como puede ser un cajón que resista a tres o a cuatro personas en agua tranquila”.

182. Felpete Lagoa (1972: 28) define o *caiuco* como barco “que non ten quilla, é plano por abaixo”, mentres que a *chalana* é un barco “plano por abaixo e non ten proa nin popa, e está cortado” a xeito dun caixón.

183. O *plan* é a denominación do fondo plano deste tipo de barcos en Cambados. E tamén en Escarabote se usa esa forma (Alonso Pérez 1970: 81).

definición da RAG (1997) e no Xerais (1993). En Sada non se fala da *gamela* pero si da *chalana chata* “de proa e popa rectangulares, pro coa proa máis levantada” (Ríos Panisse 1974: 190-1), e en Laxe *gamela* é o nome dado tamén á *chalana* (Morandeira Lourés 1969: 19). En Cariño, porto galego do Cantábrico, os barcos sen cuberta e fondo plano son as *ghamelas* ou *barcos auxiliares*, con varios tipos atendendo á forma da proa e da popa, a presenza ou non de corredores, ó número de bancadas e á forma das estampas. Entre estes barcos pequenos están a *chalana (da tarrafa)* e a *cona (da tarrafa)*, con estampas e dúas bancadas; pero a *chalana* ten proa triangular, popa rectangular e corredores opcionais, mentres que a *cona* —de aparencia máis forte e máis bruta— ten proa e popa rectangulares, aínda que a proa é máis estreita, e sempre leva corredores. A *chalana da cetárea* é semellante á *cona*, pero de táboas mais delgadas e menos longa; a proa e a popa son iguais, sen corredores, con estampas moi estreitas e unha soa bancada (Fernández Rei 1974: 64-5).

Á falta de traballos sistemáticos por todo o litoral, cos escasos datos manexados dáme a impresión que *gamela* é denominación propia das Rías Baixas, igual que a *chalana* o é das Medias e das Altas. E de igual xeito, *cercos (de xareta)*, *bucareu* (ou *bocareu*), *castañeta*, *xurelo* e *xouba* son “propios” das Rías Baixas, mentres que *tarrafa* (barco e arte), *bocarte* (ou *mocarte*), *palometa*, *chicharro* e *parrocha* son termos máis ben das outras rías, e especialmente dos portos galegos do Cantábrico, como se aprecia nos nomes de peixes estudados por Ríos Panisse (1977).

### 2.3. *Babor e estribor, couso e arca*

Aínda que non hai rexistros destas partes nas dornas de Cabanillas nin nas de Manuel Antonio, nin tampouco na traíñeira do poeta cambadés nin no pailebote do poeta rianxeiro, creo que paga a pena comentalas, pois é unha mostra de que como a terminoloxía internacional globalizadora pode ter como conconrente a forma que crearon os nosos mariñeiros para as embarcacións tradicionais, sen que nada impida que nas novas embarcacións se poidan usa-los termos tradicionais.

Nos dicionarios galegos consultados sempre hai entradas para as formas *babor* e *estribor*, de orixe holandesa que a través do francés pasaron ó español e ó portugués (*bombordo* e *estibordo*), e ó galego seguramente co español como intermediario; pero non sempre están os tradicionais *couso* e *arca* de Cangas do Morrazo (e do Porto do Son), que no seu día Bernardino Graña e Méndez Ferrín introduciron no apéndice do *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de don Eladio Rodríguez. En Cambados e en Rianxo os termos

tradicionais para os costados do barco son *couso* e *medio*<sup>184</sup>; e en Sada, segundo Ríos Panisse (1974: 186), as partes laterais chámanse *bandas*, a de *couso* (ou de *babore*) e a de *asimán* (ou de *estribor*)<sup>185</sup>.

As formas *babore* e *estribor* foron introducidas por A. V. T. nun poema publicado no periódico coruñés *A Fuliada* (1888)<sup>186</sup>:

“[...] un corpo qu’ así se move  
(despensar ó movemento)  
dende babore á estribor,  
cal o pino cimbra ó vento [...]”

Case cen anos despois, en *Arnoia, Arnoia* (1985) de Méndez Ferrín aparecen por primeira vez no galego escrito as formas tradicionais *couso* e *arca*:

Pro, unha vez desviados pola mesma tempestade da liña de terra, o señor Amadou decidiuse a corre-la vía, ou sexa, a ofrendarlle o espello de popa ó vento, virando de arca ou de couso, e lanzarse en louca carreira paralela á costa, en dirección ó Sul. [...] Cando a xeira das nove ondas semellou dar unha trégoa ós elementos e se produciu unha especie de valeiro no arfar da galerna e do trebón, o señor Amadou atraveuse a virar en redondo pola banda de arca e a lle pór a popa a aquel inferno (p. 58).

Posteriormente o mesmo escritor usou esas formas en 1987 en *Bretaña, Esmeraldina* (“Os mariñeiros, de arca e de couso, foron imprimíndolle unha rápida marcha ao bote”, p. 91; “intre no cal o lugre dá un bandazo de arca, particularmente violento, e eu bato coa testa contra o masteleiro”, p. 95) e mais no colofón de *Estirpe* (1994) no verso “E cabernas de arca, e cabernas de couso” (p. 47); e noutro poema, con reminiscencias de Manuel Antonio polos arroaces e polo verso final (“tateyan as paipas co ademán políglota das bandeiras”), o patrón dunha lancha xeiteira manda “ciar todo de couso” (p. 53).

184. En Rianxo, en terra, úsase a expresión “arrímate a couso”. No Son o *couso* é o remo de popa dos botes, que normalmente fai de timón; e en Cambados, nun barco de remos, “séase de couso” e “vóghase de medio”.

185. Non deixa de ser curioso que voces mariñeiras como *couso* ou *axexo* sexan comúns en diversos portos, mentres para a banda de “estribor” e para o “crepúsculo da mañá” haxa lexemas distintos, segundo os portos. E non é menos curioso que unha palabra como *dereita* (referida á man) sexa panrománica, mentres que para a outra man haxa moi diversos lexemas, románicos e non románicos.

186. As seguintes documentacións son de 1896, en *Pé das Burgas* de Álvarez Novoa e en *¡A besta!* de Xan de Masma; e as de *estribor* son de 1896, tamén en Xan de Masma, e de 1913 no periódico *O Tío Pepe* da Fonsagrada.

Outras aparicións están en *Patria do mar* (1989) de Darío Xohán Cabana (“Velai que os irmáns en fráxil barca / saúdan o dador e cían de arca / proando cara a terra”, p. 17; “sobre o mar navegando en fráxil barca / deixe as Sisargas pola banda de arca”, p. 71) e en *Náufragos en terra* (1995) de Martínez Oca (“se che vou dicir a verdade nunca fun capaz de saber para que lado cadran nin babore nin estribor, nin arca nin couso”, p. 134).

Ademais, hai varios rexistros de *couso* (e a variante *couso*) e de *arca* en *As embarcacións tradicionais de Galicia* (1989) de Mörling:

A mencionada “cadeira” é un espazo para garda-la pesca. Vai ó través da dorna, formada por pedamigos e batiportes nos madeiros sete ou oito, coroados por listóns da banda de couso á de “arca”, que é como se chama o estribor. A cadeira ten dúas tapas chamadas “aparellas”. A cadeira divide a dorna en dous espazos principais, a “pana do medio” a proa e a “pana de couso”, a popa. En ambos, na sección máis preto da cadeira, unhas táboas para pisar colocadas sobre os madeiros e apoiadas por algún listón transversal chamado “varenga” (p. 53)<sup>187</sup>.

No dicionario da RAG (1997) só hai entradas para *babore* (“*Mar*. Lado esquerdo dunha embarcación, mirando desde a popa cara á proa”) e para *estribor* (“*Mar*. Parte dereita dunha embarcación, mirando de popa a proa”), sen sinónimo ningún nos dous casos. En Estravís (1986) hai unha entrada para *babore* e outro para *bombordo*, forma tomado do portugués, onde se define ese costado do barco, sen indicar sinónimos, e unha terceira entrada para un *couso*<sub>2</sub> “Náut. Babore. *Dar de couso*: dar a babore”; e hai a entrada *estibordo*, tamén tirada do portugués, sen ningún sinónimo, nin sequera o de *estribor* para o que non hai entrada. En Estravís (1995) repítense estas entradas, pero ademais en *arca* a acepción (7) fai referencia á “banda de estibordo”, que non se facía en 1986. No Ir Indo (1986) hai entradas para *babore*, para *couso*<sub>1</sub> “Babore” e para *estibordo*.

Franco Grande incluíu no seu *Diccionario galego-castelán* (1983<sup>8</sup>) os termos *arca* e *couso*, poñendo como equivalentes casteláns *babore* (“¡Dalle de arca! ¡A estribor!”) e *estribor* (“dalle de couso, a babore”). No Xerais (1986) non aparecían *arca* e *couso* nas acepcións náuticas, pero si *couso* na entrada *couso* como acepción familiar desta; non obstante no Xerais (1993) están estes termos mariñeiros, tanto *arca*, cunha acepción (2) rela-

187. Na mesma obra hai outros rexistros desas formas: “Pola banda de couso e a proa escoitábanse o renxido dos estrobas [...]. A man dereita movía así o remo de arca, a esquerda o de couso” (pp. 55-56); “Unha porta de corredeira, situada polo lado de couso, daba acceso á tilla” (p. 179).

tiva ó mar (“Nunha embarcación, banda de estribor (¡*Dálle de arca!* A estribor”), como *couso*<sup>2</sup>, cunha acepción (4) “Babor”. No Galaxia (1997) as formas de orixe holandesa teñen como sinónimos as voces galegas e vice-versa; así, *babor* “Couso (*botaron as redes desde o barco por babor*)” e *couso* na acepción (3) “Babor”, mentres que *estribor* ten como sinónimo “Arca (*botaron as redes por estribor*)” e *arca* na acepción (4) o sinónimo é “Estribor (*botaron as redes pola arca do barco*)”.

#### 2.4. *Encher e devalar, preamar e baixamar*

O poema “A fragata vella” de *Catro* remata con estes versos, nos que se fai alusión ó encher e ó debalar da marea:

*Inda que o vento encalme  
tremela n-as tuas velas  
unha rafega de transmigracións  
N-ese teu corazón innumerábel  
amén enchen e debalan  
as mareas d’o meu corazón.*

No poema sen data titulado “Urco” no verso segundo “o mar debala e a lua enche”<sup>188</sup>. E noutros poemas de Manuel Antonio aparece *devalar* sen ser aplicado á marea: “debala o luar” en *Foulas*, “A festa xa debala” nun poema de 1920 e “Yse responso d’a furna / agora tamén debala” nun de 1924.

En Cabanillas practicamente non hai referencia ó ir e vir das mareas. Só en *Versos* atopei o verbo *encher* (“Enchen o mar as velas... / ¡ai! na deserta praia / a nau porque salaia / xamáis atracará”), xunto con varios rexistros de *chea* que máis parecen referirse á lúa chea cá marea chea, unha vez en *Desterro13*, reeditado en *Desterro26* (“Asoma ó Levante / a lúa na chéa”) e outra vez en *Noite*, reeditado en *Camiños* (“Altas horas da noite. Vai a lúa na chea / vogando n-unha maina craridade serea”). Non achei nas obras concordadas deste autor *baixar* referido ó mar nin ningún rexistro de formas de *devalar*, nin sequera referido ás mareas. E nin en Cabanillas nin en Manuel Antonio hai rexistros das formas cultas *preamar* e *baixamar*.

No Aurélio (1986) *baixa-mar* é “Nivel mínimo da curva da maré; maré baixa, maré vazia”, mentres que *preamar* remite a *maré alta*: “Altura máxima que as águas do mar atingem durante o fenómeno da maré; preamar,

188. Atendendo á rima, Axeitos considera que o poema pode ser anterior a 1923 (Manuel Antonio 1992: 207, nota 51).

maré-cheia”. No RAE (1994) *bajamar* é “Fin o término del reflujo del mar // 2. Tiempo que éste dura”, mentres que *pleamar* é “Fin o término de la creciente del mar // 2. Tiempo que ésta dura”.

Nos dicionarios galegos as definicións de *baixamar* e de *preamar* aparecen ben á española, ben á portuguesa ou ás dúas maneiras. No da RAG (1997), por ex., *baixamar* ten dúas acepcións: (1) “O nivel máis baixo que acada a marea” e (2) “Tempo que dura a baixada da marea”, cun antónimo *preamar* e remisión a *devalo*, *marea baixa*, *mar baixo* e *refluxo*; polo que respecta a *preamar* defínese como (1) “O nivel máis alto que acada a marea” e (2) “Tempo que dura a subida da marea”, cun antónimo *baixamar* e remisión a *fluxo* e *marea chea*. Non aparece no RAG (1997) a entrada *socheo* que si figura no Xerais (1993) para a “fase final do crecente da marea anterior á preamar”, que no Ir Indo (1886) se define como “Movemento ou ondulación do mar cando hai marullada // Fase final do crecente cando hai preamar”, e que en Estravis (1986, 1995) aparece como *sucho*, *sucho* “Recuo das ondas do mar”.

Por outra parte, no Xerais (1993) na entrada *seca* hai dúas acepcións náuticas, a (3) “Parte dos areais que queda descuberta nas mareas baixas” e a (4) “Baixamar: marea baixa”. E no RAG (1997) hai unha acepción do mar en *seca*, a (2) “Parte dun areal que queda ó descuberto na marea baixa. *Anda xente mariscando na seca*”. Así e todo, nestes dicionarios non hai unha entrada para *chea* substantivo, que se di en frases como “vai toda a chea”, para indicar que a marea encheu de todo. Si aparece no Xerais (1993) na entrada *marea* a acepción “*M. Alta, m. chea, m. viva*. Preamar, fluxo”, cando *marea chea* e *marea viva* non son sinónimos, senón que o correcto é unha distinción semellante á do RAG (1997): “*Marea chea*. Aquela en que as augas do mar están no nivel máis alto” e “*Marea viva*. Marea en que o mar baixa e sobe moito máis ca nas mareas normais”.

Verbo do fluxo e do reflujo das mareas, a visión dos mariñeiros de Cambados e de Rianxo é como segue:

a) *Enche-la marea e enche-lo mar, subi-la marea e subi-lo mar* dinse da acción do fluxo da auga do mar. Tamén se fala de *marea chea* ou simplemente de *chea*. En Cambados, ademais, dise *aghua da chea* cando está enchendo o mar.

b) *Sucho* en Cambados e *socheo* en Rianxo designan a altura máxima da subida da marea; e despois do *socheo* vén o *escabesante*, uns minutos inmediatamente posteriores ó *sucho* (e ó *socheo*) en que se aprecia que a marea xa está a baixar. No Grove, porto así mesmo do Mar da Arousa, existe igualmente o termo *socheo* con idéntica significación (Enríquez 1974: 143).



c) *Devalar* e *devalo*, *baixa-la marea* e *baixa-lo mar* dinse da acción do refluxo das augas do mar; e cando a area cuberta pola auga queda ó descuberto, xa se fala da *seca*. Ademais, os mariñeiros de Cambados falan de *aghuamar* cando se está no *debaló*.

d) *Punta de aghua*, en Cambados, designa o punto máximo do *debaló*, cando hai *seca* total.

Os mariñeiros arousáns de Escarabote falan de *encher* e de *marea enchente* fronte a *baixamar*, *desbalar* e *marea baixante*; e cando a marea baixou de todo, din *marea seca*. Nas Rías Medias e nas Altas pode haber diferentes denominacións; así, en Laxe úsanse as formas *enchente* e *encherse o mar* fronte a *devalante* e *devalar* (Morandeira Lourés 1969: 44), mentres que en Sada se di *enchente* e *enché-lo mare* fronte a *devalante*, *devalar* e *baixada da marea* (Ríos Panisse 1974: 214). Máis ó norte, en Ares fábase de *marea alta* fronte a *marea baixa* e *mar baixo* (Felpete Lagoa 1972: 69), mentres que en Cariño se di *baixa-lo mar* e *secante* fronte a *subi-lo mar* (Fernández Rei 1974: 198).

## 2.5. Rifar

Na cuarta estrofa do poema “Viladomar” do libro *Viladomar* (1928) Manuel Antonio usa a forma *rifar* na acepción mariñeira xa sinalada máis arriba de romper-la vela pola acción do vento:

*Longa vela d'a choiva  
c'un xesto n-a vila toda  
d'unha singladura infinda*

*Boca-ruas d'a noite  
onde busca o Nordeste  
outra vela que rifar*

Antes xa usara este verbo o tamén rianxeiro Rafael Dieste cando o señor Baldomero, ó pouco do comezo do primeiro lance de *A fiestra valdeira* (1927), afirma: “Aquela noite o vento rifou as velas”. Son as únicas documentacións do *rifar* (náutico) da historia do galego escrito na Base de Datos Lexicográfica do ILG, mentres que o *rifar* non mariñeiro ten centos de aparicións nesa base de datos.

É voz aínda común dos mariñeiros de Rianxo e de Cambados cando falan da navegación a vela, e seguramente o é de moitos outros portos galegos. En Muros tamén se di, tal como se aprecia neste texto de Mörling / Otero (1998: 79):

Co “sinsideiro” amarrábase a escota, cando se barbetaba. Despois dobrábase unha ou máis faixas de rizo, coséndose os rizos por debaixo da relinga do puxame con nós chans. Había que ter moito coidado para que a vela non rompese durante esta manobra, segundo indica o septuaxenario de Muros José Martínez García, a quen lle debo a descrición da mesma. Decía “rifar”, para describir este sinistro: “Rifoume a vela”.

En ningún dos dicionarios galegos e portugueses consultados aparece esta acepción de *rifar*, que debe tratarse dun catalanismo como tantos outros (*bou*, *sotavento*...), pois unha acepción semellante existe na lingua de Espriu. Así, no *Diccionari català-valencià-balear* de Alcover e Moll (1988), na entrada *rifar* a acepción (3) é dun verbo reflexivo referido ó mar (“Esquinçar-se una vela per la violència del vent (Barc.)”, á vez que se indica que é un derivado de *rifa*. E na entrada desta voz, a acepción (1) é o anticuado “Destroça, acción destructora. *Feyen los soldados de Castella tal rifa y strago en las vidas y honrras dels pobres cathalans*, doc. a. 1641”.

No *Diccionari de la llengua catalana* da Enciclopedia Catalana (Barcelona 1991) a acepción (3) de *rifar* é semellante, pero tamén se di do estrago do vento sobre unha bandeira: “*Pron. mar* Esquinçar-se una vela, una bandera, a causa de la violència del vent”. E no *Diccionari de la llengua catalana* do Institut d'Estudis Catalans (Barcelona / Palma de Mallorca / València 1995), á parte de *rifar*, hai unha entrada para *rifar-se* como pronominal: “Burlar-se d'algú, esp. enganyant-lo, fent-li concebre esperances d'algunha cosa, etc. // Una vela, una bandera, estripar-se a causa de la violència del vent”.

No dicionario da RAE (1994) a acepción (3) de *rifar* corresponde tamén a un verbo pronominal referido ó mar: “Romperse, abrirse, descoserse o hacerse pedazos una vela”; e algo semellante aparece no dicionario de uso de M<sup>a</sup> Moliner (1994) na entrada *rifarse* na acepción náutica (2): “Rasgarse o arrancarse una vela”. Corominas e Pascual (1983 V: s.v. *rifa*) mencionan en nota o “*rifarse* náutico ‘romperse, desgarrarse una vela’, que es también catalán (oído a los pescadores de Sant Pol de Mar)” e que se relaciona co francés *rifler* ‘arracher, écorcher’.

## 2.6. Medusa e melfa

Para designar calquera tipo *medusa* (rosácea, transparente...), un dos invertebrados celentéreos máis coñecidos, en Rianxo emprégase popularmente a forma *melfa*. A voz *medusa*, que en grego designaba unha das Gorgonas e que se representaba cunha abundante cabeleira, é sen dúbida

unha voz culta e internacional, pois a forma é semellante en linguas xermánicas (alemán *Meduse*, inglés *medusa*) e en linguas románicas non ibéricas (francés *méduse*, italiano *medusa* e romanés *meduză*, que ten un con-corrente popular *înimă de mare*, literalmente “corazón de mar”).

En *Foulas* de Manuel Antonio hai un poema titulado “As melfas”:

*MELFAS*  
*Frores náufragas*  
*d’anónimos outonos [...]*  
*Apodrecidas melfas d’a Ría*  
*Indefensas n-o berce d’as araxes!*

E esas rianxeiras *melfas* frotan de novo nos versos finais de “Chama-da”, o derradeiro poema de *Viladomar*, que á súa vez é o derradeiro libro de Manuel Antonio:

*Ques vir con nosco ao mar?*  
  
*Hai melfas*  
*Cando foi melfa o meu corazón?*  
*Esta alba d’o Mar*  
*que atafega os naufraxos*  
*Hai melfas*  
*O noso corazón*  
*—este Marconi—*  
*a escoitar.*

No diccionario da RAG (1997) na entrada *medusa* o único sinónimo é *augamar*, e nesta entrada aparece a variante *aguamar* e o sinónimo *medusa*, e algo semellante no *Obradoiro* (1995). En *Estravís* (1995) na entrada *medusa* dise que é máis coñecida “polos nomes vulgares de *aguamá*, *águ-gua-mar* e *auga-mar*” e no *Galaxia* (1997) aparecen en *medusa* os sinóni-mos *augamá*, *augamala*, *augamansa*, *augamar*, *augamorta*, *auganeira*, *augaporca*, *estruga do mar*, *augacheira*, *auganeira* e *maresvivas*.

No Aurélio (1986) en *medusa* remítese a *águ-a-viva*, e nesta son moitos os sinónimos que aparecen: *águ-a-ma*, *alforreca*, *cansanção*, *caravela*, *chora-vi-nagre*, *ponom*, *urtiga-do-mar*, *vinagreira*. No RAE (1994) na entrada *medusa* defínese este celentéreo, pero non hai sinónimos nin se remite a outra entrada, mentres que en *aguamala*ponse como equivalente *medusa*, e en *aguamar* o equivalente é *aguamala*. No diccionario de uso de Moliner (1994) aparecen

como sinónimos de *medusa* as formas *aguamala*, *aguamar*, *aguaverde* e *pul-món marino*, que lembra a forma popular romanesa “corazón de mar”.

O termo *aguamala* é xeral entre os mariñeiros cántabros e asturianos, mentres que os vascos (e os asturianos de Luanco) din *marmoca* e a mai-oría dos cataláns *born* ou *moca*; a xeneralidade dos mariñeiros canarios din *agua viva*, o mesmo que en portos andaluces, onde se tamén se oe *globo* (Almería e Granada, como na costa de Murcia) e o arabismo (*al*)*borreca* na costa de Málaga e de Huelva, que para os canarios de Hierro é *ferreca*. Na costa portuguesa máis próxima a Galicia o nome común é *agulhas ma-res* en Viana do Castelo, *augamá* en Vila do Conde<sup>189</sup> e en Matosinhos *au-gamá*, en concorrencia co arabismo *alforreca*, que é a forma xeral dos ma-riñeiros portugueses, desde Afurada e Espinho a Olhão e Vila-Real de Santo António, agás *augamá* de Peniche (Alvar 1989, 4: 2331-3). No Por-to Editora (1984) hai unha entrada para *alforreca*, con *medusa-acalefa* como sinónimo.

Na fala dos mariñeiros galegos a riqueza para nomear estes celentéreos é moi grande, pois ós sinónimos do *Galaxia* (1997) pódense engadir moi-tos outros máis, entre eles, e só da ría da Arousa, *almorrana* e *sombrilla* no Carril, *marea* en Vilanova, *sombreiro* en Ribeira, *xureleira* en Camba-dos e en Rianxo *aghuamorta*, xunto con *borracha* e *melfa*<sup>190</sup>, forma que só se rexistra nesta vila (Ríos Panisse 1977: 66-9). A voz *aguamar* doutros portos galegos é un cruce con mar unha vez que *aghuamá* non é transpa-rente ó perderse popularmente o adxectivo *má*. A riqueza de nomes para se referir á “medusa” lémbreme a riqueza dos nomes da folla do piñeiro; e de igual xeito que o *arume* bergantiñán de Pondal non pode faltar en nin-gún diccionario galego, creo que tampouco debería falta-la *melfa* de Ma-nuel Antonio.

E aínda que non se documenta nin en Cabanillas nin en Manuel Anto-nio nin en ningún outro autor, a vulgar polos datos da base lexicográfica do ILG, remato este breve somorgullo no mar lexicográfico referíndome á acción de *arear* (*o peixe*), propia do litoral e zonas do interior próximas á costa e mais a outro invertebrado, o equinodermo *Asterias rubens*, ben coñecida na costa galega.

189. En Caminha dise *aguamá*, *aguamorta* e *aguaviva* (Ríos Panisse 1977: 66).

190. En Rianxo a *borracha* pica mentres que a *melfa* non fai dano. Cf. nota 4 de Ríos Panisse (1977: 67).

## 2.7. *Arear*

En Ir Indo (1986) e en Estravís (1995) a entrada *arear* ten como acepcións (1) “Cobrir con area ou con materia semellante á area” e (2) “Limpar, polir con area”, semellantes as primeiras da mesma entrada no Porto Editora (1984): “deitar areia em; cobrir de areia; assorear; limpar com areia, cinza, etc.”, acepcións que descoñezo tanto no galego oral como no escrito<sup>191</sup>. No dicionario da RAE (1994) hai unha entrada *arenar* (“tr. *enarenar*, echar arena// 2 Refregar con arena”), con contido non moi distinto dos dicionarios de Ir Indo e de Estravís. Nestes, a maiores, hai unha acepción (3) para “botar sal ao pescado despois de telo limpo”, inexistente no Porto Editora.

No Xerais (1993) aparece *arear* na familia de *area*, mentres que no Obreroiro (1995) e no da RAG (1997) non aparece nin nesa familia. No Galaxia (1997) *arear* ten como sinónimos “salgar, salpresar (*hai que area-lo peixe de cocer*)” e *salpresar* ten como sinónimo “salgar (lixeramente)” que reflicte a acción de “botarlle unhas areas de sal” ó peixe.

A entrada *arear* debería figurar coa definición (3) de Ir Indo (1986) e de Estravís (1995), pero retocada, e posiblemente como primeira entrada, pola importancia que ten a acción de *arear* na sinxela cultura culinaria tradicional mariñeira, dos portos do Mar da Arousa e doutros do litoral. Mesmo en concellos de costas á costa se *area* o peixe, como ocorre en lugares de Mazaricos (A Manda, A Picota...). En puntos da Galicia interior non rexistrei esa voz e en moitos teño apreciado que se cocina o peixe sen o *arear*. Sería bo que un día os libros de gastronomía galega indicasen como se *area* cada peixe, tipo de sal e tempo do areado, pois non é o mesmo *arear* anguías, para o que abundan uns minutos, que facelo coas sardiñas ou coas pescadas, que precisan moito máis tempo. E a pescada, por ex., se non se *area* vai estar doce e mol.

## 2.8. *Estrela de mar, tallanta e gradicela*

Como se aprecia no traballo de Ríos Panisse (1977: 13-5) desde As Figueiras de Castropol ata a Guarda no Baixo Miño (e a Caminha), é moi rara a forma *estrela*, pois só se recolleu entres os mariñeiros cantábricos de Espasante-Ortigueira e os fisterráns do Sardiñeiro (e en Caminha no Alto Minho portugués), xunto con *estrela de mar* en Ares. En moitos por-

191. Polo que respecta ó galego escrito, na Base de Datos Lexicográfica do ILG hai varios rexistros de *arear* relacionados con “ar” (e non con “area”) en *Os viños de Galicia* (1979) de Posada e un rexistro en *Xogos populares en Galicia* (1986) de Pérez y Verde e Taberero Balsas.

tos úsase o castelanismos *estrella*, ás veces como única forma rexistrada, que nalgún caso leva a especificación *de mar* (ou *do mar*).

En portos da Mariña de Lugo dise *grade* (Burela, Cangas de Foz e Foz) e a mesma forma, pero con gheada, é propia de portos do sur do noso litoral (Paxón, Coruxo). Segundo Santamarina a denominación *grade* para a *Asterias rubens* provén da semellanza do animal coa *grade* (do lat. CRATEM “enreixado”), apeiro de labranza a xeito de grella, con dentes por abaixo para achaia-las terras de semente (Ríos Panisse 1977: 13-4). E dun diminutivo CRATICELLA procede o termo *ghradisela*, que se día na ría de Marín (Portonovo, Mogor-Marín) e e en portos do costado de leste da ría da Arousa (O Grove, Cambados), mentres que noutros se rexistra o castelanismos *estrella* (Vilanova da Arousa, O Carril e Rianxo), que no caso do Carril convive coa forma *comeostra*.

Na costa comprendida entre Ribeira e Malpica denomínase *tallanta* (Ribeira, Lira) e *tixeira* (Malpica, O Sardiñeiro, Ézaro, Muxía, Camariñas e Corme, e tamén en Espasante-Ortigueira xa no Cantábrico) ou *tixeira do mar* (Portosín), ademais de *sartaña* (Abelleira-Muros)<sup>192</sup>. Santamarina considera que o parecido cunha *tixeira* aberta pode explicar semanticamente a denominación para estes invertebrados. Téñase en conta que *tallanta* (do lat. TALIARE “cortar”) é forma tradicional de falares fisterráns no canto do común *tixeira*.

Na Costa da Morte *tixeiras* e *tallantas* son formas comúns aínda hoxe entre os mariñeiros, como se ve neste texto de García Allut (1996: 94) relativo a Lira e a Muxía:

Ó recoller un aparello a bordo, como nos di o informante, non só pode vir peixe, senón que o acompañan, segundo onde se estea pescando, certo tipo de algas, cunchas, pedras, “tixeiras e tallantas”, etc., trazas do substrato mariño que representan unha información accesoria e útil para unha representación aproximada da imaxe do fondo<sup>193</sup>.

192. Outras denominacións son *curceta* en Cesantes, *nai do pulpo* en Caión, *pólbera macha* na Guarda, *pulpo cegho* en Sada e en Mera, *rapaconas* en Laxe, *rapacricas* en Rinlo e *sersella* en Cangas do Morrazo (Ríos Panisse 1977: 13-5).

193. O autor pon entre comiñas as “tixeiras e tallantas”, pero non explica qué son. No mesmo texto reproducido en Calo Lourido (1998c: 65) ese sintagma está en cursiva, explicándose o seu significado na nota 14: “Estrelas de mar (*Marthasterias glacialis*) e arañas de mar (*Ophicomina nigra*)”. E na reprodución do mesmo texto en Fernández Casanova (1998: 226) esas voces tamén están en cursivas, pero entre parénteses aclárase que son “estrelas de mar, ofiuras”.

Na semanal sección “Mar de fóra” de *La Voz de Galicia*, nunha nasa xornalística de Víctor Freixanes entraba *bocho* e *golfeiro* —algas ben coñecidas na Arousa— e tamén entraban *estrelas de mar*; pero na nasa do tío de Freixanes, se cadra, entraban *ghradiselas*, como entrarían nas nasas dos mariñeiros de Mogor e de Portonovo, veciños da mesma ría:

Meu tío Alfredo dicía que traballar coas nasas é coma namorar as mozas. Cómpre saber dos sitios e deitar con xeito o aparello, ben armado, unha e outra vez, sen desanimarse. As máis das veces entra bocho, golfeiro, estrelas de mar, lixo para estercar a viña. Pero de súpeto, aparece a centola, a raíña das mesas, ou a nécora, o santiaguíño, o camarón, e daquela é unha festa<sup>194</sup>.

Na versión provisoria do *VOLGa* (1990) aparece *estrelamar* e *gradicela*, aínda que ó tratarse dun listado un non sabe a qué se refire a *gradicela*. A *estrelamar* do Xerais (1993) e do Obradoiro (1995), a *estrela* e a *estrela-do-mar* de Estravís (1995), a *estrela de mar* do RAG (1997) na entrada *estrela* creo que non reflicten a visión dese equinodermo da costa galega, senón a dos lexicógrafos de lingua portuguesa e de lingua española. Así, no Porto Editora (1984) hai a entrada *estrela-do-mar*, sen ningún sinónimo; no diccionario da RAE (1994) vén unha entrada *estrellamar*, que na primeira acepción ten como sinónimo *estrella de mar*, forma esta que figura entre as da acepción (15) de *estrela*. E o mesmo no diccionario de María Moliner (1994), aínda que neste caso na entrada *estrellamar* a acepción (1) é para unha pranta e a (2) para “estrella de mar”. E nestes dicionarios só aparece *estrela* ou *estrella* porque como se indica no *Léxico de los marineros peninsulares*, os de fala castelá e catalana din *estrella* e os de fala portuguesa *estrela*, mentres que na costa galega aparecen lexemas diferentes (Alvar 1989, 4: 2325).

En Estravís (1995) a entrada *gradicela* ten sete acepcións, e precisamente a (7) designa ese invertebrado mariño: (1) “Grade” (2) “Série de balaústres ou columnas pequenas e delgadas”, etc., e así ata a derradeira acepción, (7) “Zool. Nome vulgar de un animal invertebrado mariño da familia dos equinodermes, máis coñecido por *estrela* ou *estrela-do-mar*”. No Ir Indo (1986) hai tamén unha entrada *gradicela*: “Pequena grade// Reixa pequena de confesionario, porta exterior, fiestra, etc.// Balaustrada// Estrela do mar//...”; e igualmente no *Galaxia* (1997), onde o equinodermo

194. Víctor Freixanes: “Nasas na ría”, *La Voz de Galicia* (18.7.98), 12.

aparece ó final: (1) “Reixa (fina).” (2) “Cercado, muro, valado.” (3) “(*Asterias rubens*) Cercella, estrela do mar, estrelamar, polbo cego, rapaconas *vulg*”. No Xerais (1993), no Obradoiro (1995) e no RAG (1997) non aparece a entrada *gradicela* con ningunha acepción. Esta forma xa se documenta en 1895 no *Castelo de Pambre* e na *Tecedeira de Bonaval* de López Ferreiro para referirse a unha “reixa” na igrexa dun convento; pero na Base de Datos Lexicográfica do ILG non hai ningún rexistro para o equinodermo.

Creo que unha forma como a *gradicela* da ría da Arousa e da ría de Marín e a fisterrá *tallanta* deben figurar nos dicionarios galegos (e nos libros escolares e de iniciación á lectura do galego), con total preferencia sobre a *estrela(mar)* do portugués e do castelán. No costado de leste arousán e especialmente na praia que os mariñeiros chamaban As Carballas que remata no puntal do Terrón (de aí que hoxe se coñeza a praia por este nome), sempre houbo moitas gradicelas, que se tomaban cando viñan ó limpo para comeren *espadín*<sup>195</sup>, termo que en todo o litoral galego só se usa en Cambados para o *Ensis ensis*, molusco que en moitos portos chaman *longueirón* (Ríos Panisse 1977: 125-6) ou *navalla*. E tamén se tomaban no Vao, próximo á praia das Carballas (ou do Terrón), cando viñan á ameixa ou ó berberecho escachado polos rastros de vara, despois da ceifa que comezaba en outubro.

O nome de *gradicela* con que os mariñeiros de Cambados e do Grove coñecen a *Asterias rubens* coído que non llo deron eles, senón os labregos de Vilariño, de Castrelo ou de Corvillón no caso de Cambados e de San Vicente do Mar no caso do Grove, que baixaban ás praias para na seca colleiren bochos, gholfos, correas e outros esterco mariños, e entre eles estarían esas “ghrades pequenas”; e tamén poida que os labregos as achasen cando baixaban á ribeira a mariscar. E o mesmo lles pasaría ós labregos da parroquia de Santa María de Adina ó baixaren ó argazo á praia do actual Portonovo, lugar desa parroquia de Sanxenxo. Téñase en conta que no litoral galego “labregos con fame baixaban ás praias e esporadicamente coincidían con mariñeiros á hora de mariscar” (Calo Lourido 1998a: 226); e que os diversos rastros para andar ó marisco teñen a súa orixe no angazo ou enciño —ou rastro nas nosas costas— dos labregos, usado para coller argazo nas praias

195. Hai un peixe cientificamente coñecido como *Clupea sprattus* que se denomina *espadín* en Portonovo, Escarabote, Bouzas, A Guarda, Panxón, Cangas, Cesantes, P. Morrazo, Mogor, Marín e Redondela. Ese *espadín* corresponde ó *trancha* dos portos da Ría da Arousa, da Ría de Muros e Noia e da Costa da Morte ata Corme; e á *trancha* do resto do litoral galego, de Malpica a Rinlo-Ribadeo, e mesmo nas Figueiras-Castropol (Ríos Panisse 1977: 217-8).

(p. 232); e unha maseira ou artesa puido ser inspiración para a construción da característica gamela da Guarda (Alonso 1997: 46).

A *gradicela* é un excelente fertilizante natural, como tamén o son os *pateiros* e os diferentes tipos de *argazos*, aínda que estes últimos teñen a vantaxe sobre *gradicelas* e *pateiros* de podreceren moito antes. Que a *gradicela* fose tan aprezada como fertilizante polos labregos do Salnés explica que nun porto coma o de Cambados houbera mariñeiros que noutrora se dedicasen a andar a elas para llellas vender á xente do campo.

A xente do Carril, tamén na Arousa, o que vían eran animais que lles acababan coas ostras, de aí o xa citado nome de *comeostra*, formación romance *come* + *ostra*, porque a *Asteriens rubens* se alimentaba, entre outros, dese molusco que abría coas fortes patas tentaculares<sup>196</sup>. Hoxe asóciase O Carril coa ameixa, pero hai séculos era un dos grandes criadeiros de ostras, como o era Rianxo, a vulgar polo que se di na *Descripción del reino de Galicia* (1550) do malagueño Licenciado Molina cando o autor se refire ós portos do Mar da Arousa:

*Esta Porto Novo y O Grove en su ría  
y luego en Arousa comienza Cambados,  
do mucha pescada, con otros pescados  
se salan y salen de aquí cada día.  
Y tiene vecinos a Vilargarcía,  
y a Vilanova y A Pobra delante,  
y luego O Carril, no poco triunfante  
de ser de sus ostras tan gran pesquería*<sup>197</sup>.

196. É a explicación dada por Santamarina nas anotacións etimolóxicas en Ríos Panisse (1977: 13).

197. Cito pola edición de 1998 de Supervisión y control, con introducción, transcripción, notas e comentarios de José Antonio Parrilla. A oitava citada, coa toponimia normalizada, figura na p. 104 desta edición, onde o texto en prosa que acompaña o verso é como segue: “Pasando el Portonovo y O Grove entra la ría de Arousa, que es una principal población en este Reino. El primer pueblo en su entrada es la villa de Cambados, do se saca cantidad de pescada cecial [é a pescada ou peixe semellante, seco e curado ó aire, tal como di Parrilla en nota] para muchas partes. Luego está Vilanova y, par de ella, Vilargarcía, y luego A Pobra, donde en estos mismos puertos hay la misma pesquería en que por tierra se provee toda Castilla. Está luego en esta ría otra villa que llaman o Carril, aquí hay la mayor cantidad de ostras que hay en el todo el Reino, ni en otros, y en tanta abundancia que se cargan navíos de ellas y en escabeches se provee Castilla y, por la más, mucha parte de España. Es provisión que se precia y estima por doquiera que se lleva”. Na p. 106, no texto en prosa o autor indica que Rianxo é outro dos grandes produtores de ostra (“Pasada la villa del Padrón está luego la de Rianxo, do se saca, como dijimos del Carril, gran cantidad de ostras que por mar y tierra se llevan a muchas partes”).

## VIII. FIN DA MIÑA SINGRADURA

Sirvan estas páxinas como particular homenaxe a dúas singraduras necesarias na modernización estética da nosa literatura, a dous grandes escritores arousáns coherentemente monolingües e soñadores dunha patria liberada.

Neste ano en que na figura do xornalista e poeta Roberto Blanco Torres a RAG fixo unha merecida homenaxe ós escritores e ós intelectuais asasinados ou represaliados polos vencedores da guerra civil española de 1936, permítaseme unha breve lembranza para toda a xente que sufriu a “tráxica falta de luz” e a “anguria doente” de que falaba Cabanillas en 1946 nunha carta que desde Cambados lle escribiu a Otero Pedrayo<sup>198</sup>, anguria que sufriron tantos milleiros e milleiros de galegos anónimos que nunca terán un Día das Letras para honralos. Non obstante, desde o 27 de xuño do presente ano, os galegos que despois de xullo de 1936 foron asasinados ou represaliados por defenderen a liberdade, a democracia e a dignidade teñen un monumento á súa memoria na Alameda de Tui.

E malia que é insólito dedicar un discurso de ingreso, permítaseme que remate a miña singradura neste peirao de ataque da Real Academia Galega dedicándollelo a meus pais, porque nos días finais do mes de San Xoán, nos mesmos días dos derradeiros retoques do texto do presente discurso, meus pais fixeron cincuenta anos vivindo xuntos, areando peixe e facendo moiras, e compartindo o arrecendo a resina, a fiuncho e a marusía que o agarimoso vento mareiro trae desde o Pinal de Tragove. Eles transmitíronme a única lingua que se falaba en Triana, o barrio da xente mariñeira de Fefiñáns onde me eu criei, descoñecedores de que un home probablemente desta ribeira, poida que de Rianxo ou se cadra de Sobrán, preto de Vilaxoán, chegou a ser primeiro almirante dos reinos das Españas e coa humilde lingua mariñeira das rías escribiu algunhas das cantigas máis fermosas de toda a Idade Media onde o mar é un elemento fundamental.

Dedícollelo tamén a Brais e a Irimia, que de meniños andaron por riba das “laxes fendidas da veira do mar” nas que está enraizado o zoador e barulleiro piñeiral cantado por Cabanillas, as mesmas laxes da nova ribeira onde se cadra atracou a barca milagreira de Galahaz, o cabaleiro da Táboa Redonda que despois de moito cabalgar chegou á montaña do Cebreiro-Monsalvat na procura do Sant Grial. E así mesmo, dedícollo a Airas, que xa está apren-

198. A carta, con data 3.III.46 dicía: “Non fago nada: espero. A vida é agre. Nesta cerrazón eu non vexo nada. Esta tráxica falta e luz, nos que estamos tan preto de pechar os ollos dunha vez para sempre, é unha anguria doente” (Alonso Montero 1988: 6).

dendo a saber que é unha *ghaivota*, unha *ghamela* e unha *ghradisela* e que as primeiras augas salgadas que coñeceu foron as do Mar da Arousa.

Espero que os meus fillos Brais, Irimia e Airas transmitan o idioma propio de Galicia e que sexan amablemente intransixentes no seu emprego; porque se morre este idioma que crearon e puíron xeracións de mariñeiros e de labregos, de canteiros e de artesáns e que tamén usaron reis e nobres, este recanto ibérico de granito e de xisto, de ribeiras e de bocarribeiras situado enriba de Portugal, sen dúbida ha seguir existindo igual, e mesmo poida que se siga chamando Galicia; pero sen a súa xa milenaria lingua, xa non vai ser Galicia, vai ser outra cousa ben distinta.

E xa remato esta singradura lingüístico-marítima pola obra de dous poetas unidos polas augas arousás cun ramo de loureiro, como os que de neno vía nas casas que ían abillar e vender viño con cuartillos e poxas. Son unhas verbas de Cabanillas, do final da fermosa prosa poética da longa introducción da *Antífona da cantiga*:

A língoa é o noso escudo. Ninguén, seia a que seia a forza asoballante en que se encoste e o poder de que dispoña, conquerrá trocar a espiritualidade d-un pobo nin afogar a súa fala, que é a chave da porta da súa liberdade e o facho que alumea o seu roteiro de eternidade.

Saúde e Patria.

Dixen.

A Vesada de Riba - Teo, no mes de San Xoán de 1999  
Fefiñáns - Arousa, entre o San Xusto e A Pastora de 1999

#### IX. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

ALGa (1990): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. I Morfoloxía verbal*, 2 tomos. Coordinado e redactado por F. Fernández Rei, A Coruña, Fundación P. Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.

Alonso, Eliseo (1997): *Gamelas y marineros*. Pontevedra: Servicio de Publicaciones.

Alonso Montero, Xesús (1966): “Ensayo de bilingüística. Galego e castelán fronte a fronte”, *Grial* 13 (1966), 314-33.

Alonso Montero, Xesús (1969): *O que compre saber da lingua galega*. Buenos Aires: Alborada.

Alonso Montero, Xesús (1988): “Don Ramón Cabanillas confésase con don Ramón Otero Pedrayo”, en *Ramón Cabanillas camiño adiante*. Extra de A Nosa Terra. Vigo, 4-10.

Alonso Pérez, M<sup>a</sup> del Carmen (1970): *Vocabulario mariñeiro de Escarabote*. Memoria de licenciatura (inédita). Santiago de Compostela: Universidade.

Alvar, Manuel (1985-89): *Léxico de los marineros peninsulares*, 4 vols. Madrid: Arco / Libros e Curso de Filología de Málaga.

Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria (1986): *Algúns aspectos da lingua galega de Rosalía de Castro*. Memoria de licenciatura (inédita). Santiago de Compostela: Universidade.

Aurélio (1986<sup>2</sup>) = Buarque de Holanda Ferreira, Aurélio: *Novo dicionário da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Nova Fronteira.

Bernárdez, Carlos (1991): *Guía de lectura de ‘De catro a catro’*. Vilaboa: Edicións do Cumio.

Blanco Torres, Roberto (1999): *Letras galegas*. Edición de Xesús Alonso Montero. A Coruña: Publicacións da Real Academia Galega.

Caamaño Bournacell, José (1933): *Cambados a la luz de la historia*. Santiago: Paredes.

Cabanillas, Ramón (1959): *Obra completa*. Buenos Aires: Galicia (O volume foi preparado por Francisco Fernández del Riego).

Cabanillas, Ramón (1979): *Obras completas*, vol. I e II. Edición e notas de X. Alonso Montero. Madrid: Akal.

Cabanillas, Ramón (1981): *Obras completas*, vol. III. Edición, limiar, notas e bibliografía de X. Alonso Montero. Madrid: Akal.

Cacheiro Varela, Maximino (1985): *O mar na poesía galega*. Sada / A Coruña: Ed. do Castro.

Calo Lourido, Francisco (1978): *La cultura de un pueblo marinero: Porto do Son*. Santiago de Compostela: Universidade.

Calo Lourido, Francisco (1980): *As artes de pesca*. Cadernos do Museo do Pobo Galego, 1. Santiago de Compostela.

Calo Lourido, Francisco (1996): *Xentes do mar. Traballos, tradición e costumes*. Vigo: A Nosa Terra.

Calo Lourido, Francisco (1998a): “O marisqueo. Actividades agromarítimas”, *Galicia. Antropoloxía*. Coordinación de X. M. González Reboredo. A Coruña: Hércules de Ediciones, 223-67.

Calo Lourido, Francisco (1998b): “Que sabemos das embarcacións galegas”. Suplemento *Mares e velas* de *A Nosa Terra* 850 (12.11.98), 1-3.

Calo Lourido, Francisco (coord.) (1998c): *Antropoloxía mariñeira. Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía in memoriam Xosé Filgueira Valverde. Pontevedra 10-12 de xullo, 1997*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Capelán, Antón (1996): “Un autor nunca esquecido. Da frustrada homenaxe de 1936 á de 1960”, en *Manuel Antonio. Embarcados nun cantar*. Extra de *A Nosa Terra*. Vigo, 25-46.

Carballo Calero, Ricardo (1974): “Cabanillas Enríquez, Ramón”, *Gran Enciclopedia Galega* 4, 117-20.

Carballo Calero, Ricardo (1981<sup>3</sup>): *Historia da literatura galega contemporánea 1808-1936*. Vigo: Galaxia.

Corominas, Joan / Pascual, José A. (1980-91): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, 6 vols. Madrid: Gredos.

Cotarelo Villedor, A. (1970): “La poesía del mar en el ‘Cancionero de la Vaticana’”, *Grial* 30, 463-77 (este traballo publicárase trinta anos antes na *Revista General de Marina*).

Cunqueiro, Álvaro (1976): “Ramón Cabanillas de Cambados”, *Grial* 54, 525-7.

Enríquez, M<sup>a</sup> del Carmen (1974): *Léxico de O Grove*. Anejo 3 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.

Estravís (1986) = Alonso Estravís, Isaac (dir.): *Dicionário da língua galega*, 3 vols. Madrid: Alhena.

Estravís (1995) = Alonso Estravís, Isaac (dir.): *Dicionário da língua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Felpete Lagoa, Matilde (1972): *Vida, fala e costumes de Ares*. Memoria de licenciatura (inédita). Santiago de Compostela: Universidade.

Fernández Casanova, Carmen (coord.) (1998): *Historia da pesca en Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade.

Fernández Naval, Francisco X. (1999): *O mundo da pesca na literatura galega*. Centro de Documentación Domingo Quiroga, Casa da Xuventude. Concello de Oleiros.

Fernández Pazos, Xosé M<sup>a</sup> (1998): *Sálvora. Memoria dun naufraxio. A traxedia do Santa Isabel*. Santa Uxía de Riveira: Coordenadas.

Fernández Rei, Francisco (1974): *Aproximación á vida e á fala mariñeiras de Cariño*. Memoria de licenciatura (inédita). Santiago de Compostela: Universidade.

Fernández Rei, Francisco (1977): “Notas lingüísticas sobre Fefiñáns (Cambados)”, en *Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento*, Santiago, Universidade, 287-325.

Fernández Rei, Francisco (1998): “A lingua medieval e a súa importancia na elaboración do galego moderno”, en *Actas das I Xornadas galegas de Santa Barbara* (no prelo).

Fernández Salgado, Benigno (1994): “Sobre a semántica da estandarización”, *A Trabe de Ouro* 19, 79-88.

Fernández Salgado, Benigno / Monteagudo Romero, Henrique (1995): “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, en Monteagudo, Henrique (ed.): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 99-176.

Ferreira Priegue, Elisa (1998): “O desenvolvemento da actividade pesqueira dende a Alta Idade ó Século XVII”, en Fernández Casanova, Carmen (coord.) (1998), 51-86.

Filgueira Valverde, José (1966): “Las ‘jarchas’ gallegas de Valle Inclán”, *Cuadernos de Estudios Gallegos* 21, 281-91.

Fonte, Ramiro (1988): “O poeta necesario”, en *Ramón Cabanillas camiño adiante*. Extra de *A Nosa Terra*. Vigo, 54-6.

Galaxia (1997) = Noia Campos, M<sup>a</sup> Camiño / Gómez Clemente, Xosé M<sup>a</sup> / Benavente Jareño, Pedro (coords.): *Diccionario de sinónimos da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

García, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.

García Allut, Antonio (1996): “A ‘outra’ ciencia: saberes artesanais e adaptación en dúas poboacións mariñeiras galegas”, *A Trabe de Ouro* 25, 87-101.

García Rodríguez, M<sup>a</sup> do Carmen (1973): *A poesía mariñeira de Manuel Antonio*. Memoria de licenciatura (inédita). Santiago de Compostela: Universidade.

García Rodríguez, M<sup>a</sup> do Carme (1974): “Ausencia de seseo e gheada en *De catro a catro* de Manuel Antonio”, *BRAG* 31, 21-23.

García Rodríguez, M<sup>a</sup> do Carme (1979): “Sobre a poética de Manuel Antonio”, *Homenaxe a Manuel Antonio*. Santiago: Universidade / Departamento de Filoloxía Galega, 21-33.

González, Helena (1993): *De catro a catro. Manuel Antonio*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

González González, Manuel / Fernández Rei, Francisco (1982): “Anotacións á morfoloxía de Cunqueiro”, en *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*. Santiago de Compostela: Universidade, 186-245.

González Guerra, Anxo (1981): *O idioma galego na poesía de Manuel Antonio*. Sada / A Coruña: Ed. do Castro.

González Reboredo, Xosé M. (1998): “Novo achegamento á obra de don Xosé Filgueira Valverde: Pontevedra e o mar”, en Calo Lourido (1998c), 15-28.

Guerra da Cal, Ernesto (1958): “Glosas superficiais ao tema do mar da nosa lírica primitiva”, en *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*. Vigo: Galaxia, 145-71.

Hermida, Carme (1987): “A polémica ortográfica a finais do século XIX (1888). A grafía do [j]”, *Grial* 97, 299-316.

Hermida, Carme (1992): *O dialectalismo en Celso Emilio Ferreiro*, en Álvarez, Rosario (coord.): *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*, I. Santiago de Compostela: Universidade, 301-15.

Ionescu, Christian (1999): “O romanés. Aspectos de historia externa con especial atención á súa situación fóra das fronteiras de Romanía”, en Fernández Rei, Francisco / Santamarina, Antón (eds.): *Estudios de Sociolingüística Románica. Linguas e variedades minorizadas*. Santiago de Compostela: Universidade, 445-501.

Iglesia Alvariño, Aquilino (1959): “Lengua e estilo de Cabanillas”, en Cabanillas (1959), 873-921.

Ir Indo (1986) = Feixó Cid, Xosé G. (coord.): *Dicionario da lingua galega*, 3 vols. Vigo: Ir Indo.

López Casanova, Arcadio (1990): *Luís Pimentel e ‘Sombra do aire na herba’*. Vigo: Galaxia.

Manoel-Antonio (1972): *I Poésias*. Edición, limiar e notas de Domingo García-Sabell. Vigo: Galaxia, 1972.

Manoel-Antonio (1979): *III Correspondencia (1917-1929)*. Edición, limiar e notas de Domingo García-Sabell. Vigo: Galaxia.

Manuel Antonio (1992): *Poesía galega completa*. Edición de Xosé Luís Axeitos. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1992.

Marbán, Jorge (1987): “‘De catro a catro’: A visión do mar dun poeta mariñeiro”, *Grial* 96, 229-34.

Massó y García Figueroa, José M<sup>a</sup> (1992): *Barcos en Galicia: de la prehistoria hasta hoy y del Miño al Finisterre*. Pontevedra: Diputación Provincial.

Mato Fondo, Miguel (1996): “Iconografía e cenografía románticas na poesía de Manuel Antón”, en *Manuel Antonio. Embarcados nun cantar*. Extra de A Nosa Terra. Vigo, 53-61.

Millán Otero, Xosé M. (1988): “Sobre o itinerario poético. A paixón pasiva”, en *Ramón Cabanillas camiño adiante*. Extra de A Nosa Terra. Vigo, 11-23.

Millán Otero, Xosé M. (1996): “O anuncio dos novos tempos: Ramón Cabanillas”, en Ansedo Estraviz, Alberte / Sánchez Iglesias, Cesáreo (dir.): *Historia da literatura galega*. Vigo: Asociación Socio-Pedagógica Galega / A Nosa Terra.

Moliner, María (1994): *Diccionario de uso del español*, 2 tomos. Madrid: Gredos.

Morandeira Lourés, María J. (1969): *El habla de Lage*. Memoria de licenciatura (inédita). Santiago de Compostela: Universidade.

Mörling, Staffan (1989): *As embarcacións tradicionais de Galicia*. Noia: Consellería de Pesca.



Mörling, Staffan / Otero, Xosefa (1998): “Embarcacións tradicionais”, *Galicia. Antropoloxía*. Coordinación de X. M. González Reboredo. A Coruña: Hércules de Ediciones, 53-147.

Muñoz Bacelar, Marília L. (1966): *Cambados, palabras e coisas*. Disertação de licenciatura em Filologia Românica (inédita). Lisboa: Universidade.

Obradoiro (1995) = Xove Ferreiro, Xosé (coord.): *Diccionario da lingua galega*. Vigo: Obradoiro / Santillana.

Pallarés, Pilar (1999): “Unha lectura de Manuel Antonio”, en *Clásicos e modernos. Tres leituras poéticas*. A Coruña: Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa (Universidade da Coruña), 35-58.

Pascual Fernández, José (1998): “La antropología de la pesca y el problema de la gestión”, en Calo Lourido (1998c), 145-58.

Pena, Xosé Ramón (1996a): *Manuel Antonio e a vangarda*. Sotelo Blanco: Santiago de Compostela.

Pena, Xosé Ramón (1996b): *Unha lectura de... “De catro a catro” de Manuel Antonio*. Vigo: Xerais.

Pereira, Dionisio (1996): “O mar dos galegos no tempo de Manuel Antonio”, en *Manuel Antonio. Embarcados nun cantar*. Extra de A Nosa Terra. Vigo, 14-23.

Pereira, Dionisio (1998): “Diários de a bordo para unha lembranza: As derradeiras singraduras da vela de traballo na navegación de altura”. Suplemento *Mares e velas* de *A Nosa Terra* 850 (12.11.98), 4-5.

Pintos, Xoán M. (1865?): *Vocabulario gallego*. Edición de Margarita Neira e Xesús Riveiro (Vai ser editado como anexo de *Cadernos de lingua*).

Pondal, Eduardo (1995): *Poesía galega completa I. Queixumes dos pinos*. Edición de Manuel Ferreiro. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Porto Editora (1984<sup>6</sup>) = Almeida Costa, J. / Sampaio e Melo, A.: *Dicionário da língua portuguesa*. Porto: Porto Editora.

RAE (1994<sup>21</sup>) = Real Academia Española: *Diccionario de la lengua española*. Madrid: Unigraf.

RAG (1997) = García, Constantino / González González, Manuel (dirs.): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña / Vigo: Real Academia Galega / Xerais / Galaxia.

Rei Romeu, Manuel (1988): “A recepción crítica da obra de Cabanillas”, en *Ramón Cabanillas camiño adiante*. Extra de A Nosa Terra. Vigo, 66-78.

Ríos Panisse, M<sup>a</sup> Carmen (1974): “Vida mariñeira de Sada. Contribución para un estudio lingüístico”, *Verba* 1, 181-232.

Ríos Panisse, M<sup>a</sup> Carmen (1977): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I Invertebrados y peces*. Anejo 7 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidad.

Ríos Panisse, M<sup>a</sup> Carmen (1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia II. Mamíferos, aves y algas*. Anexo 19 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.

Rivas, Manuel O’ (1997): “Deica vir a lembranza ao corazón do home”, en *Urbano Lugris “Viaxe ó redor do meu mundo”*. Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia / Auditorio de Galicia.

Rodríguez Castelao, Alfonso D. (1971): *Galicia y Valle-Inclán*. Lugo: Celta.

Rodríguez Santamaría, Benigno (1911): *Diccionario ilustrado, descriptivo, valorado, numérico y estadístico de los artes, aparejos, é instrumentos que se usan para la pesca marítima en las costas del Norte y Noroeste de España*. Madrid: Artes Gráficas ‘Mateu’.

Rodríguez Santamaría, Benigno (1923): *Diccionario de artes de pesca de España y sus posesiones*. Madrid.

Rúa Ferradás, M<sup>a</sup> do Mar (1987): “Estudio do galego en Aires d’a miña terra e no Divino Sainete”, en *Curros Enríquez: crebar as liras*. Extra de A Nosa Terra. Vigo, 67-71.

Santamarina, Antón (1995): “Norma e estándar”, en Monteagudo, Henrique (ed.): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 53-98.

Souto, Elvira (1991): “A viagem oximórica: *De catro a catro*” en Souto, Elvira: *Viagens na literatura*. Santiago de Compostela: Laiovento, 24-67.

Vázquez Varela, José M. (coord.) (1990): *El hombre y el mar en la costa suroeste de Pontevedra*. Pontevedra: Diputación.

Xerais (1993) = Ares Vázquez, M<sup>a</sup> Carme / Carballeira Anllo, Xosé M<sup>a</sup> / Iglesias Sierra, Primitivo / Lema Suárez, Xosé M<sup>a</sup> / López Fernández, Rosa: *Diccionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.

VOLGA [1990] = *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega.

RESPOSTA  
DO ILUSTRÍSSIMO SEÑOR  
DON ANTÓN SANTAMARINA FERNÁNDEZ

Señores académicos:

Correspóndeme a min a cortesía de acoller en nome da institución ó novo académico numerario don Francisco Fernández Rei, cambadés, filólogo, profesor.

Hai un refrán galego que di que para coñecer ben unha persoa hai que comer con ela non menos dunha arroba de sal; no caso de Fernández Rei e mais eu non foi exactamente sal o que compartimos (que tamén o compartimos moitas veces) pero si en cambio 25 anos, case día a día, de traballos, angueiras e utopías comúns. A miña contestación ó novo académico non é, daquela, só a protocolaria que se lle dá a un compañeiro máis, senón a que o amigo vello lle dá ó amigo máis novo.

Podería ante vostedes fachendear de que Fernández Rei é un dos meus primeiros discípulos pois a principio da miña carreira académica asistiu ás miñas clases, logo vai para dez trienios, e despois fixo non lonxe de min o seu *cursus honorum*. Pero certamente sería fachenda porque nunca tiven a sensación de ser mentor del nin académica nin ideoloxicamente; académicamente aprendeu a engalar case só desde moi novo e no outro aspecto (o da Galicia imaxinada) as ideas del e as miñas coinciden en que compartimos basicamente as de Murguía, Vilar Ponte ou Castelao. Hai en cambio unha cousa da que podemos fachendear eu e el e algúns outros do noso círculo: termos compartido un clima común dentro do daquela chamado Seminario de Filoloxía Románica (despois Departamento) e do Instituto da Lingua Galega onde vellos e novos tiñámo-la sensación de sermos colaboradores (case fundadores) de algo importante na lingüística galega e que nos estimulaba o entusiasmo. Eran tempos de iniciación e descubrimento que non se daban unicamente nos que nos dedicabamos á filoloxía. Algún día, polo que a nós toca, alguén deberá avaliar isto e tamén se o noso entusiasmo foi ben ou mal empregado; sexa como for, o caso é que ata hoxe catro membros daquel cenáculo eramos xa numerarios desta institución e hoxe, coa incorporación de Fernández Rei, somos cinco. Estou

seguro que el vén entre nós co mesmo entusiasmo co que entrara ós vinte-dous anos nas institucións que lle serviron de paso para esta.

Cando foi proposto para numerario expuxéronse ante esta corporación os seus méritos; pouco podo engadir eu aquí ó dito porque pouco tempo pasou desde aquela. Quero lembrarilles só que a maior parte da actividade académica de Fernández Rei procede de ser un namorado de “como falan os galegos”; tamén de como escriben —o discurso de hoxe é un exemplo—; non ó modo de Noriega que buscaba só os floreos estilísticos dos brañegos senón á maneira minuciosa do que está interesado tanto polo enxordecemento do *g* de *dominko* onde queira que apareza como por aclarar cabalmente cal é o trazo diferencial esencial entre unha *gamela* e unha *chalana* (que non é tanto o tipo de fondos, proas ou popas senón máis ben o tamaño ou, precisando máis aínda, o feito de a gamela ter ‘folio’ e a chalana non).

O que non sabería eu dicir é se ese interese lle vén de ter pateado toda Galicia e arredores en busca de formas e palabras para o *Atlas Lingüístico Galego* ou se se meteu na empresa do *ALGa* porque xa tiña ese interese. Fose por diante o que fose, o caso é que o novo numerario é hoxe a persoa que mellor coñece a realidade dialectal do noso país e quen nos mostrou a todos (ó mundo románico en xeral) as distintas dioceses e parroquias dialectais en que se divide o dominio lingüístico galego. No seu libro *Dialectoloxía da lingua galega* (e tamén no volume do *Atlas* coordinado por el) están tódalas isoglosas esenciais, normalmente no sentido dos meridianos pero ás veces no dos paralelos ou formando illas, que separan uns falares doutros. Dentro destas isoglosas hai unhas moi importantes, que son as que demarcan polo oriente o comezo da nosa fala; estas non entran máis que dunha maneira moi aproximativa no *Atlas*, punto aquí punto acolá, e non coa finalidade de trazar fronteiras; pois tamén estas isoglosas, aínda que indirectamente, llas debemos a Fernández Rei xa que foi el quen levou a man de Xoán Babarro e Ana Seco que as trazaron de maneira definitiva aldea por aldea, un fronte ó asturiano, a outra fronte ó leonés.

Así como a súa *Dialectoloxía* deriva do *Atlas*, da campaña do *Atlas* deriva tamén outra iniciativa na que Fernández Rei é o principal responsable: o *Arquivo do galego oral*. Son milleiros de rexistros, moitos deles xa transcritos, colleitados durante os últimos vinte e cinco anos e depositados na sede do ILG; son milleiros de horas de gravación (non hai parroquia galega que non teña a súa) en que os informantes falan libremente, ás veces con reticencias, sobre asuntos etnográficos, sucesos históricos, e non poucas veces sobre problemas persoais moi dramáticos; por esta razón

este arquivo é (sen esperármolo) moito máis ca un arquivo dialectal. Con motivo dos vinte e cinco anos da fundación do ILG el e Carme Hermida publicaron unha mostra no audiolibro *A nosa fala*.

De canto digo queda ben de manifesto o seu interese por cómo falan os galegos. A este interese engádese outro moi relacionado: cómo deberían falar. Porque así como está claro que a delicia do dialectólogo é encontrar variantes, o lingüista político sabe que a construción dunha lingua nacional non se fai senón escollendo e expurgando, porque sería monstruoso facer de cada neno galego (ou non galego) un dialectólogo. Nestas escollas ás veces participou el mesmo cando se elaboraron as *Normas* pero outras veces a escolla xa viña dada. É o que pasa coa *gheada* e co *se-seo*, trazos ben diferenciais da nosa fonética, que a tradición literaria sacrificou por un criterio estético moi discutible. É un tema no que el remoe unha e outra vez malamente resignado a este sacrificio e por iso está atento sempre a canta manifestación reivindicativa haxa da *gheada*, que non se pode dar por morta definitivamente para a lingua literaria porque agora a *gheada* emerge por onde menos se pensaba: no rock bravú e noutras manifestacións modernas e rupturistas. Quen sabe máis disto tamén é o novo académico.

A lingua literaria tanto no referido ó debate ortográfico e modelo idiomático (a *questione della lingua: questione* en italiano quere dicir ‘controversia’) como no referido á elaboración dun estándar foi analizado por Fernández Rei en varios escritos. Podemos lembrar neste sentido o minucioso estudio que dedicou á posición do galego na romanística; enténdase: non ó que é o galego como variedade románica, porque iso é o que é independentemente do que os romanistas opinen, senón o que os romanistas opinan que é o galego cos criterios que eles usan, especialmente o baseado no nivel de ‘elaboración’ da lingua, que é o máis usado desde Diez aínda que non se lle chamase así ata hai poucos anos. É interesante repasar estas opinións porque moitas veces agochan posturas ideolóxicas curiosas que van máis alá do científico, ou sexa, da verdade. Aínda así, bo é Fernández Rei para que o desmoralicen os que nos miran de arriba abaixo.

E quero lembrar finalmente outro dos temas queridos para o noso novo académico: o chamado galego exterior, é dicir, o falado nesas comarcas lindeiras que ninguén recoñece. Na tese de Babarro antes mencionada hai preguntas máis ou menos indirectas sobre a identidade e a contestación frecuente é que para os de Oviedo son galegos e para os da Galicia interior son asturianos (enténdase: os de Oviedo e os de Galicia non son só as autoridades do Principado e da Xunta). Seguramente pasa o mesmo cos gale-

gofalantes de León e de Zamora. O Rexurdimento galego, que para nós hai 130 anos que foi, está sendo agora nestas terras, pero con dificultades moito maiores cás que tiveron daquela os nosos renacentistas. Pero alí onde está o galego en dificultades (ou sexa, en máis dificultades aínda) alí está o Fernández Rei para botar unha man. Así é que non é raro velo polas terras do Navia, do Bierzo, das Portelas ou dos Tres Lugares (en Cáceres) participando en xornadas, dirixindo teses ou memorias de licenciatura sobre o galego destas terras ou simplemente dando ánimos ás asociacións de amigos da lingua ou ó solitario que fai a guerra pola súa conta. Quen queira facer unha historia da normalización do galego exterior pode acudir a Fernández Rei porque ten o mellor arquivo de favores, agravios ou simplemente noticias, referidos ás falas destas áreas desde a restauración da democracia. El mesmo, en escritos varios ten dado información de todas estas cousas, desde as estrictamente lingüísticas ás outras de carácter máis político e polémico.

Isto e moito máis estará sen dúbida no currículo que se presentou nesta Academia para elixilo numerario.

E agora permítanme un breve comentario sobre o discurso mesmo.

Lembro que o segundo libro galego que lin eu na miña vida (o primeiro fora *Aires da miña terra*) foi *No desterro* de Cabanillas. Había a edición de Lar no Instituto masculino de Lugo onde estudiaba eu quinto ou quizais sexto de Bacharelato. No primeiro poema, “Amor de neno” dedicado a unha amiguiña morta, vén un dístico que se repite dúas veces:

*¡Véu nas azas d-un morno Abril: levouna  
irto vento dun marzo!*<sup>1</sup>

Aquela palabra *azas* estragábame a interpretación da frase porque non a entendía (as *azas* está usado en sentido metafórico e nin coa redundancia da frase fun capaz, daquela, de saber que eran). Quedei tan molesto que a frase se me gravou na memoria e aínda me perdura, a pesar de que algún tempo despois aprendín o que eran as *azas*. Catro ou cinco anos máis tarde (certamente despois do 59), se cadra tendo nove ou dez anos, o neno Paco Fernández Rei batía coa mesma enigmática palabra no camposanto de Feñiñáns no epitafio (ou bitafe como se dicía antes) da campa de Cabanillas, escrito, claro está, polo morto mesmo, había 40 anos en *Vento mareiro*:

1. Na primeira edición non había *azas*.

*Quero na lousa que me dé sosego  
esta palabra que ten luz: Gallego  
e esta palabra que ten aas: Poeta.*

O desasosego que lle produciron ó rapaz cambadés as *aas* do terceto non foi menor có que me produciron a min as *azas* daquel dístico porque tamén el, despois de que o vento mareiro borrara as letras da pedra, aínda as mantén tenaces na memoria. Sería unha coincidencia graciosa se non fose que incidentes coma ese referidos ós arcanos das palabras repetíronse con moitas outras persoas en moitos outros meridianos; seguramente tódolos presentes recordan o seu primeiro desengano cunha palabra galega (eu teño algúns máis coas de Curros). E non pasa só con nós: conta Morvan Lebesque (daquela un neno aínda non bretonante) que nunha fortaleza pseudo-escocesa que había no centro de Nantes, no alto da torre, “o ollo descifraba unha inscrición estraña en letras case iguais ás do noso alfabeto. [...] Copieinas no meu caderno: AN DIANAV A ROG A CH’ANOUN e preguntéime polo seu significado. ¿Hebreo? ¿sánscrito? ¿Quizais unha desas falas exóticas dos indios traída polo armador Crésus? Finalmente alguén me explicou rindo que era bretón e quería dicir *L’inconnu me dévore*”. Aquele letreiro e o seu contido cambiaron a súa vida. No noso caso seguramente o impacto non foi tan forte coma no caso do neno Lebesque entre outras razóns porque as palabras *azas* ou *aas* non levan unha mensaxe devoradora tan forte como as da frase bretona pero si que o desasosego que nos produciron aquelas palabras galegas, do idioma que nós falabamos, quedou roendo na nosa consciencia de maneira permanente; por iso non é, se cadra, casual que el e eu nos dediquemos ás palabras galegas e el estea aquí lendo un discurso sobre a lingua de Cabanillas e eu lle estea contestando.

Claro que para el Cabanillas ten outro significado que para min porque o vello poeta, esperando a lousa que lle dese sosego, paseaba as mesmas rúas có rapaz Paco e mesmo se tropezarían moitas veces, sen vérense, compartindo aquel “Cambados, probe e fidalgo e soñador que, ó cantareiro son dos pinales y-ó agarimo dos seus pazos lexendarios, dorme deitado ó sol á beira do mar!”; é dicir, compartiron unha mesma Arcadia infantil, onde ambos aprenderon a dicir *dorna, salsear, asio, cón, Nai e Señora*. A unha legua de Cambados, da outra banda da ría, en Asados, á beira do 1900, outro rapazolo aprendía as mesmas palabras e ademais, polo libro, outras como *travesía, escamallo, constelación, circunmeridián, naufraxio*.

Sería pola miña parte un atrevemento discutirle a Fernández Rei cousa ningunha da análise que fai da lingua de Cabanillas e da de Manuel Anto-

nio, e menos aínda no que se refire á pegada da lingua da Arousa nestes dous escritores. O que se di no discurso vai todo á misa. Podo se cadra engadir unhas observacións complementarias desde a perspectiva dun lector que accedeu ás obras dos dous autores desde outro substrato lingüístico.

A primeira vez que lin a Cabanillas eu aínda non era dialectólogo e pouco máis galego tiña oído có da Fonsagrada e de Lugo cidade; as miñas lecturas galegas, como dixen reducíanse a *Aires da miña terra*. Con todo, sen educación literaria ningunha, percibín que aquela lingua escrita era a miña; a dicir verdade moito máis miña cá de Curros (e cá de Pondal ou Rosalía, ós que cheguei algo despois). E máis adiante fun caendo na conta de por que: porque Cabanillas, partindo do seu galego comarcal, rico e enxebre en solucións léxicas e sintácticas, soubo liberalo do municipalismo lingüístico, visible aínda (era seguramente inevitable) en moitos autores precedentes. O “pulimento” a que somete as súas obras a partir de 1926 acentúa esa vontade de construír unha lingua nacional común libre de resabios localistas. En certa maneira, neste sentido, o significado de Cabanillas como *language builder* é paralelo ó de Verdaguer co catalán; mossèn Cinto (cóntrao Fuster) tamén partiu do seu catalán dialectal, arcaizante e rico da Plana de Vic, pero filtrado de localismos exclusivistas. (É curiosa esta coincidencia con Verdaguer, que non é única porque tamén desde o punto de vista literario —poetización de lendas relixiosas medievais— recorreron camiños comúns; e a coincidencia non debe ser casual porque Verdaguer foi un dos primeiros poetas de alleas terras vertidos ó galego polo noso poeta). Un devoto dos clásicos non podía senón producir unha lingua clásica. Ademais, como tiña un gran talento para facer versos, os seus poemas eran como “milagres automáticos” da lingua, igual có de Carner. Por iso pronto lle foi recoñecido o seu papel como fabricante dun estándar: “O Cabanillas fai o que que quere coa nosa léngua; dalle estado de eternidade” (Risco - 1926). Dixérono tamén Carballo e Iglesia Alvariño con palabras parecidas pero menos concisas e exactas.

Nos anos 70 e 80 a lingua galega someteuse a un proceso de codificación (para ser exactos a varios, pero o que nos interesa aquí é o académico). Neste proceso operouse con varios criterios, o principal o do purismo (para o que se contaba coas chaves da gramática histórica e o dicionario histórico e etimolóxico); outro, o da tradición literaria de determinadas solucións; outro, o da representatividade xeográfica das variantes; outro, o de evitar formas fabricadas; na introducción das *Normas* expóñense estes criterios e nas mesmas *Normas* e en varios dicionarios fornécense as solucións adecuadas. Lembren que nesta codificación hai determinados aspec-

tos que son estritamente convencionais (por ex. a maneira de representa-lo son /ŋ/ ou o son /j/) que só afectan ó soporte gráfico da lingua, que é moi secundario (aínda que é xeralmente o máis sacralizado); e hai outros que son esenciais porque afectan ó patrimonio da lingua mesma: a morfoloxía, a sintaxe e o léxico. Pois ben, se prescindimos do aspecto ortográfico e se nos fose lícito facelo (porque a lingua galega puido terse codificado con outros criterios) a lingua de Cabanillas aguanta perfectamente a proba das normas. Qué importa un vulgarismo aquí, un hiperenxebismo acolá, unha ultracorrección máis aló, e certas vacilacións un pouco por todo. O que importa é que coas ferramentas de que naquel momento dispuña (derivadas da súa formación humanística e da tradición literaria previa) así como do acusado sentido idiomático que posuía, Cabanillas logrou unha lingua supradialectal e elegante; deulle “estado de eternidade” coma ninguén antes ca el lle dera e moi poucos despois del lle deron. Por iso desde a primeira vez que o collín nas mans percibín que aquel galego era o meu e entroume dentro coma unha gasosa (a pesar das *azas*). Ó contrario do que me pasou con Otero, con quen me atrevín tamén sendo estudante de sexto, co *Señorito da Reboraina*, a única obra del dispoñible nas librerías e que me defraudou tanto coma a primeira cervexa que tomei non só polo dificultoso dos contidos (aínda hoxe agradezo edicións con notas) senón pola súa linguaxe exótica onde *langranotes foreiros morneaban as canivelas* (as catro palabras viñan así, unha tras doutra na páxina 2); certamente, tanto como Otero defraudoume o dicionario que comprara para desentrañalo, o Ibáñez, porque a maioría do que eu ignoraba faltaba nel.

Por iso non sei se lle podo perdoar a Francisco Fernández Rei que meta a lingua de Cabanillas diante dos instrumentos do seu laboratorio e lle faga a proba do ADN de maneira tan minuciosa en busca de paternidades. Din que Meyer-Lübke, o maior romanista que houbo, comentaba cos seus alumnos de Bonn textos das orixes da literatura italiana: por qué MEDIU dá neste autor *mezzo* e no outro *meggio*; pero a Dante sempre lle perdoou esta carnicería que facémo-los filólogos cos textos literarios; era “troppo bello”. No noso caso ó mellor non podemos ser tan respectuosos como Meyer-Lübke (Migliorini non o foi con Dante nin Lapesa con Garcilaso) pero iso non quita que a min me pareza algo de sacrilexio facerlle esa disección (que sempre é un pequeno xuízo: qué palabras usou ben e cuáles outras mal) a un mestre venerado.

E agora vaíamos con Manuel Antonio. Así como Cabanillas me lembraba a Verdaguer (e tamén moito a Maragall e a Carner) Manuel Antonio, a quen visitei moito máis tarde, lémbreme a Papasseit co que ten un para-

lismo sorprendente, ideolóxico e biográfico: tiveron unha formación case autodidacta, ambos eran filo-anarquistas, os dous foron vangardistas e redactores de manifestos (*Contra els poetes amb minúscula, ¡Máis alá!*), e aínda outras; e por encima os dous morreron de tuberculose ós trinta anos (Papasseit en 1924, Manuel Antonio en 1930) cunha obra que era moito máis ca unha promesa pero podía ter sido grandiosa de teren alcanzado vida completa. Eu non son especialista en vangardismos nin é esta a hora de estenderse nestas consideracións literarias pero, aínda así, hai que ter en conta que moitas das diferencias lingüísticas dos dous poetas aousáns derivan da súa formación e da súa estética. Quizais tamén da súa facilidade verbal.

No manifesto de Manuel Antonio hai unhas palabras dedicadas á “lingua literaria” que poden axudar a comprender-la súa postura: “... comenzamos pola mais agresiva intransixenza na fala. Unha fala que non estea pervertida por académicos nin por puristas; que non sofrise os estancamentos de verdugos armados de gramática que a emparedasen nun feixe de regras como quen garda un mito en sete huchas concéntricas, terá que ser unha fala de inmellorabes posibilidade porque o seu estado ceibe permitiralle axeitarse a tódalas novidades, a tódolos variamentos porviristas que tome o noso gosto. E consentiralle o seu indeliñamento ser cicelado de xeito que ela sexa un instrumento do artista e non un escravo dela”. (Díaz Pardo aínda estaba no berce e non puido firmar este manifesto con Manuel Antonio e Cebreiro). Son palabras “bonitas” que hai que xustificar máis pola intención que levan ca polo sentido literal que teñen pois é ben sabido que na lingua non caben revolucións coma na arte (a lingua non a fan os artistas senón a xente común) nin é posible promover cambios conscientes nela máis que os que os reformadores logren introducir polo ensino; os outros cambios son anónimos e inconscientes. Porque a lingua é un código estable (para o que no tramo da vida dun home se pode observar) onde non caben subversións. Manuel Antonio confunde a gramática coa poética e por iso o seu chamamento é inútil e, se nos apuran un pouco, mesmo hai que dicir que bastante antipatriótico, porque ó que debe aspirar un pobo que quere unha lingua emancipada (“a nosa lingua é nosa”) é a que esa lingua sexa común.

Afortunadamente o disparate proposto por Manuel Antonio non o cumpríu el mesmo porque acabaría sendo un segundo Xan da Coba. A non ser que a súa proposta se reducise simplemente a reivindicar-lo dereito a adoptar neoloxismos á súa maneira, usar dialectalismos, lusismos ou hiperenxebriños e así por diante. Pero neste sentido temos que dicir que non era

nada “orixinal” porque fai uso de todas estas liberdades máis ou menos na mesma proporción que Cabanillas (se cadra algo máis) ou que calquera outro escritor galego dos 20, falante nativo e minimamente educado.

Hai que recoñecer, con todo, que a lingua de Manuel Antonio é bastante diferente da de Cabanillas pero iso deriva de que neste abunda máis a palabra patrimonial e no poeta de Rianxo cultismo ou neoloxismo. Véxase a seguinte estrofa tomada case ó azar de *De catro a catro* onde das doce palabras que hai (quitadas as gramaticais) só seis son patrimoniais: *pendurados, horas, están, tatexan, pipas e bandeiras*; as outras seis son modernismos de variada orixe: *atlas, xeográficos, esperantos, traducción e políglotas*. (A estrofa pertence a un poema titulado “Navy bar”):

*Pendurados das horas  
atlas xeográficos d'esperantos  
están sin tradución.  
E tatexan as pipas  
c'o ademán políglota das bandeiras.*

Podería pensarse que a temática e o vangardismo estético de Manuel Antonio xustifican a diferenza idiomática entre os dous autores que comentamos; sen dúbida é ese o caso de Manuel Antonio, pero non é necesariamente así en tódolos vangardismos; Foix é tan vangardista coma Manuel Antonio e usa predominantemente verbas de vella alcuña. O que é sorprendente é que con esas palabrería propia da prosa científica o noso poeta puidese crear unha imaxinería poética de tan alta calidade.

Isto é o que eu, desde a miña experiencia persoal podo engadir á parte do discurso referido á lingua dos dous poetas da ría. Pero o discurso aínda ten outras dúas partes: o mar na literatura galega (e en especial nos dous autores que nos ocupan) e o mar na lexicografía galega (en especial algúns exemplos de palabras tomadas dos mesmos dous autores). En ámbolos casos anota o novo académico a pouca presenza de mar.

Na literatura galega hai pouco mar, dise no discurso, aínda en Cabanillas, que naceu á beira del. Sorpréndense mesmo algúns que séndomos un pobo tan mariñeiro non teñamos unha “épica do mar”. Pois eu digo, se entendemos esta épica como grandes navegacións, guiadas por intrépidos capitáns, acompañadas de conquistas e matanzas de indios eu estou contento de que non a teñamos; de feito creo que estamos incapacitados historicamente para tela pois cando o noso grande poeta épico, Pondal, tratou de facer unha “Galiciada” non atopou heroe nacional e acabou cantando a

grandeza da monarquía española a través dun heroe xenovés ou mallorquino; seguramente por iso decidiu Pondal deixa-los “Eoas” dentro da maleta para sempre e nós tardamos máis de cen anos en sacalos dela. Ora, se se entende por “épica” a loita do mariñeiro cos vagallóns de Terranova ou Islandia, en busca do fletán e do bacallao, aí xa non me meto, aínda que desta épica xa vai habendo bastante na literatura.

A outra queixa do autor do discurso é pola escaseza de traballos sobre “palabras e cousas” do mar galego e tamén sobre a pouca habilidade que nos dámo-los lexicógrafos e escritores para habilitar palabras nosas (ou simplemente definilas ben) fronte ós castelanismos ou internacionalismos. De feito, ata hai pouco foron estranxeiros (e, se non, galegos do interior) os máis interesados por esta parcela da vida material dos galegos. Pola miña parte non sei se é suficientemente xustificada esta queixa porque referente a estudos sobre a nosa etnolingüística tan atrasados estabamos ata hai pouco nas cousas do mar coma nas da terra. De Sarmiento para atrás non hai nada, Sarmiento interesouse por un igual dos dous aspectos, polos anos 30 deste século viñeron os alemáns de Hamburgo tanto ó mar coma á terra e a partir dos anos 70 hai estudiosos galegos que traballan ámbalas leiras; de maneira que hoxe contamos xa cun corpus numeroso de estudos, tanto do etnógrafo como de naturalistas e lingüistas, entre eles do novo académico. Outra cousa é a normalización dese vocabulario, tomada pouco en consideración tanto por nosoutros os lexicógrafos cando facemos propostas normativas (ou simplemente definimos unha verba) coma polos usuarios, en especial os escritores, que prefiren a comodidade do castelanismo ou internacionalismo á forma enxebre. Por iso hai que tomar en consideración o que di o novo académico (e son só exemplos) da *traíñeira*; das *dornas*, *chalanas e gamelas*; de *couso e arca*; de *encher e devallar*; de *rifar*; da *melfa*; de *arear*; da *gradicela*.

Por fortuna esta Academia conta desde hoxe cun novo membro que ten o prurito da exhaustividade e do perfeccionismo nisto e en todo o que acomete e que vai botar unha man para que o noso traballo sexa máis eficaz de aquí para diante.

Dixen.

Este libro,  
Ramón Cabanillas, Manuel Antonio  
e o mar da Arousa,  
rematouse de imprimir  
o 20 de setembro de 1999

## ÍNDICE

DISCURSO DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR	
DON FRANCISCO FERNÁNDEZ REI.....	7
I. LAUDATIO DE DON XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE .....	12
II. XUSTIFICACIÓN E LIMIAR DO DISCURSO .....	15
III. TRADICIÓN E MODERNIDADE EN CABANILLAS, VANGARDISMO EN	
MANUEL ANTONIO .....	24
1. Cabanillas, o “poeta arelado” .....	24
2. Manuel Antonio, provocador e rupturista .....	26
3. Antietimoloxismo, anticastelanismo, enxebrismo .....	28
IV. A LINGUA DE CABANILLAS.....	31
1. Galego oral de Cambados (e da Arousa) .....	33
1.1. Morfoloxía nominal .....	33
1.2. Morfoloxía verbal .....	34
1.3. Seseo .....	37
1.4. Gheada e grupos -ng-, -nc- .....	39
1.5. Léxico .....	41
2. Tradición literaria e rexeneracionismo: os arcaísmos .....	46
3. Enxebrización e “descastelanización” .....	48
3.1. Diferencialismos .....	48
3.2. Hipergaleguismos e popularismos.....	51
3.3. Castelanismos .....	53
4. Puimento nas obras posteriores a 1921: o influxo da lingua portuguesa..	55
4.1. Innovacións morfolóxicas .....	55
4.2. Empréstimos léxicos do portugués .....	56
4.3. Cultismos, galicismos e outros empréstimos.....	61



V. A LINGUA DE MANUEL ANTONIO .....	62
1. Galego oral de Rianxo (e da Arousa) .....	62
2. Tradición literaria e enxebrismo .....	65
3. Influencia da lingua portuguesa .....	66
4. Marea léxica modernizadora .....	68
VI. MOITA COSTA, “POUCO” MAR .....	71
1. A “escaseza” de mar na cultura galega .....	71
1.1. O mar dos lingüistas e o dos naturalistas e antropólogos .....	72
1.2. O mar e os dicionarios .....	75
1.3. O mar e a literatura .....	77
1.3.1. O mar na poesía .....	78
1.3.2. O mar no teatro .....	80
1.3.3. O mar na narrativa .....	81
1.3.4. Todo mar é Galicia: o Grand Sole na literatura dos 90.....	82
2. Cabanillas, a contemplación dun mar con ribeiras, dornas e barcas, e Sálvora na boca da ría.....	84
2.1. O mar con ribeiras e desde o peirao .....	85
2.2. O mar soñado con barcas e naos.....	88
3. Manuel Antonio, a liberdade nun mar irreal “sin ribeiras nin costas” ....	90
3.1. Unha singradura cara á liberdade .....	90
3.2. A navegación a vela e a morse.....	94
VII. O NECESARIO (E URXENTE) SOMORGULLO NA LINGUA LITERARIA E NA LINGUA DO MAR .....	98
1. A necesidade do Gran Dicionario da Lingua Galega .....	98
2. A necesidade de mergullarse na auga salgada.....	102
2.1. Traíñeira e traíña; motor, cerco (de xareta) e tarrafa .....	103
2.2. Dorna, chalana e gamela .....	106
2.3. Babor e estribor, couso e arca .....	109
2.4. Encher e devalar, preamar e baixamar .....	112
2.5. Rifar .....	114
2.6. Medusa e melfa .....	115
2.7. Arear .....	118
2.8. Estrela de mar, tallanta e gradicela .....	118
VIII. FIN DA MIÑA SINGRADURA .....	123
IX. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS .....	124
 RESPOSTA DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON ANTÓN SANTAMARINA FERNÁNDEZ.....	  133